



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 192
30 de abril de 2025

Fascículo 1

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.2. Comunicaci3ns da Xunta de Galicia

1.3.2.1. Debate de pol3tica xeral

1.3.2.1.2. Resoluci3ns aprobadas

Resoluci3ns subseguintes ao debate anual de pol3tica xeral sobre a situaci3n pol3tica da Comunidade Aut3noma de Galicia do 23 de abril de 2025 [80544](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposici3ns non de lei

1.3.6.1. Proposici3ns non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposici3ns presentadas

Admisi3n a tr3mite polo procedemento de urxencia e publicaci3n

I 24370 (12/PNP-001928)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pont3n Mondelo, Ana Bel3n e 24 m3is

Sobre determinadas estratexias que o Goberno galego debe impulsar para facer fronte ao impacto da pol3tica arancelaria estadounidense no tecido produtivo da econom3a galega [80571](#)

Admisi3n a tr3mite e publicaci3n

I 23984 (12/PNP-001899)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, Mar3a Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a demanda 3 Xunta de Galicia dunha partida orzamentaria para 2026 co fin de incorporar cen prazas de psic3logos/as cl3nicos aos centros de sa3de de atenci3n primaria [80581](#)

I 23995 (12/PNP-001900)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e L3pez Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida 3 Xunta de Galicia co obxecto de que leve a cabo obras de reforma na estrada AC-453 entre Roxos e Portodemouros para mellorar a seguridade viaria [80581](#)

I 24000 (12/PNP-001901)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 m3is

Sobre os informes que o Goberno galego debe presentar na C3mara verbo das actuaci3ns que prev3 levar a cabo en Ferrol en materia de residencias p3blicas de maiores [80583](#)



I 24008 (12/PNP-001902)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co fomento do consumo de peixe e produtos do mar

[80586](#)**I 24020 (12/PNP-001903)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Baladrón Lamas, Victor Manuel e 9 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que se instale un ascensor para facilitar o acceso ás plataformas de embarque da estación ferroviaria de Portas de Galicia, na Gudiña

[80590](#)**I 24026 (12/PNP-001904)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a información da que debe dar conta a Xunta de Galicia en relación coas accións de cohesión turística en destino (ACD) que puxo en marcha

[80592](#)**I 24093 (12/PNP-001905)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha á vista das conclusións e recomendacións do Consello de Contas contidas no seu informe sobre a Conta xeral das entidades locais correspondente a 2023

[80595](#)**I 24098 (12/PNP-001906)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que poña en marcha o antes posible o Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030

[80602](#)**I 24100 (12/PNP-001907)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre a mensaxe trasladada pola Xunta de Galicia aos centros de ensino de Redondela relativa ao cambio de nome do festival *ArteLixo*, que se transformou este ano en *AltriLixo*

[80604](#)**I 24107 (12/PNP-001908)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no que atinxe ao impulso da investigación e do aproveitamento dos recursos mineiros e das materias primas estratéxicas

[80607](#)**I 24126 (12/PNP-001909)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 8 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reclame a transferencia das competencias en materia de permisos de residencia e de traballo para migrantes [80610](#)

I 24130 (12/PNP-001910)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e 6 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relacionadas co obxectivo de mellorar as condicións da loita contra o narcotráfico en Galicia [80612](#)

I 24186 (12/PNP-001911)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as accións que debe levar adiante o Goberno galego para o impulso do sector da mazá en Galicia, singularmente na comarca da Estrada [80614](#)

I 24217 (12/PNP-001912)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación coa execución do programa orzamentario 322A, relativo ao fomento da empregabilidade [80619](#)

I 24222 (12/PNP-001913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación coa execución do programa orzamentario 323A, relativo á formación profesional para desempregados [80621](#)

I 24227 (12/PNP-001914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación coa execución do programa orzamentario 323B, relativo á formación profesional para ocupados [80623](#)

I 24236 (12/PNP-001915)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda ao Goberno galego da presentación na Cámara dun proxecto coas medidas necesarias para o reforzamento dos medios de loita contra os incendios forestais no territorio da comunidade autónoma [80625](#)

I 24249 (12/PNP-001916)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda ao Goberno galego da substitución do actual modelo de defensa contra os incendios forestais, baseado na constitución de brigadas municipais, por un servizo único de xestión autonómica [80628](#)



I 24254 (12/PNP-001917)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa axilización dos trámites para a homologación dos títulos universitarios estranxeiros [80630](#)

I 24259 (12/PNP-001918)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Mouzo Mas, Paula e 7 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relacionadas co obxectivo de mellorar as condicións da loita contra o narcotráfico en Galicia [80632](#)

Proposicións non de lei en Pleno corrixidas**Admisión da corrección e publicación****I 22703 (12/PNP-001840)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego dun informe relativo ao proxecto para a extracción de litio e outros minerais en Doade, Beariz, designado como estratéxico pola Comisión Europea [80635](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**1.3.6.2.1. Proposicións presentadas****Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación****I 23983 (12/PNC-002209)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha partida orzamentaria para 2026 co fin de incorporar cen prazas de psicólogos/as clínicos aos centros de saúde de atención primaria [80636](#)

I 23994 (12/PNC-002210)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que leve a cabo obras de reforma na estrada AC-453 entre Roxos e Portodemouros para mellorar a seguridade viaria [80639](#)

I 24001 (12/PNC-002211)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis**

Sobre os informes que o Goberno galego debe presentar na Cámara verbo das actuacións que prevé levar a cabo en Ferrol en materia de residencias públicas de maiores [80641](#)

I 24007 (12/PNC-002212)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co fomento do consumo de peixe e produtos do mar [80644](#)

I 24018 (12/PNC-002213)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baladrón Lamas, Victor Manuel e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que se instale un ascensor para facilitar o acceso ás plataformas de embarque da estación ferroviaria de Portas de Galicia, na Gudiña [80648](#)

I 24027 (12/PNC-002214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a información da que debe dar conta a Xunta de Galicia en relación coas accións de cohesión turística en destino (ACD) que puxo en marcha [80650](#)

I 24092 (12/PNC-002215)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha á vista das conclusións e recomendacións do Consello de Contas contidas no seu informe sobre a Conta xeral das entidades locais correspondente a 2023 [80653](#)

I 24097 (12/PNC-002216)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 7 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que poña en marcha o antes posible o Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 [80660](#)

I 24101 (12/PNC-002217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a mensaxe trasladada pola Xunta de Galicia aos centros de ensino de Redondela relativa ao cambio de nome do festival *ArteLixo*, que se transformou este ano en *AltriLixo* [80662](#)

I 24106 (12/PNC-002218)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no que atinxe ao impulso da investigación e do aproveitamento dos recursos mineiros e das materias primas estratéxicas [80665](#)

I 24109 (12/PNC-002219)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis

Sobre os informes que o Goberno galego debe presentar na Cámara en relación co proxecto e coas obras da fase final do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol [80668](#)



I 24125 (12/PNC-002220)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 8 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reclame a transferencia das competencias en materia de permisos de residencia e de traballo para migrantes [80671](#)

I 24129 (12/PNC-002221)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Mouzo Mas, Paula e 6 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relacionadas co obxectivo de mellorar as condicións da loita contra o narcotráfico en Galicia [80673](#)

I 24185 (12/PNC-002222)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e 2 máis**

Sobre as accións que debe levar adiante o Goberno galego para o impulso do sector da mazá en Galicia, singularmente na comarca da Estrada [80675](#)

I 24216 (12/PNC-002223)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación coa execución do programa orzamentario 322A, relativo ao fomento da empregabilidade [80680](#)

I 24221 (12/PNC-002224)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación coa execución do programa orzamentario 323A, relativo á formación profesional para desempregados [80682](#)

I 24226 (12/PNC-002225)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación coa execución do programa orzamentario 323B, relativo á formación profesional para ocupados [80684](#)

I 24235 (12/PNC-002226)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre a demanda ao Goberno galego da presentación na Cámara dun proxecto coas medidas necesarias para o reforzamento dos medios de loita contra os incendios forestais no territorio da comunidade autónoma [80686](#)

I 24248 (12/PNC-002227)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre a demanda ao Goberno galego da substitución do actual modelo de defensa contra os incendios forestais, baseado na constitución de brigadas municipais, por un servizo único de xestión autonómica [80689](#)

I 24253 (12/PNC-002228)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa axilización dos trámites para a homologación dos títulos universitarios estranxeiros [80691](#)

I 24258 (12/PNC-002229)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e 7 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relacionadas co obxectivo de mellorar as condicións da loita contra o narcotráfico en Galicia [80693](#)

Proposicións non de lei en comisión corrixidas

Admisión da corrección e publicación

I 22704 (12/PNC-002138)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun informe relativo ao proxecto para a extracción de litio e outros minerais en Doade, Beariz, designado como estratéxico pola Comisión Europea [80696](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

I 23982 (12/INT-000945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre os recursos asistenciais da sanidade pública dedicados á saúde mental e a incorporación de psicólogos/as clínicos á atención primaria [80697](#)

I 24028 (12/INT-000946)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a política turística da Xunta de Galicia e o desenvolvemento das accións de cohesión en destino (ACD) [80700](#)

I 24091 (12/INT-000947)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago



Sobre as conclusións do Consello de Contas contidas no Informe de fiscalización da Conta xeral das entidades locais correspondente a 2023 [80702](#)

I 24105 (12/INT-000948)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a liberdade pedagóxica e de opinión nos centros públicos de ensino e a actitude adoptada pola Xunta de Galicia ante a participación dos centros redondeláns no festival ArteLixo deste ano

[80708](#)

I 24184 (12/INT-000949)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a produción de mazá en Galicia e o estado deste sector na Estrada

[80712](#)

I 24247 (12/INT-000950)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a eficacia do actual modelo de defensa contra os incendios forestais impulsado pola Xunta de Galicia

[80717](#)

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

I 23986 (12/POP-003547)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as previsións orzamentarias que ten o Goberno galego para 2026 en relación coa incorporación de psicólogos/as clínicos á atención sanitaria primaria

[80720](#)

I 23997 (12/POP-003548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre as condicións da estrada AC-253 entre Roxos e Portodemouros en canto á súa seguridade viaria

[80723](#)

I 23999 (12/POP-003549)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a marxe de tempo coa que se presenta o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

[80725](#)

I 24002 (12/POP-003550)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis



Sobre as previsións respecto da posta en servizo da residencia pública de maiores construída pola Fundación Amancio Ortega no concello de Ferrol [80727](#)

I 24003 (12/POP-003551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as obras previstas para a actualización das infraestruturas e dos servizos da residencia pública de Laraxe, no concello de Cabanas [80729](#)

I 24004 (12/POP-003552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as obras previstas para a actualización das infraestruturas e dos servizos da residencia pública de Caranza, no concello de Ferrol [80731](#)

I 24014 (12/POP-003553)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis

Sobre as previsións respecto da posta en servizo da conexión Ferrol-Ortigueira a través da vía de alta capacidade Costa Norte [80733](#)

I 24029 (12/POP-003554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o grao de execución das distintas convocatorias que puxo en marcha a Xunta de Galicia de accións de cohesión turística en destino (ACD) [80736](#)

I 24096 (12/POP-003555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a execución por parte do Goberno galego das partidas orzamentarias destinadas ao financiamento das entidades locais no exercicio correspondente a 2023 [80738](#)

I 24103 (12/POP-003556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a actitude adoptada pola Xunta de Galicia en relación coa participación dos centros de ensino de Redondela na edición deste ano do festival ArteLixo [80744](#)

I 24113 (12/POP-003557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o estado en que está a redacción do proxecto da primeira fase da variante da circunvalación de Carballo [80747](#)

I 24115 (12/POP-003558)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis



Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación co anunciado proxecto de construción dunha senda peonil na estrada PO-352 entre Camposancos e A Guarda [80751](#)

I 24122 (12/POP-003559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo do cumprimento das resolucións que demandan a declaración da casa natal de Carbalho Calero, en Ferrol, como zona de especial necesidade de rehabilitación (ZER) [80754](#)

I 24128 (12/POP-003560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á construción, en colaboración co Concello de Pontevedra, da vía coñecida como variante de Alba [80758](#)

I 24132 (12/POP-003561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre o grao de execución do Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica 2009-2015 (Plan MOVE) [80761](#)

I 24146 (12/POP-003562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a oposición dunha parte da veciñanza á tramitación do polígono agroforestal de San Miguel de Valga [80763](#)

I 24188 (12/POP-003563)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co impulso do sector da mazá na comarca da Estrada [80766](#)

I 24195 (12/POP-003564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre o estado en que está a tramitación do proxecto para a instalación da fábrica de pneumáticos de Sentury Tire Spain S. L. U. no concello das Pontes [80770](#)

I 24219 (12/POP-003565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución do programa orzamentario 322A nos últimos dez anos, relativo ao fomento da empregabilidade [80774](#)



I 24224 (12/POP-003566)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución do programa orzamentario 323A, relativo á formación profesional para desempregados

[80775](#)

I 24229 (12/POP-003567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución do programa orzamentario 323B, relativo á formación profesional para ocupados

[80776](#)

I 24238 (12/POP-003568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a distribución e o reforzamento dos medios con que conta o dispositivo de loita contra os incendios forestais

[80777](#)

I 24241 (12/POP-003569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas xerados na estrada AC-440, á entrada da vila de Muxía, polos depósitos de area provenientes da praia da Cruz

[80780](#)

I 24244 (12/POP-003570)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a postura que ten a Xunta de Galicia en relación co proxecto de prolongación da autovía AG-31 ata a fronteira portuguesa

[80782](#)

I 24246 (12/POP-003571)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a mellora do transporte público por estrada baixo demanda

[80785](#)

I 24251 (12/POP-003572)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o funcionamento do modelo de defensa contra os incendios forestais baseado na constitución de brigadas municipais

[80788](#)

I 24257 (12/POP-003573)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 4 máis

Sobre a calidade da conexión ferroviaria entre as cidades de Lugo e Ourense

[80790](#)



Preguntas orais en Pleno corrixidas

Admisión da corrección e publicación

■ 22705 (12/POP-003445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do interese do proxecto mineiro de Doade, no concello de Beariz

[80793](#)

■ 22706 (12/POP-003446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o estado en que está a tramitación do proxecto mineiro de Doade ante a Consellería de Economía e Industria

[80794](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.2. Comunicaci3ns da Xunta de Galicia

1.3.2.1. Debate de pol3tica xeral

1.3.2.1.2. Resoluci3ns aprobadas

Resoluci3ns subseguintes ao debate anual de pol3tica xeral sobre a situaci3n pol3tica da Comunidade Aut3noma de Galicia do 23 de abril de 2025

O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesi3n do d3a 23 de abril de 2025 aprobou, no punto 3nico da orde do d3a (Debate anual sobre pol3tica xeral, doc. n3m. 24009, 12/DEBA-000001), as seguintes resoluci3ns:

1ª resoluci3n

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir que as v3as de titularidade auton3mica integradas en zonas urbanas sexan obxecto de cesi3n aos concellos, nos casos en que a s3a funcionalidade o permita, unicamente logo de que os termos da cesi3n sexan pactados entre a Xunta e o concello correspondente, de acordo cos criterios t3cnicos e coas necesidades de mobilidade e seguridade cidad3a.»

Aprobada por 41 votos a favor, 9 en contra e 25 abstenci3ns.

(Resoluci3n resultante da transacci3n entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto verbo da proposta de resoluci3n n3m. 1 do G. P. Mixto)

2ª resoluci3n

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a po3er en valor os centros hist3ricos e os barrios degradados das cidades galegas, promovendo a rexeneraci3n urbana e a recuperaci3n do patrimonio arquitect3nico.»

Aprobada por 50 votos a favor, ning3n en contra e 25 abstenci3ns.

(Resoluci3n resultante da transacci3n entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto verbo da proposta de resoluci3n n3m. 9 do G. P. Mixto)

3ª resoluci3n

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar con programas a mellora de espazos p3blicos en contornos urbanos degradados, promovendo a inclusi3n social e a recuperaci3n do espazo para a cidadan3a.»

Aprobada por 50 votos a favor, ning3n en contra e 25 abstenci3ns.



(Resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto verbo da proposta de resolución núm. 22 do G. P. Mixto)

4ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar axudas destinadas aos agricultores e gandeiros afectados pola posible declaración de zonas vulnerables, no caso de que finalmente haxa que as declarar, logo do procedemento de coordinación que, en cumprimento do art 3.3, apartado D, do Decreto 47/2022, se está levando a cabo entre a Dirección Xeral da Auga do Ministerio para a Transición Ecolóxica o Reto Demográfico e as comunidades autónomas e sempre que sexan afectadas pola contaminación de nitratos de orixe agraria, mantendo os compromisos acadados pola Xunta de Galicia na mellora do regadío da Limia.»

Aprobada pola unanimidade das 75 deputadas e deputados.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto verbo da proposta de resolución núm. 30 do G. P. Mixto)

5ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar impulsando os vínculos coa lusofonía a través do recoñecemento ao traballo de persoeiros como D. Isaac Alonso Estraviz.»

Aprobada por 66 votos a favor, ningún en contra e 9 abstencións.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto verbo da proposta de resolución núm. 29 do G. P. Mixto)

6ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar os mecanismos estables e de diálogo e de coordinación coas entidades locais e co tecido social para definir investimentos prioritarios no marco da planificación orzamentaria.»

Aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 25 abstencións.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto verbo da proposta de resolución núm. 14 do G. P. Mixto)

7ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar traballando na mellora da información territorializada incluída nos orzamentos, que, así mesmo, permita proporcionar maior información á cidadanía.»

Aprobada por 41 votos a favor, 10 en contra e 24 abstencións.



(Resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto verbo da proposta de resolución núm. 21 do G. P. Mixto)

8ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar mellorando o sistema educativo poñendo en marcha medidas que posibiliten un sistema educativo de calidade, garante da igualdade de oportunidades e inclusivo, a través dunha estratexia específica nesta materia; a redefinición do programa E-Dixgal, cun novo modelo de dixitalización consensuado; e o mantemento da calidade nos servizos educativos complementarios, ámbito no que Galicia xa é referente dentro de España.»

Aprobada por 50 votos a favor, 25 en contra e ningunha abstención.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia verbo da proposta de resolución núm. 20 do G. P. dos Socialistas de Galicia)

9ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar e mellorar a atención á saúde mental, tendo en conta o aumento da demanda asistencial que se está a rexistrar, coa aprobación dun novo plan de saúde mental que incluírá a creación dunha rede de psicoloxía de atención primaria dependente dos servizos de psiquiatría que incluírá a ampliación da rede de saúde mental, así como a dotación de novas prazas en centros residenciais e de rehabilitación para estes pacientes.»

Aprobada por 49 votos a favor, 25 en contra e ningunha abstención.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia verbo da proposta de resolución núm. 29 do G. P. Popular de Galicia)

10ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar os recursos e mellorar a planificación das actuacións en materia de saúde mental, garantindo a dotación suficiente de profesionais e unidades de atención en todo o territorio galego.»

Aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 5 do G. P. Mixto).

11ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir o acceso á atención sanitaria especializada sen discriminación por territorio, promovendo a descentralización de servizos e o uso da telemedicina.»

Aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 25 abstencións.



(Proposta de resolución núm. 12 do G. P. Mixto)

12ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar o investimento en infraestruturas deportivas de uso público, garantindo criterios de equilibrio territorial.»

Aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 17 do G. P. Mixto)

13ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar as medidas de seguridade viaria nas contornas escolares, incluíndo melloras na sinalización, pasos de peóns e zonas de baixa velocidade.»

Aprobada pola unanimidade das 75 deputadas e deputados.

(Proposta de resolución núm. 25 do G. P. Mixto)

14ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer unha liña de apoio específico á cultura local e aos festivais e actividades culturais que promovan a identidade e a cohesión do territorio galego.»

Aprobada por 41 votos a favor, ningún en contra e 34 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 26 do G. P. Mixto)

15ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno central que apoie a solicitude unánime do Parlamento de Galicia de conceder, canto antes, ao Xacobeo de 2027 a declaración como evento de excepcional interese público (EEIP), que conta xa coa aprobación da Comisión Executiva do Consello Xacobeo e co visto e prace do Ministerio de Cultura. Na mesma liña, instarase o Goberno de España para un maior e firme apoio económico ante o próximo “lustrro Xacobeo 2027-2032”, co fin de ter unha maior presenza nacional e internacional que sirva, como os xacobeos anteriores, para o reforzo turístico da marca España e da marca Galicia.»

Aprobada pola unanimidade das 75 deputadas e deputados.

(Proposta de resolución núm. 1 do G. P. Popular de Galicia)

16ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar desenvolvendo un modelo de turismo sustentable e de calidade que permita seguir a incrementar o poder dinamizador e de investimento



que esta actividade supón para a nosa comunidade, e a rexeitar expresamente as actitudes de turismofobia baixo o convencemento de que toda actividade turística debe ser compatible coa vida cotiá da cidadanía e co respecto á convivencia.»

Aprobada por 49 votos a favor, ningún en contra e 26 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 2 do G. P. Popular de Galicia)

17ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a que, unha vez que se faga efectiva a transferencia de funcións, de medios e de servizos do litoral galego, de xeito inmediato, unifique as autorizacións e os permisos nun só procedemento para axilizar a tramitación á xente que quere vivir e traballar no litoral; aprobe un catálogo de patrimonio cultural do litoral; conecte mediante unha rede de sendas o litoral galego; cree unha guía para a integración dos establecementos hostaleiros do litoral; e lance un programa para recuperar edificacións valiosas a nivel arquitectónico, histórico e cultural nestas zonas.»

Aprobada por 49 votos a favor, 25 en contra e 1 abstención.

(Proposta de resolución núm. 7 do G. P. Popular de Galicia)

18ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a continuar favorecendo políticas dirixidas ao impulso industrial na nosa comunidade, sempre que cumpran a normativa ambiental vixente, tanto autonómica como estatal e europea, e rexeitar que posturas de negacionismo industrial se instalen na nosa comunidade. Entre as actuacións para executar, dirixirse ao Goberno de España para que impulse as medidas necesarias que permitan garantir que os proxectos industriais estratéxicos de Galicia dispoñan das infraestruturas eléctricas e das axudas necesarias para a súa viabilidade e a súa implantación no noso territorio, ofrecendo unha resposta áxil e axustada á realidade do tecido produtivo galego e facilitando a asignación dos fondos destinados aos PERTE en igualdade de condicións con outras comunidades autónomas, procurando un diálogo e unha colaboración permanentes coa Administración autonómica.»

Aprobada por 40 votos a favor, 25 en contra e 10 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 15 do G. P. Popular de Galicia)

19ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno de España para que impulse as medidas necesarias que permitan manter a posición de liderado de Galicia nas enerxías renovables, nomeadamente desenvolvendo as infraestruturas eléctricas da rede de transporte ou distribución para a evacuación dos novos proxectos en marcha, garantindo que o hidroxenoduto A Coruña-Zamora non sofre atraso ningún con respecto aos que foron declarados como proxectos de interese común no ano 2024 e promovendo un desenvolvemento ordenado da eólica mariña



que sexa compatible co medio mariño e coas actividades do sector pesqueiro, a través do apoio á plataforma experimental de eólica mariña de Punta Langosteira como instrumento para a adquisición de coñecemento acerca da eólica mariña flotante e a convocatoria das poxas de eólica mariña, coas máximas garantías e incluíndo Galicia.»

Aprobada por 49 votos a favor, 24 en contra e 1 abstención.

(Proposta de resolución núm. 17 do G. P. Popular de Galicia)

20ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adoptar medidas para o abaratamento do solo empresarial cuxa titularidade corresponda á sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur.»

Aprobada por 49 votos a favor, 25 en contra e 1 abstención.

(Proposta de resolución núm. 19 do G. P. Popular de Galicia)

21ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, para abordar a reforma do modelo de financiamento autonómico, no que Galicia traballará a prol de avanzar no autogoberno económico e financeiro para blindar o autogoberno e garantir uns servizos públicos de calidade e as necesidades de transformación económica, defendendo un financiamento xusto para Galicia, mellorando a proposta actual de poboación axustada, e para defender a ponderación adecuada dos sobrecostos que a dispersión e o envellecemento implican na prestación dos servizos públicos galegos, así como doutros factores que condicionan o desenvolvemento socioeconómico galego. Así mesmo, defenderase a valoración dun modelo xusto de financiamento local que supere a discriminación histórica dos concellos galegos e, no caso de condonación ás comunidades que se adherisen ao FLA, que se compense equitativamente as comunidades que non o fixeron.»

Aprobada por 66 votos a favor, 9 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 20 do G. P. Popular de Galicia)

22ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España as modificacións lexislativas necesarias para que o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil sexa nomeado e separado por proposta da Xunta de Galicia, co fin de garantir unha xestión máis coordinada e eficiente das bacías fluviais que discorren por Galicia.»

Aprobada por 40 votos a favor, 9 en contra e 26 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 40 do G. P. Popular de Galicia)



23ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España co fin de demandar a posta en marcha das medidas e das actuacións necesarias para mellorar a rede ferroviaria en Galicia e a súa conexión co exterior, con reclamacións como a de designar un interlocutor directo entre o Goberno autonómico e Renfe; exixir que se solucionen as incidencias, os atrasos e os incidentes técnicos que se suceden nos servizos do eixo atlántico e na media e longa distancia; exixir que se recuperen as frecuencias suprimidas durante a pandemia, aínda sen recuperar; e tamén que se solucionen as deficiencias na programación e os tempos de venda dos billetes na páxina web, que impiden aos galegos planificaren as súas viaxes con antecendencia. Ademais, demandarase que se impulsen e se completen as infraestruturas pendentes e necesarias para o AVE entre Vigo e Porto e a conexión de alta velocidade coas cidades de Lugo e de Ferrol, así como que se reclame a redacción dun verdadeiro, rigoroso e completo plan director para a adecuación e mellora do corredor atlántico, que conte coa colaboración activa das comunidades autónomas polas cales discorre esta infraestrutura, cunha planificación real e detallada.»

Aprobada por 66 votos a favor, ningún en contra e 9 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 3 do G. P. Popular de Galicia)

24ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a solicitar ao Goberno de España que apoie o sector agrario e outros posibles sectores afectados ante o novo contexto arancelario, dirixíndose ás autoridades europeas para establecer plans específicos, con dotación económica suficiente, que inclúan medidas de promoción en países terceiros, alternativas de xestión dos excedentes que poidan producirse e axudas aos produtores que vexan significativamente afectadas as súas exportacións, nomeadamente en favor do sector vitivinícola, de gran relevancia en Galicia. Tamén para que procure unha redacción do texto da nova lei de agricultura familiar que teña en conta a realidade de territorios como Galicia, onde a base territorial destas explotacións familiares consta de multitude de pequenas parcelas, de maneira que se simplifique a tramitación da solicitude única da PAC para este tipo de explotacións.»

Aprobada por 66 votos a favor, ningún en contra e 9 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 34 do G. P. Popular de Galicia)

25ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que continúe insistindo ante o Goberno central na ampliación do teito competencial naqueles ámbitos de especial interese para a Comunidade Autónoma previstos na Constitución e no Estatuto, en especial: a transferencia da titularidade da AP-9 e o rescate da súa concesión; a xestión do ingreso mínimo vital; o traspaso dos servizos de meteoroloxía e as competencias en materia de permisos de traballo vinculados a permisos de residencia, co fin de continuar a avanzar en todo aquilo que poida contribuír para facilitar a vida das persoas que se despracen a Galicia.»



Aprobada por 41 votos a favor, ningún en contra e 34 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 6 do G. P. Popular de Galicia)

26ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España o rescate da concesión da AP-9, tendo en conta que o seu custo sería equiparable ao das subvencións a futuro das peaxes, así como a transferencia da súa xestión completa. Solicitarase, do mesmo xeito, transparencia e diálogo coa Comunidade Autónoma en relación cos diferentes aspectos da xestión da AP-9: asunción inmediata do pagamento completo por parte do Estado da peaxe en sombra en Rande e A Barcala e información ao respecto do procedemento que se segue nas institucións da Unión Europea acerca das prórrogas das concesións.»

Aprobada por 41 votos a favor, ningún en contra e 34 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 25 do G. P. Popular de Galicia)

27ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego ao máximo desenvolvemento da Estratexia Galicia Retorna 2023-2026, co fin de continuar a promover a chegada de persoas de alta cualificación académica e profesional á nosa comunidade, así como a que solicite ao Goberno de España que tome as medidas necesarias para contribuír a este obxectivo: axilizando o procedemento de homologación de títulos universitarios obtidos no exterior e as concesións de permisos de residencia e traballo dos cónxuxes e descendentes sen nacionalidade dos españois retornados, dotando de financiamento adecuado as comunidades autónomas que realmente están a desenvolver programas efectivos de retorno, mellorando os niveis de atención nos servizos consulares do Estado para axilizar os trámites ordinarios necesarios para o retorno, eliminando as desigualdades coas que a lexislación fiscal estatal grava os emigrantes e os retornados e introducindo plans estatais específicos de acceso á vivenda para familias retornadas (tanto para a compra como para o alugueiro).»

Aprobada por 41 votos a favor, ningún en contra e 34 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 33 do G. P. Popular de Galicia)

28ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a contribuír para a adaptación das entidades locais á nova realidade social, económica e tecnolóxica mediante a aprobación, durante o ano 2025, dunha nova lei de Administración local de Galicia e tamén a través do lanzamento dun plan de formación dixital para os concellos de menos de cinco mil habitantes.»

Aprobada por 41 votos a favor, 25 en contra e 9 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 4 do G. P. Popular de Galicia)



29ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, dentro do novo modelo de atención e de coidados ás persoas maiores, desenvolva un plan específico para incrementar a rede de centros residenciais na nosa comunidade, a que aumente as prazas públicas e a que achegue servizos aos territorios que máis o precisan.»

Aprobada por 41 votos a favor, 25 en contra e 9 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 14 do G. P. Popular de Galicia)

30ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir facilitando a mobilidade por estrada na comunidade autónoma, mantendo a liña de traballo que vén desenvolvendo nos últimos anos de estender a rede viaria de alta capacidade, limitar a contía das peaxes, ofrecer descontos das tarifas nas autoestradas autonómicas e levar a cabo un constante mantemento da súa rede viaria. Ademais, reclamará ao Goberno de España unha planificación das actuacións necesarias para cumprir os seus compromisos en materia viaria, coa construción das autovías estatais pendentes (A-74 Autovía da Mariña, A-56 Lugo-Ourense, A-76 Ponferrada-Ourense), actuacións en contornas urbanas (como a Vía 18, a Cuarta Rolda da Coruña, a Variante Norte de Ourense), o diálogo con concellos e veciños para obter solucións de consenso en trazados como a circunvalación de Pontevedra (A-57) ou a prolongación da A-52 en Vigo e Mos, o impulso de variantes esquecidas (como a da Estrada ou a de Pontearreas) e a mellora da seguridade viaria no conxunto na súa rede viaria en Galicia, con casos que preocupan como a N-120, tanto en Ourense como en Pontevedra, ou a N-541, que motivou o denominado “Pacto de Pedre”.»

Aprobada por 41 votos a favor, 25 en contra e 9 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 26 do G. P. Popular de Galicia)

31ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar un pacto pola lingua, que emerxa do consenso político e social e que cristalice nunha renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega, ademais do impulso de novas medidas que promovan un maior uso do galego en todos os ámbitos sociais. De xeito paralelo, reclamarase ao Goberno central un maior compromiso para o financiamento destinado ás políticas de promoción das linguas cooficiais e a súa repartición con criterios adecuados aos fins que se deben perseguir, asegurando un equilibrio na repartición deses fondos, para o cal se regulará que ningunha comunidade autónoma reciba máis do 40 por cento do total do fondo de que se trate.»

Aprobada por 41 votos a favor, 25 en contra e 9 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 31 do G. P. Popular de Galicia)



32ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a se dirixir ao Goberno de España para que cumpra co compromiso de colaborar co cofinanciamento do custo da gratuidade total das escolas infantís vixente en Galicia.»

Aprobada por 41 votos a favor, 9 en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 10 do G. P. Popular de Galicia)

33ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no marco do proceso de diálogo aberto coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), incrementa a achega autonómica en favor dos concellos para soste os servizos municipais de axuda no fogar (SAF) e a que reclame ao Goberno de España o financiamento do 50 por cento do previsto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, desde a súa entrada en vigor, así como a modificación dos baremos da dependencia e a que calquera modificación legal que estableza o Estado estea acompañada do financiamento estatal preciso.»

Aprobada por 41 votos a favor, 9 en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 11 do G. P. Popular de Galicia)

34ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que continúe a apoiar a mocidade para poder desenvolver os seus proxectos vitais. No ámbito da vivenda, ampliando o orzamento destinado ao Bono Emancípate, logo do éxito acadado na primeira convocatoria; tamén coa reserva para ela dun 40 por cento das novas vivendas en alugueiro e un 25 por cento das vivendas en venda que se constrúan na lexislatura; aloxamentos compartidos, o Bono Alugueiro Mozo, axudas directas á compra de vivenda e avais para sufragar a primeira compra de vivenda con hipoteca, entre outras medidas.

En paralelo, no ámbito do emprego, implementárase unha estratexia para impulsar as oportunidades laborais da mocidade galega co fin de avanzar na retención e na captación de talento mozo, buscando acadar un mercado de traballo dinámico e inclusivo.

Así mesmo, instárase o Goberno de España a crear un pacto de Estado polo futuro da mocidade, que articule un plan de acción conxunto coas comunidades autónomas centrado en tres eixes fundamentais: emprego xuvenil, vivenda e formación.»

Aprobada por 41 votos a favor, 9 en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 32 do G. P. Popular de Galicia)



35ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que cumpra co seu deber constitucional de presentar ante as Cortes Xerais o Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado, xa que esta inacción, reiterada e sistemática, compromete a execución de políticas públicas e transmite inestabilidade institucional.»

Aprobada por 41 votos a favor, 9 en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 39 do G. P. Popular de Galicia)

36ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a pór en funcionamento recursos móbiles específicos para achegar servizos de información, de asesoramento e de acompañamento ás mulleres en localidades de ámbito rural e nas universidades galegas. Ademais, insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno central que cumpra co Pacto de Estado contra a violencia de xénero, elaborando unha lei estatal contra a trata para poder garantir a protección e os dereitos das vítimas, e que asuma o gasto do custo de funcionamento dos centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual creados a partir da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual»

Aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 13 do G. P. Popular de Galicia)

37ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aprobar un plan para a atención do paciente crónico complexo e avanzado, desde un enfoque sociosanitario integral, para mellorar a calidade de vida dos doentes, con independencia de que vivan en residencias ou no seu domicilio.»

Aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 27 do G. P. Popular de Galicia)

38ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que solicite ante a Unión Europea a participación das administracións das rexións altamente dependentes da pesca, como a galega, no proceso de toma de decisións xunto con todos os Estados membros, co obxectivo de contar cunha regulación máis xusta. Mentres tanto, instarao para que defenda ante a Comisión Europea a exclusión total do atún do Acordo de Libre Comercio entre a UE e Tailandia, así como o establecemento de normas sólidas e equitativas que garantan a igualdade de condicións (*level playing field*) e que eviten a competencia desleal en todos os produtos pesqueiros.»

Aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 35 do G. P. Popular de Galicia)



39ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar traballando xunto co resto das administracións e as empresas Alcoa e Ignis para asegurar o futuro da factoría de alumina e aluminio de San Cibrao, a continuidade da súa actividade e o mantemento dos postos de traballo. Así mesmo, a dirixirse ao Goberno de España para axilizar a autorización dos proxectos de parques de xeración de enerxía renovable destinados a subministrar enerxía limpa e a prezo estable e competitivo á factoría da Mariña lucense; reclamar a convocatoria periódica da Mesa de Seguimento entre administracións, empresa e representantes das persoas traballadoras e desenvolver as medidas de apoio ás industrias electrointensivas mediante o estatuto do consumidor e as achegas por compensación de CO₂ e outros apoios destinados a promover a modernización e a competitividade deste complexo industrial.»

Aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 25 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 38 do G. P. Popular de Galicia)

40ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que solicite ao Goberno de España que instale en Galicia o futuro Centro Nacional de Ciberseguridade, tendo en conta a existencia en Galicia dun sólido ecosistema empresarial e de formación e investigación en materia de ciberseguridade, así como a próxima posta en marcha en 2026 do Centro de Ciberseguridade de Galicia en Ourense, instalacións que poderían acoller tamén este, o que ademais contribuíría a un desenvolvemento máis equilibrado do país, á cohesión territorial e á redución da fenda dixital entre rexións.»

Aprobada pola unanimidade das 75 deputadas e deputados.

(Proposta de resolución núm. 22 do G. P. Popular de Galicia)

41ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno central a cesión dos inmobles baleiros das localidades de Galicia onde existe maior demanda acreditada de vivenda propiedade da Sareb, así como solo da súa propiedade, e a inclusión da Comunidade Autónoma de Galicia dentro das subvencións directas que concede o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana para o incremento do parque público de vivendas, como fai con Cataluña.»

Aprobada pola unanimidade das 75 deputadas e deputados.

(Proposta de resolución núm. 24 do G. P. Popular de Galicia)

42ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia ampliar neste ano 2025 e de acordo coas necesidades clínicas o calendario vacinal dos grupos de poboación máis vulnerables, como son a infancia, a mocidade e a xente maior.»



Aprobada pola unanimidade das 75 deputadas e deputados.

(Proposta de resolución núm. 28 do G. P. Popular de Galicia)

43ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fomentar hábitos de vida saudable, garantir unha alimentación sustentable e promover a compra de peixe e de marisco fresco nas peixarías situadas en Galicia, axudando a cidadanía mediante o Bono Peixe. Así mesmo, para redundar nestes obxectivos, dirixírase ao Goberno central para que considere como alimentos básicos os produtos do mar, a carne e as súas conservas, de xeito que lles aplique o tipo de IVE superreducido do 4 por cento como medida de apoio para as familias con rendas baixas ou en situación de vulnerabilidade, para fomentar o consumo saudable e como iniciativa de apoio tamén a estes sectores.»

Aprobada pola unanimidade das 75 deputadas e deputados.

(Proposta de resolución núm. 36 do G. P. Popular de Galicia)

44ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a se dirixir ao Goberno de España para que rectifique a estratexia de redución de efectivos na Unidade de Policía Nacional Adscrita (UPA), así como que actualice o catálogo de postos de traballo e a cobertura do cento por cento das vacantes do Corpo Nacional de Policía e da Garda Civil e que reclame un apoio explícito coa ampliación de horarios e coa operatividade dos cuarteis da Garda Civil nos municipios do rural.»

Aprobada por 41 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 5 do G. P. Popular de Galicia)

45ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir á Administración central que garanta que calquera traslado de menores migrantes estea baseado en criterios obxectivos e equitativos, teña en conta a capacidade de acollida e a opinión das distintas comunidades autónomas, se faga cunha planificación adecuada, estea dotado do financiamento estatal preciso para ofrecer os mellores recursos, atención e acollida e respecte o interese superior dos menores, de acordo co establecido na Convención sobre os dereitos do neno.»

Aprobada por 41 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 12 do G. P. Popular de Galicia)

46ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para reiterar ao Goberno de España a necesidade de transferir ás comunidades autónomas a xestión directa dos fondos europeos de recuperación —en



particular, os do ámbito industrial—, en cumprimento dos reiterados acordos do Parlamento galego, garantindo que Galicia reciba os fondos europeos proporcionais ao seu peso económico para a súa xestión no ámbito autonómico; ou, subsidiariamente, para implantar, xunto coas comunidades autónomas, un sistema de cooperación e cogobernanza para a xestión dos fondos dispoñibles dos PERTE da industria, co fin de garantir un apoio máis áxil, eficaz, obxectivo e transparente dirixido ás empresas nos procesos de recuperación e transformación económica, asegurando os fondos industriais comprometidos polo presidente Sánchez aos proxectos avalados tecnicamente polos servizos públicos e, especialmente, aqueles que teñan máis madurez e avances na súa tramitación.»

Aprobada por 41 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 16 do G. P. Popular de Galicia)

47ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir avanzando en alivios fiscais, incluíndo nos Orzamentos de 2026 novas rebaixas fiscais.»

Aprobada por 41 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 21 do G. P. Popular de Galicia)

48ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para reclamarlle de forma urxente a axilización do proceso de homologación de títulos dos profesionais sanitarios; a modificación do Estatuto Marco para, entre outras necesidades e de forma dialogada, elevar a idade máxima para o exercicio da profesión médica aos 72 anos; acelerar a implantación da especialidade de médico de urxencias; incorporar á oferta formativa de especialistas as novas prazas acreditadas; e a adopción de medidas que permitan incentivar as prazas consideradas como de difícil cobertura. Todo o anterior, co obxectivo de paliar o déficit de profesionais de determinadas especialidades que sofre todo o sistema nacional de saúde.»

Aprobada por 41 votos a favor, 34 votos en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 30 do G. P. Popular de Galicia)

49ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a pór en marcha novas medidas de apoio ás familias no ámbito educativo, a través da creación dunha dedución autonómica específica que as axude a facer fronte aos gastos educativos do alumnado matriculado nas etapas do ensino obrigatorio, favorecendo a igualdade de oportunidades. Igualmente, a Administración autonómica promoverá a creación dunha rede galega de concellos contra o acoso escolar para continuar a avanzar en centros libres deste tipo de condutas, nos cales o alumnado se poida desenvolver plenamente.»



Aprobada por 50 votos a favor, 25 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 8 do G. P. Popular de Galicia)

50ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a crear a primeira rede de centros de innovación avanzada de formación profesional para continuar a dar resposta ás necesidades das persoas, do territorio e do tecido empresarial, reforzando e potenciando a especialización, a innovación e a investigación aplicada para favorecer dinámicas de transferencia cos sectores produtivos.»

Aprobada por 50 votos a favor, 25 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 9 do G. P. Popular de Galicia)

51ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a recoñecer a importancia de aumentar e diversificar a subministración de materias primas fundamentais e das materias primas estratéxicas, co fin de reforzar a autonomía estratéxica, reducir a dependencia do exterior e asegurar unha subministración segura e sostible de materias primas esenciais para as transicións verde e dixital.»

Aprobada por 50 votos a favor, 25 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 18 do G. P. Popular de Galicia)

52ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar as medidas que promovan a oferta de vivenda mediante apoios á rehabilitación de vivendas baleiras de particulares con destino ao mercado de alugueiro, a través de axudas directas do Instituto Galego da Vivenda e Solo ás persoas propietarias.»

Aprobada por 50 votos a favor, 25 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 23 do G. P. Popular de Galicia)

53ª resolución

«O Parlamento de Galicia acorda subscribir a Resolución do Parlamento Europeo do 19 de setembro de 2019 de condena dos totalitarismos nazi e comunista. Igualmente, insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte todas as medidas recollidas nas declaracións da citada resolución do Parlamento Europeo mediante a súa incorporación á lexislación vixente española.»



Aprobada por 50 votos a favor, 25 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 37 do G. P. Popular de Galicia)

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2025
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de abril de 2025, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 24370 (12/PNP-001928)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre determinadas estratexias que o Goberno galego debe impulsar para facer fronte ao impacto da política arancelaria estadounidense no tecido produtivo da economía galega

Admisión a trámite e publicación

- 23984 (12/PNP-001899)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha partida orzamentaria para 2026 co fin de incorporar cen prazas de psicólogos/as clínicos aos centros de saúde de atención primaria

- 23995 (12/PNP-001900)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que leve a cabo obras de reforma na estrada AC-453 entre Roxos e Portodemouros para mellorar a seguridade viaria

- 24000 (12/PNP-001901)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre os informes que o Goberno galego debe presentar na Cámara verbo das actuacións que prevé levar a cabo en Ferrol en materia de residencias públicas de maiores

- 24008 (12/PNP-001902)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis



Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co fomento do consumo de peixe e produtos do mar

- 24020 (12/PNP-001903)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baladrón Lamas, Víctor Manuel e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que se instale un ascensor para facilitar o acceso ás plataformas de embarque da estación ferroviaria de Portas de Galicia, na Gudiña

- 24026 (12/PNP-001904)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a información da que debe dar conta a Xunta de Galicia en relación coas accións de cohesión turística en destino (ACD) que puxo en marcha

- 24093 (12/PNP-001905)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha á vista das conclusións e recomendacións do Consello de Contas contidas no seu informe sobre a Conta xeral das entidades locais correspondente a 2023

- 24098 (12/PNP-001906)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que poña en marcha o antes posible o Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030

- 24100 (12/PNP-001907)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a mensaxe trasladada pola Xunta de Galicia aos centros de ensino de Redondela relativa ao cambio de nome do festival *ArteLixo*, que se transformou este ano en *AltriLixo*

- 24107 (12/PNP-001908)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no que atinxe ao impulso da investigación e do aproveitamento dos recursos mineiros e das materias primas estratéxicas

- 24126 (12/PNP-001909)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reclame a transferencia das competencias en materia de permisos de residencia e de traballo para migrantes



- 24130 (12/PNP-001910)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e 6 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relacionadas co obxectivo de mellorar as condicións da loita contra o narcotráfico en Galicia

- 24186 (12/PNP-001911)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as accións que debe levar adiante o Goberno galego para o impulso do sector da mazá en Galicia, singularmente na comarca da Estrada

- 24217 (12/PNP-001912)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación coa execución do programa orzamentario 322A, relativo ao fomento da empregabilidade

- 24222 (12/PNP-001913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación coa execución do programa orzamentario 323A, relativo á formación profesional para desempregados

- 24227 (12/PNP-001914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación coa execución do programa orzamentario 323B, relativo á formación profesional para ocupados

- 24236 (12/PNP-001915)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda ao Goberno galego da presentación na Cámara dun proxecto coas medidas necesarias para o reforzamento dos medios de loita contra os incendios forestais no territorio da comunidade autónoma

- 24249 (12/PNP-001916)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda ao Goberno galego da substitución do actual modelo de defensa contra os incendios forestais, baseado na constitución de brigadas municipais, por un servizo único de xestión autonómica

- 24254 (12/PNP-001917)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis



Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa axiliación dos trámites para a homologación dos títulos universitarios estranxeiros

- 24259 (12/PNP-001918)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e 7 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relacionadas co obxectivo de mellorar as condicións da loita contra o narcotráfico en Galicia

Proposicións non de lei en Pleno corrixidas

Admisión da corrección e publicación

- 22703 (12/PNP-001840)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun informe relativo ao proxecto para a extracción de litio e outros minerais en Doade, Beariz, designado como estratéxico pola Comisión Europea
BOPG n.º 185f1, do 09.04.2025

A Mesa admite a corrección de erros formulada no doc. núm. 24182.

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 23983 (12/PNC-002209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha partida orzamentaria para 2026 co fin de incorporar cen prazas de psicólogos/as clínicos aos centros de saúde de atención primaria
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 23994 (12/PNC-002210)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que leve a cabo obras de reforma na estrada AC-453 entre Roxos e Portodemouros para mellorar a seguridade viaria
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24001 (12/PNC-002211)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre os informes que o Goberno galego debe presentar na Cámara verbo das actuacións que prevé levar a cabo en Ferrol en materia de residencias públicas de maiores
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 24007 (12/PNC-002212)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co fomento do consumo de peixe e produtos do mar

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 24018 (12/PNC-002213)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baladrón Lamas, Víctor Manuel e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que se instale un ascensor para facilitar o acceso ás plataformas de embarque da estación ferroviaria de Portas de Galicia, na Gudiña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24027 (12/PNC-002214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a información da que debe dar conta a Xunta de Galicia en relación coas accións de cohesión turística en destino (ACD) que puxo en marcha

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 24092 (12/PNC-002215)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha á vista das conclusións e recomendacións do Consello de Contas contidas no seu informe sobre a Conta xeral das entidades locais correspondente a 2023

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 24097 (12/PNC-002216)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 7 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que poña en marcha o antes posible o Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 24101 (12/PNC-002217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a mensaxe trasladada pola Xunta de Galicia aos centros de ensino de Redondela relativa ao cambio de nome do festival *ArteLixo*, que se transformou este ano en *AltriLixo*

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 24106 (12/PNC-002218)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis



Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no que atinxe ao impulso da investigación e do aproveitamento dos recursos mineiros e das materias primas estratéxicas
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 24109 (12/PNC-002219)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis

Sobre os informes que o Goberno galego debe presentar na Cámara en relación co proxecto e coas obras da fase final do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 24125 (12/PNC-002220)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reclame a transferencia das competencias en materia de permisos de residencia e de traballo para migrantes

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 24129 (12/PNC-002221)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e 6 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relacionadas co obxectivo de mellorar as condicións da loita contra o narcotráfico en Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 24185 (12/PNC-002222)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as accións que debe levar adiante o Goberno galego para o impulso do sector da mazá en Galicia, singularmente na comarca da Estrada

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 24216 (12/PNC-002223)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación coa execución do programa orzamentario 322A, relativo ao fomento da empregabilidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 24221 (12/PNC-002224)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación coa execución do programa orzamentario 323A, relativo á formación profesional para desempregados

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 24226 (12/PNC-002225)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación coa execución do programa orzamentario 323B, relativo á formación profesional para ocupados

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 24235 (12/PNC-002226)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda ao Goberno galego da presentación na Cámara dun proxecto coas medidas necesarias para o reforzamento dos medios de loita contra os incendios forestais no territorio da comunidade autónoma

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 24248 (12/PNC-002227)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda ao Goberno galego da substitución do actual modelo de defensa contra os incendios forestais, baseado na constitución de brigadas municipais, por un servizo único de xestión autonómica

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 24253 (12/PNC-002228)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa axilización dos trámites para a homologación dos títulos universitarios estranxeiros

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 24258 (12/PNC-002229)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e 7 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relacionadas co obxectivo de mellorar as condicións da loita contra o narcotráfico en Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Proposicións non de lei en comisión corrixidas

Admisión da corrección e publicación

- 22704 (12/PNC-002138)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis



Sobre a demanda ao Goberno galego dun informe relativo ao proxecto para a extracción de litio e outros minerais en Doade, Beariz, designado como estratéxico pola Comisión Europea

BOPG n.º 185f1, do 09.04.2025

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

A Mesa admite a corrección de erros formulada no doc. núm. 24182.

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 23982 (12/INT-000945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre os recursos asistenciais da sanidade pública dedicados á saúde mental e a incorporación de psicólogos/as clínicos á atención primaria

- 24028 (12/INT-000946)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a política turística da Xunta de Galicia e o desenvolvemento das accións de cohesión en destino (ACD)

- 24091 (12/INT-000947)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as conclusións do Consello de Contas contidas no Informe de fiscalización da Conta xeral das entidades locais correspondente a 2023

- 24105 (12/INT-000948)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a liberdade pedagóxica e de opinión nos centros públicos de ensino e a actitude adoptada pola Xunta de Galicia ante a participación dos centros redondeláns no festival ArteLixo deste ano

- 24184 (12/INT-000949)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a produción de mazá en Galicia e o estado deste sector na Estrada

- 24247 (12/INT-000950)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a eficacia do actual modelo de defensa contra os incendios forestais impulsado pola Xunta de Galicia



1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

- 23986 (12/POP-003547)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as previsións orzamentarias que ten o Goberno galego para 2026 en relación coa incorporación de psicólogos/as clínicos á atención sanitaria primaria

- 23997 (12/POP-003548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre as condicións da estrada AC-253 entre Roxos e Portodemouros en canto á súa seguridade viaria

- 23999 (12/POP-003549)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a marxe de tempo coa que se presenta o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

- 24002 (12/POP-003550)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as previsións respecto da posta en servizo da residencia pública de maiores construída pola Fundación Amancio Ortega no concello de Ferrol

- 24003 (12/POP-003551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as obras previstas para a actualización das infraestruturas e dos servizos da residencia pública de Laraxe, no concello de Cabanas

- 24004 (12/POP-003552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as obras previstas para a actualización das infraestruturas e dos servizos da residencia pública de Caranza, no concello de Ferrol

- 24014 (12/POP-003553)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis

Sobre as previsións respecto da posta en servizo da conexión Ferrol-Ortigueira a través da vía de alta capacidade Costa Norte



- 24029 (12/POP-003554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o grao de execución das distintas convocatorias que puxo en marcha a Xunta de Galicia de accións de cohesión turística en destino (ACD)

- 24096 (12/POP-003555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a execución por parte do Goberno galego das partidas orzamentarias destinadas ao financiamento das entidades locais no exercicio correspondente a 2023

- 24103 (12/POP-003556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a actitude adoptada pola Xunta de Galicia en relación coa participación dos centros de ensino de Redondela na edición deste ano do festival ArteLixo

- 24113 (12/POP-003557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o estado en que está a redacción do proxecto da primeira fase da variante da circunvalación de Carballo

- 24115 (12/POP-003558)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación co anunciado proxecto de construción dunha senda peonil na estrada PO-352 entre Camposancos e A Guarda

- 24122 (12/POP-003559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo do cumprimento das resolucións que demandan a declaración da casa natal de Carballo Calero, en Ferrol, como zona de especial necesidade de rehabilitación (ZER)

- 24128 (12/POP-003560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á construción, en colaboración co Concello de Pontevedra, da vía coñecida como variante de Alba

- 24132 (12/POP-003561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre o grao de execución do Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica 2009-2015 (Plan MOVE)



- 24146 (12/POP-003562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a oposición dunha parte da veciñanza á tramitación do polígono agroforestal de San Miguel de Valga

- 24188 (12/POP-003563)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co impulso do sector da mazá na comarca da Estrada

- 24195 (12/POP-003564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre o estado en que está a tramitación do proxecto para a instalación da fábrica de pneumáticos de Sentury Tire Spain S. L. U. no concello das Pontes

- 24219 (12/POP-003565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución do programa orzamentario 322A nos últimos dez anos, relativo ao fomento da empregabilidade

- 24224 (12/POP-003566)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución do programa orzamentario 323A, relativo á formación profesional para desempregados

- 24229 (12/POP-003567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución do programa orzamentario 323B, relativo á formación profesional para ocupados

- 24238 (12/POP-003568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a distribución e o reforzamento dos medios con que conta o dispositivo de loita contra os incendios forestais

- 24241 (12/POP-003569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas xerados na estrada AC-440, á entrada da vila de Muxía, polos depósitos de area provenientes da praia da Cruz



- 24244 (12/POP-003570)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a postura que ten a Xunta de Galicia en relación co proxecto de prolongación da autovía AG-31 ata a fronteira portuguesa

- 24246 (12/POP-003571)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a mellora do transporte público por estrada baixo demanda

- 24251 (12/POP-003572)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o funcionamento do modelo de defensa contra os incendios forestais baseado na constitución de brigadas municipais

- 24257 (12/POP-003573)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 4 máis

Sobre a calidade da conexión ferroviaria entre as cidades de Lugo e Ourense

Preguntas orais en Pleno corrixidas

Admisión da corrección e publicación

- 22705 (12/POP-003445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do interese do proxecto mineiro de Doade, no concello de Beariz

BOPG n.º 185f2, do 09.04.2025

A Mesa admite a corrección de erros formulada no doc. núm. 24183.

- 22706 (12/POP-003446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o estado en que está a tramitación do proxecto mineiro de Doade ante a Consellería de Economía e Industria

BOPG n.º 185f2, do 09.04.2025

A Mesa admite a corrección de erros formulada no doc. núm. 24183.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2025

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a resposta do goberno galego á hora de artellar mecanismos fronte á guerra arancelaria iniciada polos Estados Unidos de América.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de tratar canto antes no Parlamento a posición do goberno galego para artellar mecanismos fronte á guerra arancelaria iniciada polos Estados Unidos de América.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A chegada de Donald Trump á Casa Branca supuxo un terremoto para o conxunto das economías estreitamente relacionadas cos EUA. As últimas medidas controvertidas son a imposición de aranceis a practicamente tódolos mercados que teñen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

relación comercial con este país, o que se deixa entrever como un síntoma do deterioro da hexemonía do imperialismo norteamericano nun contexto cada vez máis multipolar tamén no económico.

Galiza non é unha excepción dentro do impacto que causará a política arancelaria dos EUA xa que nos últimos 10 anos incrementáronse as exportacións a este mercado preto dun 41%, sendo os sectores principais os relacionados coa cadea da industria alimentaria e das bebidas (nomeadamente o viño), os produtos enerxéticos, o sector do metal, da automoción, da pedra e a cadea mar-industria entre outros.

As exportación galegas situáronse no 2024 por riba dos 30.000 millóns de euros dos cales preto do 2,5% realizáronse aos EUA, supoñendo un valor de algo máis de 800 millóns de euros.

Por sectores, o do viño sería o máis afectado debido a que EUA é o principal mercado, tamén o da pedra onde o 10% expórtase até os Estados Unidos de América, tamén sectores como o metal onde a patronal ASIME reconece que só o 5% da súa produción se destina a este mercado mais que supón preto do 34% das exportacións galegas aos EUA, tamén xera incerteza polo impacto derivado a outros sectores e posibles rupturas nas cadeas de valor e o efecto rebote indirecto na redistribucións dos mercados globais.

No mesmo sentido tanto os clústers da automoción (Ceaga) e do téxtil e moda (Cointega) mostraron preocupación polo impacto en dous sectores que están a atravesar momentos de incerteza.

Os últimos anuncios por parte do Goberno do Partido Popular fan fincapé no axuste das condicións de préstamos por valor de 50 millóns de euros cun máximo por préstamo dun millón. Esta medida non supón unha mobilización extra de recursos da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta na protección dos sectores produtivos, se non unha modificación de condicións para un capital xa contemplado nos propios orzamentos.

Polo tanto faise preciso dende o Goberno Galego establecer mecanismos de protección dos sectores produtivos galegos para garantir, entre outros, o mantemento do emprego de calidade e da capacidade de produción no país.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a desenvolver unha estratexia de apoio técnico e financeiro para os sectores produtivos galegos que faga fronte á guerra arancelaria iniciada polos Estados Unidos de América priorizando, como mínimo os seguintes puntos:

- Despregar axudas directas ou compensacións ás empresas e cooperativas afectadas, especialmente se os aranceis supoñen perdas inmediatas, co compromiso das mesmas de manter o emprego en Galiza.
- Prestar apoio á transformación e mellora do valor engadido dos produtos exportables (por exemplo, mellorar calidade, identidade e presentación, innovación, trazabilidade...).
- Incentivar a produción ecolóxica e a obtención de selos de recoñecemento ou certificacións internacionais, para aumentar a valorización da nosa produción noutros mercados e poden evitar mellor as consecuencias mais negativas das guerras comerciais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Promover unha rede de colaboración intersectorial, incentivando a exportación conxunta como, por exemplo, clústers exportadores, unións de produtores ou cooperativas con maior capacidade de resposta ante continxencias como a actual.
- Prestar apoio técnico e financeiro directo ás empresas afectadas mediante subvencións para explorar novos mercados, liñas de crédito brandas e/ou formación e asesoramento en comercio internacional loxística e lexislación para adaptar as estratexias comerciais ás novas condicións arancelarias do mercado dos EUA.
- Reorientar as actividades transformadoras para produtos de alto valor engadido.
- Aumentar o investimento en I+D+i para mellorar a competitividade das empresas.
- Despregar axudas específicas para a almacenaxe temporal de produtos mentres se buscan alternativas de exportación.
- Promover a intervención pública para a blindaxe das actividades produtivas estratéxicas na Galiza co obxectivo de garantir o mantemento do emprego no noso territorio.
- Desenvolver un programa de diversificación e apertura de novos mercados para que as empresas galegas consigan novos destinos para os seus produtos.
- Reforzar as oficinas de internacionalización dotándoas con máis recursos para asesorar, buscar importadores alternativos e negociar novos acordos comerciais internacionais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Desenvolver unha estratexia específica para a intensificación das relacións económico-comerciais da Galiza no ámbito da lusofonía.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2025 15:44:24

Mercedes Queixas Zas na data 22/04/2025 15:44:40

Rosana Pérez Fernández na data 22/04/2025 15:47:24

Daniel Pérez López na data 22/04/2025 15:47:34

Iria Carreira Pazos na data 22/04/2025 15:47:48

Iria Taibo Corsanego na data 22/04/2025 15:48:04

Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2025 15:48:18

Daniel Castro García na data 22/04/2025 15:48:29

Montserrat Valcárcel Armesto na data 22/04/2025 15:48:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Suárez Fernández na data 22/04/2025 15:48:51

Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2025 15:49:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/04/2025 15:49:15

Sonia Vidal Lamas na data 22/04/2025 15:49:30

Secundino Fernández Fernández na data 22/04/2025 15:49:44

María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2025 15:49:56

Alexandra Fernández Gómez na data 22/04/2025 15:50:05

Paulo Ríos Santomé na data 22/04/2025 15:50:16

Carmela González Iglesias na data 22/04/2025 15:50:37

Cristina Fernández Davila na data 22/04/2025 15:50:52

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/04/2025 15:51:01

Ariadna Fernández González na data 22/04/2025 15:51:19

Luis Bará Torres na data 22/04/2025 15:51:51

Óscar Insua Lema na data 22/04/2025 15:52:03

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/04/2025 15:52:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 22/04/2025 15:52:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de incorporar psicólogos/as clínicos/as nos centros de saúde de Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de 16 anos de goberno do PP a situación da atención á saúde mental das galegas e galegos é moito máis que preocupante. Os indicadores evolucionan todos negativamente: incremento na incidencia dos trastornos psíquicos, da taxa de suicidios, aumento do consumo de psicofármacos... E pola contra, os recursos asistenciais específicos baixo mínimos

Houbo que agardar a 2017 para que aprobaran un plan de atención ao suicidio, do que non coñecemos ningunha valoración do nivel de cumprimento do mesmo

Agardar até 2020 para presentar un plan de saúde mental, que tampouco sabemos o nivel de cumprimento. De cumprirse na súa integridade nin estaríamos na media dos profesionais que a Xunta de Fraga consideraba preciso en 1997, hai 27 anos.

A magnitude dos problemas de saúde mental contrasta coas dificultades de acceso aos servizos sanitarios.

Coa Atención Primaria colapsada e os hospitais coas listas de espera desbordadas, o acceso ao circuíto sanitario fíxose aínda máis complicado para os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

trastornos mentais. Os e as doentes chegan tarde e chegan mal. Medran os casos de depresión e ansiedade, descompensase os trastornos graves e aumentan os de conduta alimentaria ou as tentativas de suicidio especialmente preocupante entre os e as máis novos/as.

Un problema leve de saúde mental non atendido ten moitas posibilidades de evolucionar a unha patoloxía grave, como ocorre co resto de enfermidades cando non son tratadas.

Se a accesibilidade non é posíbel córrese o risco de que se cronifiquen os problemas e sexa moito máis difícil atallalos.

Atención Primaria é fundamental para garantir a accesibilidade e unha atención próxima, razón pola cal o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a incluír nos orzamentos da Xunta para o ano 2026 unha partida de cinco millóns de euros para incorporar o vindeiro ano nos Centros de Saúde de Atención Primaria cen de prazas de psicólogos/as clínicos/as, que permita atención directa nos mesmos”.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2025 10:40:36

Iria Carreira Pazos na data 11/04/2025 10:40:58

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2025 10:41:45





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e o seu deputado **Patricia Iglesias Rey** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a seguridade viaria é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

No municipio de Ames, a mellora da seguridade viaria e da accesibilidade a todos os núcleos de poboación é unha necesidade urxente que se leva demandando dende fai moitos anos, debido aos numerosos problemas de seguridade viaria que presentan varias das súas vías.

Na vía AC-453, a estrada que une Roxos con Portomouro presenta unha importante carencia de beirarrúas en boa parte do traxecto o que supón un serio perigo para os peóns que se ven obrigados a circular pola calzada en gran parte da estrada. Ademais, este vial interior ten unha elevada densidade de tráfico, tamén de vehículos de alta tonelaxe, sobre todo tras converterse nun tramo alternativo para comunicar o noroeste e suroeste de Galicia despois da apertura da autovía Santiago-Brión no ano 2008, o que pon aínda máis en risco





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 11:39:43
Nº Rexistro: 23995
Data envío: 11/04/2025 11:39:43,998

a vida dos peóns e evidencia a necesidade urxente de mellorar a seguridade viaria da vía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a acometer de xeito inmediato a reforma da estrada que une Roxos con Portomouro na vía AC-453 para mellorar a seguridade viaria dos peóns e vehículos que diariamente transitan por ela.

Santiago de Compostela, a 11 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/04/2025 11:32:31

Carlos López Font na data 11/04/2025 11:32:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/04/2025 11:32:52

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80582

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Ernesto Abalde Alonso**, **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

O Consello da Xunta anunciou, tras a súa reunión realizada en Ferrol, un informe sobre as actuacións de obras e equipamentos realizados nos centros dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade na cidade de Ferrol e na súa comarca.

A primeira actuación prevista e a finalización das obras da residencia de maiores pública que impulsa a Fundación Amancio Ortega en Ferrol e que contará con 120 prazas públicas, zonas de atención especializada e servizos de comedor, podoloxía, ximnasio, salas de convivencia ou salón de peiteado, entre outros.

En canto ás residencias de maiores públicas, dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade, a residencia autonómica de Laraxe require dunha reforma integral para mellorar tanto as instalacións como a calidade do servizo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 12:08:13
Nº Rexistro: 24000
Data envío: 11/04/2025 12:08:13.800

Pola súa parte, a residencia autonómica de Caranza tamén precisa dunha renovación das infraestruturas en todas as súas plantas, incluíndo a instalación eléctrica, o sistema de contraincendios, así como a envolvente e a cuberta do edificio.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar perante desta Cámara, no prazo dun mes, a realizar un informe que conteña as previsións de posta en marcha da residencia pública de maiores construída pola Fundación Amancio Ortega no Concello de Ferrol, así como o modelo xestión que se utilizará.
2. Presentar perante desta Cámara, no prazo dun mes, un informe que inclúa as obras previstas para a actualización nas infraestruturas e servizos das residencias públicas de Laraxe e Caranza do Concello de Ferrol, indicando proxectos de adecuación, presupostos e prazos.

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 11/04/2025 12:01:23

Silvia Longueira Castro na data 11/04/2025 12:01:32

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80584

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 12:08:13
Nº Rexistro: 24000
Data envío: 11/04/2025 12:08:13.800

Elena Espinosa Mangana na data 11/04/2025 12:01:40

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/04/2025 12:01:47

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80585

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Patricia García González, Paula Mouzo Más, Gonzalo Trenor López, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos:

A caída do consumo do peixe é un feito incuestionable. Estamos a falar dunha caída do Consumo do 30 % dos produtos do mar, un feito que pon en risco a viabilidade da cadea mar-industria. Estamos a referirnos a industria pesqueira, ao sector da conserva, ao sector dos conxelados e tamén a industria naval da nosa comunidade.

Tan só por aportar un dato, a industria do conxelado facturou no ano 2024 case 4.360 millóns de euros e da emprego a 14.490 persoas.

Por si fora pouco os actuais responsables do Goberno de España e, en particular, o Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 elaborou un decreto que está a limitar o consumo de peixe nos comedores escolares. Sorprendentemente o Ministerio vincula esta pretendida restrición co fomento dunha alimentación saudable o que contradí, sen base científica, as recomendacións da Organización Mundial da Saúde e doutros organismos nacionais e internacionais.

Ademais, Galicia é unha potencia mundial no sector pesqueiro e conserveiro. Lidera na cadea mar-industria chegando a producir o 60 % da conserva en Europa, representada por 147 empresas dos 252 que están integradas na Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixe (Anfaco-Cecopesca) que supón o 88% da facturación e 75% do emprego.

Por estes motivos creemos necesario e urxente traer esta iniciativa para frear ese descenso nos hábitos dos consumidores a hora de elixir o peixe para a súa dieta diaria. Debemos marcalo como reto neste ano 2025 por parte de todas as administracións e recuperar os datos de consumo perdidos. Desde a Asociación Nacional de Fabricantes

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





de Conservas de Peixe e Mariscos manifestaron a súa preocupación neste descenso e sitúan como reto fundamental esta recuperación do consumo.

O descenso do prezo está totalmente relacionada co aumento do consumo, desde o ano 2007 pecharon 6.000 pescaderías por múltiples exixencias por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, facendo caso a exemplos en Noruega onde si baixaron o prezo do peixe nun 20 % e conseguiron subir o Consumo un 33 %. O descenso do prezo está directamente relacionado con aumento do consumo.

Para iso, precisamos tomar urxentemente unha serie de medidas que pasarían pola baixada o IVE dos produtos do mar. Sería unha medida fundamental nun contexto inflacionista para estabilizar o consumo, así como, campañas de fomento do consumo de peixe segundo o recomendado pola OMS, tres inxestas a semana de peixe sería óptimo.

Pola súa banda, a propia Xunta de Galicia, desenvolve diversas iniciativas dirixidas á promoción do consumo de produtos do mar como as campañas Galicia Sabe AMAR ou accións como Vai de Peixe ou Fai clic ao teu bocata está última especificamente dirixida a incentivar o consumo de peixe, ben fresco ou en conservas entres os escolares, así como outorga axudas á cadea mar-industria para que adapte os seus produtos ás demandas dos consumidores. Ou a campaña itinerante por Galicia e fora de Galicia que leva os produtos do mar a todos os recunchos, como son as Foodtrucks de Galicia Sabe AMAR que tratan de fomentar o consumo do peixe promocionando a dieta atlántica.

A desacertada pretensión do Goberno de España coincide tamén nun momento especialmente sensible dada a constante caída da demanda de consumo de produtos do mar que se está a rexistrar no mercado. Cómpre lembrar que peixes e mariscos non son considerados un alimento esencial polo Executivo central e polo tanto están excluídos da rebaixa do IVE que si aprobaron para aceites ou pastas.

Neste sentido tamén se manifesta a Asociación Española de Maioristas, Importadores, exportadores e Transformadores de produtos da Pesca e a Acuicultura (Conxemar) que afirmaba unha vez máis que “O IVE do peixe en España é do 10 % na contra en Europa ou non existe ou é máis baixo” e ao mesmo tempo destacaban a importancia de campañas para fomentar o consumo de peixe.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Alén disto, a industria do naval, a través da Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías asociadas de Galicia (Asime) manifestou a súa preocupación vinculando o consumo de peixe directamente ao encargo de barcos.

Todo isto, sen esquecerse do Consumidor final que é o que se enfronta a prezos sometidos a unha inflación galopante que fai que elixan opcións menos custosas para os seus petos. A relación prezo consumo está perfectamente demostrada.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España as medidas necesarias e efectivas para estabilizar o consumo como poden ser:

1. -A rebaixa do IVE dos produtos do Mar.
2. -A implementación de campañas que incentiven a recuperación de hábitos de consumo de peixe na dieta diaria coas recomendacións que ao respecto fai a OMS.“

Santiago de Compostela, 11 de abril 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/04/2025 12:14:16

Miguel Fidalgo Iglesias na data 11/04/2025 12:15:09

Jesús María Fernández Rosende na data 11/04/2025 12:15:18

María Deza Martínez na data 11/04/2025 12:15:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Dolores Hermelo Piñeiro na data 11/04/2025 12:15:42

Paula Mouzo Mas na data 11/04/2025 12:15:54

Patricia García González na data 11/04/2025 12:16:05

Raúl Santamaría González na data 11/04/2025 12:16:23

Gonzalo Trenor López na data 11/04/2025 12:16:32

Manuel Santos Costa na data 11/04/2025 12:17:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Partido Popular, través do seu portavoz, e a iniciativa dos deputados e deputadas **Víctor Baladrón Lamas, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de Lei para o seu debate en pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación de tren de Portas de Galicia, situada no concello da Gudiña, é un nodo ferroviario estratéxico no sueste de Galicia, con servizo de Alta Velocidade e conexión directa con Madrid e Ourense. Ademais de atender aos veciños da comarca de Monterrei e Valdeorras, é empregada por numerosos viaxeiros procedentes de Portugal, especialmente do norte do país.

Porén, a estación presenta unha importante deficiencia en materia de accesibilidade: o acceso ás plataformas de embarque realízase a través dunha rampa cunha pendente excesiva, que dificulta o paso de persoas con mobilidade reducida, persoas maiores e mesmo viaxeiros con equipaxe.

Esta situación resulta incompatible cos principios básicos de accesibilidade universal e coas esixencias mínimas que debe cumprir unha infraestrutura pública deste nivel. Por este motivo, consideramos urxente que se instale un ascensor que permita o acceso pleno e seguro ás plataformas de embarque para todas as persoas usuarias.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, a través do organismo competente, leve a cabo a instalación dun ascensor que permita o acceso accesible ás plataformas de embarque na estación de tren de Portas de Galicia (A Gudiña)”.





Santiago de Compostela, 10 de abril 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/04/2025 13:18:58

Víctor Baladrón Lamas na data 11/04/2025 13:19:14

Roberto Rodríguez Martínez na data 11/04/2025 13:19:32

Carmen Pomar Tojo na data 11/04/2025 13:19:56

José Luis Ferro Iglesias na data 11/04/2025 13:20:11

Cristina Campero Dorado na data 11/04/2025 13:20:25

Argimiro Marnotes Fernández na data 11/04/2025 13:20:46

María Deza Martínez na data 11/04/2025 13:20:58

Dolores Hermelo Piñeiro na data 11/04/2025 13:21:12

Gonzalo Trenor López na data 11/04/2025 13:21:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Accións de Cohesión de Destino Turístico (ACD) son estratexias que teñen por finalidade facer de un destino turístico un lugar atractivo, fortalecer a súa imaxe dende a integración do ecosistema que rodea o entorno do destino, complementado con distintas actividades.

A estratexia busca conectar destinos para promover unhas experiencias turísticas máis atractivas e máis integradoras. Atendendo as demandas do novo perfil do turista.

O turismo é un sector, como temos manifestado en moitas ocasións, moi importante no económico con capacidade de crecemento, no social pola súa transversalidade e tamén o debe de ser no medio ambiental.

A Xunta de Galicia ten publicado distintas convocatorias para a concesión de axudas a proxectos turísticos para o seu fomento. Dende a mellora do litoral en distintas vertentes dende que van na procura da mellora dos recursos ata infraestruturas. Así como no eido gastronómico tamén con varias liñas de actuacións. E as destinadas ao termalismo.

As axudas están enmarcadas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. As accións de cohesión en Destino son xestionadas polas comunidades autónomas e a



Secretaría de Estado de Turismo, en colaboración coas entidades locais e a FEMP. Como se indica no apartado 8.1.2 da estratexia, as Actuacións de Cohesión entre Destinos (ACD) serán liderados polas comunidades autónomas. Na súa execución poderán participar baixo a coordinación e as fórmulas que estableza cada comunidade autónoma, calquera das entidades locais anteriormente mencionadas.

Para o desenvolvemento das ACD a Xunta de Galicia saca estas liñas de axudas, pero tamén o fai con investimento directo da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dar conta de:

1. O grado de execución por anualidades das distintas convocatorias postas en marcha pola Xunta de Galicia das Accións de Cohesión de Destino Turístico, así como dos convenios con este mesmo fin.
2. O reparto de fondos territorializados, garantindo criterios de territorialidade e equidade, e comprometéndose a informar periodicamente a esta Cámara sobre a distribución deses fondos por territorio e tipoloxía de actuación.

Santiago de Compostela, a 11 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/04/2025 13:16:26





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 13:54:16
Nº Rexistro: 24026
Data envío: 11/04/2025 13:54:16.259

Patricia Iglesias Rey na data 11/04/2025 13:16:35

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/04/2025 13:16:49

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80594

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Óscar Insua Lema** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o último Informe do Consello de Contas da Conta Xeral das Entidades Locais, exercicio 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Contas de Galiza acaba de facer público estes días o Informe da Conta Xeral das Entidades Locais, exercicio 2023. Actuación [1702024-01]. Os obxectivos xerais para esta fiscalización eran os seguintes:

- 1) Analizar o censo do sector público local de Galiza, para dar información das entidades locais e entes dependentes que o forman.
- 2) Analizar o grao de cumprimento da obriga que teñen as entidades locais de Galiza de render as súas contas ao Consello de Contas de Galiza antes do 15 de outubro de 2024.
- 3) Avaliar a integridade e coherencia da información contida nas contas anuais relativas ao exercicio 2023, de xeito que reflectan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do orzamento e dos resultados da entidade.
- 4) Examinar a situación económico financeira do sector público local de Galiza, así como da súa evolución temporal, mediante a análise da liquidación do orzamento de gastos e ingresos, do resultado orzamentario, do remanente de tesourería, dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indicadores e das principais magnitudes orzamentarias, económicas e financeiras, tanto de xeito individual como agregado tomando como criterio de integración os ámbitos institucional e poboacional.

5) Realizar unha análise particular das magnitudes do endebedamento que se colixan das contas anuais.

6) Ofrecer unha visión global sobre a situación económica do sector público local, incluíndo a capacidade ou necesidade de financiamento do sector durante o exercicio, aforro bruto e neto xerado

Feito a análise pola entidade fiscalizadora, esta emitiu unha serie de conclusión e recomendacións, dirixidas tanto ás entidades locais como as Deputacións e Xunta de Galiza. Mais dos datos que aporta o informe, pódense extraer informacións relevantes que afecta directamente ao financiamento dos concellos e doutras entidades locais, así como á situación económica e financeira na que se atopan.

Sobre a situación financeira dos concellos, cabe salientar unha vez máis, que “O conxunto do sector local presenta cifras positivas de xeito agregado, se ben 155 entidades locais presentan saldo, por operacións non financeiras, negativo. Esta circunstancia pon de manifesto a incapacidade dos dereitos recoñecidos no exercicio para atender as obrigas xeradas no mesmo, sendo, polo tanto, unha execución contraria ao principio de estabilidade orzamentaria, sen prexuízo dos axustes que proceda practicar neste resultado derivados do Sistema Europeo de Contas. Tralos devanditos axustes o número de entidades que incumpren a estabilidade orzamentaria descende a 147 entidades.”

Son vinte tres concellos (A Cañiza, A Gudiña, Arbo, Baralla, Calvos de Randín, Cambados, Carballo, Catoira, Cospeito, Crecente, Fene, Larouco, Lugo, Maceda,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Meis, Melón, Mondariz, Pol, Ponte Caldelas, Porqueira, Riós, Salceda de Caselas, Taboada), e dúas entidades locais menores (Queimadelos e Vilasobroso) as que se atopan nunha situación financeira comprometida ao presentar cifras negativas tanto do remanente de tesourería como do aforro neto do exercicio, o que pode afectar á sustentabilidade dos seus gastos correntes.

E neste sentido, o Consello de Contas, recoméndalle á Xunta de Galiza, que “ademais das funcións encomendadas á Consellería de Facenda e Administración Pública como órgano de tutela financeira das entidades locais polo artigo 49.1 do Estatuto de Autonomía de Galiza, asuma un papel proactivo e de impulso —sen prexuízo da garantía do principio de autonomía local— no que atinxe por exemplo, ao seguimento da situación na que se atopan as mancomunidades con dificultades para o desenvolvemento das súas finalidades estatutarias”.

Se nos adentramos na análise do financiamento local a través dos orzamentos da Comunidade Autónoma no exercicio 2023, comprobamos que “o crédito orzamentario inicial destinado a pagar as entregas a conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma ascendeu a 151.316,56 miles de euros (dos cales 112.972,80 miles de euros corresponden ao fondo base e 38.343,76 miles de euros ao fondo adicional, liquidacións de exercicios anteriores e transferencias a Santiago de Compostela pola capitalidade) e os restantes 415.450,96 miles de euros corresponderon ás transferencias ás entidades locais de Galiza derivadas da subscrición de convenios ou da concesión de subvencións.”

Mais se atendemos ás cifras dos créditos definitivos, así como as porcentaxes de execución dos diferentes programas de gastos que recollen este financiamento, podemos comprobar que das transferencias vinculadas a convenios e subvencións no exercicio 2023, e que se corresponden coas partidas que a Xunta presuntamente destina aos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concellos de forma condicionada (374.182.656,66 €), tan só se executaron 282.822.961,47, polo que a Xunta de Galiza aforrou 91.359.695,19 €, que de ningunha forma se incorporaron nas contas dos concellos nese ano, nin nos seguintes.

A diferenza do que ocorre coas partidas sobrantes do Fondo de Cooperación Local, que si se incorporan no exercicio posterior no mesmo fondo, as partidas de cartos que inicialmente se programan para destinar aos concellos a través de ordes de axudas e convenios, e que non se chegan a executar, quedaron no peto da Xunta, despois de escoitar dúcias de anuncios e de propaganda da Dirección Xeral da Administración Local sobre o aumento ano tras ano do financiamento ás entidades locais.

Esta información non é nova, pois o propio Consello de Contas, en decembro de 2024 xa anunciaba no informe sobre as medidas adoptadas para abordar o reto demográfico nos concellos de menor poboación, que “ Unha parte moi relevante do financiamento dos Concellos ven da participación en convocatorias de axudas ou sinatura de convenios de colaboración, o cal demora a concreción e realidade dos seus ingresos anuais e plurianuais ata finais do segundo semestre de cada ano, facéndose efectivo o cobro aínda meses despois. A porcentaxe de execución das transferencias a entidades locais, excluído o FCL, chega só ao 70% do total, tal e como se recolle no informe da Conta Xeral da CAG para o ano 2022 emitido recentemente polo Consello de Contas de Galiza.” E afirmando que “debemos concluír que este indicador sería de risco moi elevado en todos os concellos porque unha grande parte do seu financiamento non fixo (FCL e participación directa nos ingresos do Estado) depende da «vontade» de convocar subvencións ou de concedelas directamente pola CAG.” E nese sentido, indicaba o Consello de Contas que “Debe modificarse o réxime de convocatoria e transferencia de fondos aos concellos para axilizar a entrada de financiamento anual, en particular en financiamento que na actualidade se está a conceder por concorrência non competitiva ou concesión directa, integrando os ditos importes nos libramentos que con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cargo a FCL ou de xeito autónomo se poidan realizar nos propios OXCAG. O financiamento estrutural ou «non condicionado» dos pequenos concellos debería contemplar sistemas que non esixa a participación previa en convocatorias de axudas ou subvencións que limitan a concorrência en función dos recursos persoais e materiais”.

Á vista de que a Xunta de Galiza, non modificou a tónica dominante nesta particular partitura da financiación local, e que lle serve para que o 75% dos fondos que presuntamente destina aos concellos non sexan incondicionados, e por ende, seguir aforrando cartos a costa de non executalos e entregarllos aos concellos, como no exercicio 2023, onde superaron os 90 Millóns de euros, e tendo en consideración a situación financeira reflectida neste último informe pola que están a pasar moitos concellos de Galiza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate no Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1- Incorporar no Fondo Base de Cooperación Local dos orzamentos de 2025, os 91.359.695,19 € con destino aos concellos no exercicio 2023 que non foron executados.

2- Modificar os réximes de convocatoria e transferencia de fondos aos concellos para axilizar a entrada de financiamento anual, en particular o financiamento que na actualidade se está a conceder a través de axudas e convenios, integrando ditos importes nos libramentos a cargo a Fondo Base de Cooperación Local.

3- Asumir un papel proactivo e de impulso —sen prexuízo da garantía do principio de autonomía local— no seguimento da situación na que se atopan as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mancomunidades con dificultades para o desenvolvemento das súas finalidades estatutarias, mediante o reforzamento das funcións de colaboración e asistencia técnica e xurídica a través da Consellería competente en materia de réxime local, previstas no artigo 136.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galiza, que expresamente contempla a obriga de prestar a dita asistencia para a constitución e funcionamento das mancomunidades, así como a consignación nos orzamentos dunha partida destinada ao fomento e axuda das mancomunidades municipais estimulando o réxime asociativo.”

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025

Asdo.: **Óscar Insua Lema**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 11/04/2025 16:57:21

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/04/2025 16:57:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2025 16:57:35





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos

O comercio de Galicia é unha das nosas maiores fontes de riqueza e cohesión social. A súa importancia está fóra de toda dúbida, situándose Galicia na quinta posición de España entre as comunidades autónomas cun maior número de empresas de comercio retalista, cun total de máis de 32.000 establecementos comerciais, dando emprego a 106.960 persoas.

A Xunta de Galicia é consciente da importancia do comercio na economía e no emprego de Galicia, e segue apostando por consolidar un sector competitivo, forte, moderno, atractivo e de calidade nun contexto marcado pola situación inflacionista que está a influír, dun xeito indubidable, na actividade económica e no comportamento dos/as consumidores/as, afectando de forma moi significativa á actividade comercial e, en xeral, á economía das persoas consumidoras.

Neste marco de referencia, o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030 constitúe a folia de ruta estratéxica da política comercial que desenvolverá o Goberno galego nos próximos anos, resultado da colaboración activa cos principais axentes do sector, a través dun proceso participativo previo con 300 representantes de federacións e asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos, prazas de abastos, venda ambulante, grandes superficies, artesás, autónomos, cámaras de comercio, persoas consumidoras e administración local, cos que se debateu e identificaron os principais retos aos que se enfronta o sector, co fin de adecuar, de forma coordinada e transparente, a acción pública de tódalas administracións ás necesidades actuais e futuras do comercio de Galicia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha, o antes posible, o Plan Estratéxico do Comercio 2025-203 co fin de abordar os principais desafíos aos que se enfronta o sector, en coordinación coas administracións e da man do sector”.

Santiago de Compostela, 11 de abril 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/04/2025 17:03:51

María Felisa Rodríguez Carrera na data 11/04/2025 17:04:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/04/2025 17:04:38

Miguel Fidalgo Iglesias na data 11/04/2025 17:04:47

María Deza Martínez na data 11/04/2025 17:05:09

Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2025 17:05:26

Ángel Rodríguez Conde na data 11/04/2025 17:05:44

Cristina Sanz Arias na data 11/04/2025 17:06:06

Borja Vereza Fraiz na data 11/04/2025 17:06:22

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 11/04/2025 17:06:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández González** e **Cristina Fernández Davila** e deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ArteLixo é unha iniciativa veciñal de Redondela que procura a reflexión sobre o medio ambiente a través da intervención artística. A súa organización conta cunha dilatada traxectoria que se remonta 30 anos atrás, cando por vez primeira os veciños e veciñas se xuntaron para protestar contra o vertedoiro situado na marisma.

Hoxe, o ArteLixo xa é un festival consolidado que cada ano enche as rúas de Redondela de obras de arte e que conta cun forte vínculo e participación veciñal. É por iso que cada ano os centros educativos, ao igual que outras entidades sociais, participan activamente do festival, a través de intervencións artísticas que son tamén expostas nas rúas da localidade.

En cada edición o festival aborda algún tema ambiental, así por exemplo na anterior de 2024 o título do festival foi “A todo trapo!” e convidaba a reflexionar sobre o impacto da industria téxtil, a segunda máis contaminante. Na edición de 2025, inaugurada o pasado 4 de abril, o festival mudou o seu nome por “AltriLixo” para reflexionar sobre os graves impactos que traería a implantación desta macrocelulosa en Galiza.

Como soe ser habitual houbo unha implicación activa dos centros educativos que elaboraron distintas pezas que foron expostas. Mais desta volta recibiron unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunicación especial dende a Dirección Territorial provincial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional cuestionando a participación dos centros educativos neste festival, precisamente polo tema abordado.

A mensaxe que se traslada ás direccións dos centros educativos é ambigua e ten tintes de ameaza velada, xa que non se explicita unha consigna clara sobre a participación no festival pero se esixe que se dean explicacións en caso de ter participado no ArteLixo.

Os motivos que esgrime para exercer este veto e control segundo a Dirección Territorial é o nome que o festival adoptou este ano. A alusión a Altri e o convite á reflexión social sobre os efectos no medio ambiente, son motivo de veto para a Consellería.

Dende o BNG esiximos unha rectificación por parte da Xunta de Galiza por ameazar a liberdade pedagóxica, a liberdade de expresión e a creación de conciencia crítica ao alumnado, co único obxectivo de continuar amordazando e silenciando o rexeitamento social que provoca este proxecto que a Xunta promove.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a enviar unha rectificación a todos os centros polo correo enviado, e a garantir a liberdade pedagóxica dos docentes para fomentar a conciencia crítica e os valores vinculados coa preservación do medio e a participación social, así como a garantir a liberdade de expresión do alumnado.”

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Alexandra Fernández González

Cristina Fernández Davila

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 14/04/2025 09:49:53

Cristina Fernández Davila na data 14/04/2025 09:56:14

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/04/2025 09:56:46

Ana Pontón Mondelo na data 14/04/2025 09:57:02



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereas Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Europa ten determinados uns obxectivos climáticos e dixitais nos que as materias primas fundamentais e estratéxicas xogan, inexorablemente, un papel determinante.

Polo tanto, recoñecendo como Unión que estas supoñen unha oportunidade, tamén é certo que son moitos os retos futuros aos que nos enfrontamos: o abastecemento, a transformación ou salvagarda das cadeas de subministración, entre outros.

En consecuencia, á fin de blindar unha subministración segura e sostible de materias primas fundamentais para a industria europea e reducir a dependencia da UE con respecto ás importacións subministradas por un só país, en abril de 2024, naceu a coñecida como Lei Europea de Materias Primas (Regulamento 2024/1252, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece un marco para garantir unha subministración segura e sostible de materias primas fundamentais e polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 168/2013, (UE) 2018/858, (UE) 2018/1724 e (UE) 2019/1020).

Unha norma que, a grandes trazos, pivota sobre cinco eixes: a necesidade de establecer prioridades de actuación claras, como por exemplo, que de aquí a 2030, non se dependa dun só terceiro país para máis do 65% da subministración; desenvolver as capacidades europeas, é dicir, a UE debe reforzar a súa cadea de valor das materias primas, desde a minería ata o refinado, pasando pola transformación e o reciclado; mellorar a resiliencia; investir en investigación, innovación e capacidades e, por último, promover unha economía circular das materias primas fundamentais máis sostible e circular.

Polo tanto, a norma europea obríganos, como Estado membro, a seguir os preceptos recollidos nela e, así, tratar de asegurar unha subministración segura e sostible de materias primas estratéxicas e fundamentais.

Aquí, en Galicia, previamente á lexislación europea, contamos entre outros instrumentos, coa Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030, unha folla de ruta que se centra neste sector sabendo do seu papel como provedor de minerais



estratéxicos, ao tempo que afonda na innovación tecnolóxica e o talento, e pretende fomentar a integración ambiental da minería, a economía circular e a posta en valor do patrimonio mineiro.

Sen embargo, debido á magnitude da minería na nosa Comunidade e, tamén, á situación xeopolítica actual é preciso seguir implementando medidas que aseguren e potencien este sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer a importancia das materias primas fundamentais e das materias primas estratéxicas para reforzar a autonomía estratéxica e reducir a dependencia do exterior.
2. Continuar coa axenda iniciada este 2025 e convocar novos concursos de dereitos mineiros caducados có obxectivo de impulsar a investigación de materiais minerais fundamentais para sectores estratéxicos da economía de cara ao seu futuro aproveitamento.
3. Dirixirse ao Goberno de España para que promova as iniciativas lexislativas necesarias para o establecer o recoñecemento explícito das materias primas minerais como recursos de primeira necesidade e carácter estratéxico dentro da Reserva Estratéxica baseada nas Capacidades Nacionais de Producción Industrial (RECAPI)”.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/04/2025 09:58:53

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/04/2025 09:59:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/04/2025 09:59:26

María Deza Martínez na data 14/04/2025 09:59:37

Miguel Fidalgo Iglesias na data 14/04/2025 09:59:50

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/04/2025 10:00:02



Ángel Rodríguez Conde na data 14/04/2025 10:00:12

Cristina Sanz Arias na data 14/04/2025 10:00:22

Borja Vereza Fraiz na data 14/04/2025 10:00:40

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/04/2025 10:00:56



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Víctor Baladrón Lamas, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 en concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Galicia rubricou un documento pioneiro con catro países hispanoamericanos para favorecer a atracción de traballadores e traballadoras, dunha maneira ordenada e atendendo ás necesidades das empresas.

O manifesto plasma a súa vontade de traballar con países hispanoamericanos en facilitar pontes de oportunidades para o talento e axudar a dar resposta a retos como a falta de man de obra en sectores estratéxicos, ao tempo que se crean valiosas sinerxías entre territorios.

O seu obxectivo consiste en dar o primeiro paso nunha folla de ruta que arrincará este mesmo ano e estará dirixida a favorecer, de forma ordenada, a incorporación de traballadores e traballadoras de terceiros países ao mercado laboral galego. Búscase pechar un procedemento tutelado desde o inicio, onde participen as administracións de orixe e destino do traballador e traballadoras, así como as empresas galegas con necesidade de incorporar talento e que poderán realizar ofertas de contratación nos países de orixe dos traballadores e traballadoras migrantes.

Con isto, o Goberno galego busca activar entre cada administración asinante e Galicia, mecanismos que faciliten a migración laboral dos seus traballadores e traballadoras nacionais no marco das políticas activas de emprego, que é unha competencia exclusiva das comunidades autónomas. Tamén abrir vías de acceso ás oportunidades de emprego en Galicia para cidadáns dos Estados que firmaron o documento, ademais de reforzar a colaboración entre administracións para mellorar a formación, a capacitación, a cualificación e a empregabilidade, das persoas traballadoras migrantes.

Ademais, tamén busca desenvolver mecanismos que faciliten a homologación de títulos académicos e certificacións dos profesionais destes países que decidan traballar na comunidade.

Do mesmo modo, o Executivo autonómico seguirá traballando para axilizar os permisos de residencia e de traballo dos nacionais de terceiros países e poder habilitar un proceso que reduza os prazos para obter esta documentación.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar os trámites para reclamar a transferencia das competencias en materia de permisos de residencia e de traballo das persoas migrantes para poder habilitar un proceso que reduza os prazos para obter esta documentación”.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/04/2025 13:32:23

Noelia Pérez López na data 14/04/2025 13:32:47

Víctor Baladrón Lamas na data 14/04/2025 13:33:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/04/2025 13:33:12

Raquel Arias Rodríguez na data 14/04/2025 13:33:22

Nicole Grueira Fernández na data 14/04/2025 13:33:34

Dolores Hermelo Piñeiro na data 14/04/2025 13:33:43

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/04/2025 13:33:56

Ethel Vázquez Mourelle na data 14/04/2025 13:34:10

Maria Magdalena Perez Millares na data 14/04/2025 13:34:25



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Mouzo Mas, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Nos últimos anos, Galicia experimentou un preocupante aumento da actividade do narcotráfico, consolidándose como unha das principais portas de entrada de droga a Europa.

A xeografía da súa costa, coa súa complexa orografía, a profundidade das súas rías, que penetran no territorio a través das desembocaduras fluviais e as múltiples praias de difícil acceso, converteu a nosa comunidade nun enclave estratéxico para os grupos criminais dedicados ao tráfico de estupefacientes.

As organizacións de narcotráfico perfeccionaron os seus métodos, recorrendo a lanchas ultrarrápidas, narcosubmarinos e ao uso de embarcacións pesqueiras como tapadeira para o desembarco de droga.

Esta situación xerou unha crecente preocupación tanto nas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado como na cidadanía, especialmente en localidades costeiras da costa da Morte, como na ría de Camariñas.

Actualmente, a Garda Civil non conta cos efectivos nin os medios materiais suficientes para poder enfrontarse a esta ameaza crecente. Esta falta de infraestrutura contra o narcotráfico converte á comarca nun auténtico punto cego na loita contra o mesmo. A falta de patrullaxe permanente na zona facilita que as mafias operen con impunidad, utilizando métodos sofisticados de desembarco nocturno ou en condicións meteorolóxicas adversas, nas que só persoas moi avezadas e os narcotransportistas con experiencia se atreven a mover.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:



- 1.- Establecer os postos de Vimianzo e Corcubión como postos principais da Garda Civil na provincia da Coruña, có fin de que se poidan dotar dun maior número de efectivos e se poida mellorar a seguridade costeira, reforzar a loita contra o narcotráfico e garantir o cumprimento das competencias que a Garda Civil ten en zonas rurais e costeiras.
- 2.- Modernizar e reforzar os medios materiais e tecnolóxicos da Garda Civil na provincia da Coruña, e moi especialmente na comarca da Costa da Morte, dotando aos postos da Garda Civil de embarcacións máis potentes e manobrables, equipadas coa tecnoloxía necesaria para interceptar narcolanchas e garantir a eficacia das operacións no litoral galego.
- 3.- Revisar de maneira integral a dotación de medios persoais e materiais empregados polo goberno na loita contra o narcotráfico no litoral da provincia da Coruña e en toda a costa galega, absolutamente inadecuados ao reto ao que se enfrontan”.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/04/2025 13:48:59

Paula Mouzo Mas na data 14/04/2025 13:49:14

Paula Prado del Rio na data 14/04/2025 13:49:26

Julio García Comesaña na data 14/04/2025 13:49:37

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/04/2025 13:49:48

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/04/2025 13:50:01

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/04/2025 13:50:09

Katherinie Varela Fernández na data 14/04/2025 13:50:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a mazá da Estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector primario galego sofre un grave declive en todos os seus eidos produtivos. O que en Galiza foi un pilar chave da nosa economía na historia recente converteuse, nos derradeiros anos, nunha actividade complementaria a outras para aqueles que a levan a cabo, ou nunha actividade que de ser a única que ten unha rendibilidade cada vez menor. Esta mingua ven derivada do noso déficit de industrialización, das escasas aplicacións de melloras en canto a tecnoloxía e do desleixo a carón dos estudos realizados sobre os distintos sectores, cunha falla evidente de investimento e continuidade nestes, sen esquecer a escaseza de relevo xeracional e man de obra, que nos acaecen con especial gravidade e son o resultado de políticas de mantemento básico da Consellería de Medio Rural, sen obxectivo claro de mellora en ningún dos ámbitos que a ocupa.

O primeiro factor de difícil explicación no caso das producións galegas é diferenza entre a calidade do produto ofrecido e os prezos que se reciben por este en orixe, de xeito que unha materia prima de calidade óptima non deixa absolutamente ningún valor engadido nas áreas produtivas, marchando fóra do noso territorio para deixar beneficio no seu procesamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto ocorre no caso da produción de mazá na zona da Estrada, aínda que non é a única do país na produción desta froita, onde tamén son importantes zonas de Cedeira, Ortigueira, San Sadurniño, Chantada, etc. No caso da comarca do Deza, Tabeirós e Terra de Montes, a existencia desta produción e presenza de pomares débese a un grande número de produtores de pequeno e mediano tamaño que xeraron arredor do concello da Estrada unha dinámica de produción e comercialización desta froita, coa aparición de actores que fomentaron o aumento de produción por necesidades de mercado.

Esta demanda do mercado, por importante que semelle, non mellora os prezos que perciben os propietarios/as dos pomares, sexa cal sexa a cantidade de mazá recollida. A venda galega a 33 céntimos o kg contrasta ao comparala cos 44 céntimos que perciben en Asturias (CCAA que merca o noso produto para o uso na elaboración de sidra) ou os 55 céntimos cos que se xoga no País Vasco. En Galiza temos a produción de mazá para sidra máis grande do estado español ao sumar todas as zonas adicadas a este cultivo do país, amosándose claramente nos datos da campaña de 23/24, onde en toneladas temos 61.112, máis do dobre que no caso de Asturias e case 6 veces máis que en Euskadi. Aumentamos un 8,4% a produción con respecto á anualidade previa, importando na totalidade do estado menos mazá que na tempada anterior, sumando a de mesa e a destinada á produción de sidra.

No caso da Estrada hai un detalle engadido de elevada importancia e é o carácter ecolóxico desta produción froiteira, sendo a de maior relevancia no conxunto da UE, cunha cantidade de 1,5 millóns de kg de mazás anuais, cantidade que se atopa en perigo e con dificultade de ser conservada xa que o 40% das árbores están a chegar ao seu límite produtivo pola idade, cunha caída no rendemento alta e que urxe de proxectos de rexeneración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade a estimación de custos de produción sobre a que se toman referencias trátase dun estudo de 2019, momento dende o cal os sectores produtivos sufriron fondas transformacións derivadas de factores estruturais e sociais que requiren dunha actualización urxente dos datos. Malia iso, nese documento indícase que para producir un quilo de mazás destinadas a elaboración de sidra se invisten 41 céntimos, que choca cos prezos recibidos por os agricultores, que precisan alomenos 15 hectáreas para que unha rendibilidade aceptable, superficie plantada da que carecen a grande maioría deles. Deste xeito queda claro que na actualidade este tipo de plantacións para esa fin teñen un escaso retorno económico, o que ocasiona graves problemas nos produtores e unha situación de incerteza constante no que se refire á viabilidade das plantacións, que non só teñen a importancia da produción e xeración de riqueza económica, se non que a maiores gardan en si mesmas unha riqueza paisaxística propia destas zonas do territorio e unha conservación e protección deste pola que debemos pular.

Precísase dunha análise ampla do sector, onde se poñan enriba da mesa as principais eivas do mesmo, coas debilidades tanto estruturais coma sociais e económicas deste, para así poder valorar posibles solucións sobre o terreo e que a produción de mazá non se perda no país e por ende, na Estrada, onde ten grande protagonismo na actualidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a

1. Elaborar un estudo actualizado sobre os custos de produción da mazá e as posibles vías de diversificación deste produto en orixe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Elaborar un plan de acción de axuda ao sector onde as liñas principais se centren na rexeneración das árbores que están no límite da produción e a posta en funcionamento dun centro de almacenaxe, triaxe e lavado que estea en funcionamento en 2026.

3. Organizar unha xuntanza de traballo entre produtores, comerciantes e industria para chegar a acordos sobre o prezo do produto en orixe, de xeito que na próxima campaña os agricultores vendan a mazá a prezos que permitan as explotacións cubrir custos e ser economicamente rendibles.

4. Organizar unha reunión onde o sector e a Consellería de Medio Rural aborden as problemáticas principais e poidan sacarse en claro as liñas de acción a seguir nas próximas campañas para a revalorización e mantemento das explotacións agrícolas dedicadas á produción de mazá presentes na Estrada.

5. Elaborar o proxecto dun centro de transformación comunitario que permita que todas as produtoras/es poidan usar unhas instalacións e maquinaria conxunta, cuxo financiamento se obteña a través da Xunta de Galiza e permita a transformación de produto na zona de orixe, coa clara intención de ser autosuficientes e ganar en valor engadido na comarca”.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Montserrat Valcárcel Armesto

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 15/04/2025 10:57:58

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/04/2025 10:58:15

Secundino Fernández Fernández na data 15/04/2025 10:59:49

Luis Bará Torres na data 15/04/2025 11:00:23





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:08:47
Nº Rexistro: 24217
Data envío: 16/04/2025 11:08:47.826

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 322A. Fomento da empregabilidade ten unha execución do 46,6 % no ano 2024.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Executar a totalidade dos fondos orzados e dispoñibles en materia de fomento da empregabilidade correspondente ao programa 322A.
2. Elaborar un informe que estableza as causas da baixa execución no programa 322A de fomento da empregabilidade nos últimos anos.

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 10:46:37

Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2025 10:46:49

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2025 10:47:00

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80619

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:08:47
Nº Rexistro: 24217
Data envío: 16/04/2025 11:08:47.826

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2025 10:47:13

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80620

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:10:03
Nº Rexistro: 24222
Data envío: 16/04/2025 11:10:03,576

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 323A. Formación profesional para desempregados ten unha execución do 47,9 % no ano 2024.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Executar a totalidade dos fondos orzados e dispoñibles en materia de formación profesional para desempregados correspondente ao programa 323A.
2. Elaborar un informe que estableza as causas da baixa execución no programa 323A de formación profesional para desempregados nos últimos anos.

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 10:55:21

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80621

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:10:03
Nº Rexistro: 24222
Data envío: 16/04/2025 11:10:03,576

Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2025 10:55:36

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2025 10:55:47

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2025 10:56:01

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80622

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:11:29
Nº Rexistro: 24227
Data envío: 16/04/2025 11:11:29.934

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 323B. Formación profesional para ocupados ten unha execución do 41,5 % no ano 2024.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Executar a totalidade dos fondos orzados e dispoñibles en materia de formación profesional para ocupados correspondente ao programa 323B.
2. Elaborar un informe que estableza as causas da baixa execución no programa 323B de formación profesional para ocupados nos últimos anos.

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80623

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:11:29
Nº Rexistro: 24227
Data envío: 16/04/2025 11:11:29.934

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 11:03:17

Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2025 11:03:30

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2025 11:03:40

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2025 11:03:53

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80624

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 12:16:40
Nº Rexistro: 24236
Data envío: 16/04/2025 12:16:40,644

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Cada vez que se produce unha vaga de incendios o Partido Popular e o Goberno galego volven a incidir no de sempre en criminalizar á cidadanía falando dos moitos pirómanos e incendiarios que ao seu entender proliferan libremente polos montes de Galicia.

A propia conselleira do Medio Rural afirmaba ante os primeiros lumes da tempada 2024 de forma literal “son probablemente intencionados e van no ADN de Galicia”, igual que fixeron tantas veces cando as cousas se volvían en contra apelando a un suposto terrorismo incendiario, argumento que foi desmontado dun xeito contundente e repetidas veces pola fiscalía de Galicia.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema de orde pública, aínda que ben sabemos que é preciso manter os esforzos neste eido e na persecución do delito. O problema dos incendios en Galicia é o abandono absoluto no que está o territorio, deste mundo rural desmantelado que o Partido Popular e o Goberno galego decidiron esquecer e seguen a facelo logo de gobernar a Xunta de Galicia durante a maior parte da súa existencia.

Considera este grupo parlamentario que é necesario consolidar e mellorar a eficacia do dispositivo contra incendios forestais. Temos que darlle apoio material, pero en tal caso debería atender o Goberno galego as achegas que se fixeron no ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80625

@PSdeG





das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, a resultas da vaga de lumes que se sufriu en Galicia en outubro do 2017.

E por esa mesma razón a Xunta de Galicia debería atender as conclusións e recomendacións que con motivo do anterior ditame fixo o grupo de expertos en incendios forestais, e que recolleron nun documento que foi entregado no Parlamento no verán de 2019.

É obvio que moitas das melloras que propoñían aínda non foron implementadas nin asumidas polo Goberno galego, creouse unha dirección xeral pero no que non se tratou dun reparto axeitado dos medios de loita existentes na comunidade autónoma conforme á situación actual.

No documento xeral elaborado polo grupo de traballo presentáronse varias táboas sobre a distribución ideal das brigadas, tanto en canto ao seu número como ao seu despregue territorial e temporal. Nas táboas presentadas evidénciase claramente unha forte distorsión ou descompensación no reparto actual das brigadas respecto do modelo proposto, uns desaxustes que debería ter en conta a Consellería do Medio Rural á hora de definir e distribuír o operativo.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que presente no Parlamento de Galicia, no prazo de tres meses, un proxecto de reparto dos medios de loita existentes na comunidade autónoma, os reforzos que sexan necesarios e a súa distribución territorial, axustándose verdadeiramente á incidencia dos lumes as comarcas e distritos, e aos pouco alentadores escenarios que nos augura o cambio climático, tal como recomendou o grupo de expertos e como consta no ditame aprobado no Parlamento de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 12:16:40
Nº Rexistro: 24236
Data envío: 16/04/2025 12:16:40,644

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 12:15:13

Lara Méndez López na data 16/04/2025 12:15:27

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2025 12:15:37

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80627

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A Consellería do Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para desenvolvemento de labores preventivos, de vixilancia e defensa contra incendios forestais. Os labores preventivos son financiados por fondos europeos mentres os labores de vixilancia e defensa contra incendios son financiados pola Xunta de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou de forma reiterada que non comparte este modelo de defensa contra o lume, un modelo que non se axusta á realidade existente no territorio galego, nin á virulencia dos incendios actuais. Galicia necesita dun modelo axustado á realidade, dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da consellaría con competencias na materia e orzamento para iso.

Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, engadindo dificultades á xa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos e agora agravadas, cunha carga financeira cada vez maior.

Estes convenios adoecen de deficiencias e ano tras ano son menos os concellos que as constitúen pola dificultade de atopar persoal para formalas e polas características do propio convenio ofertado polo Goberno galego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 12:57:36
Nº Rexistro: 24249
Data envío: 16/04/2025 12:57:36.592

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a mudar o modelo de ofertar convenios aos concellos de brigadas de incendios cara a un servizo único, estable e profesional dependente do Goberno galego e mentres isto non se leve a cabo, oferte, en todo caso, o convenio ás entidades locais só para labores preventivos, cunha duración mínima de 6 meses e cunha data de inicio que permita telos labores preventivos realizados con anterioridade a época de alto risco de incendios.

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 12:55:41

Lara Méndez López na data 16/04/2025 12:55:53

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2025 12:56:04

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80629

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A homologación e validación de títulos universitarios estranxeiros supón un auténtico obstáculo para milleiros de persoas en España. Na actualidade, o tempo medio de espera para completar estes trámites –que dependen do Ministerio de Universidades— supera os dous anos e pode acadar os seis nalgúns casos, o que dificulta enormemente a integración laboral dos profesionais afectados.

O Goberno de España non pode ocultar que existe unha inxente cantidade de solicitudes de homologación, de declaración de equivalencia ou de validación de títulos estranxeiros que están pendentes de resolución. Desde 2024, o Ministerio de Universidades acumulou entón a 100.000 solicitudes que agardan ser tramitadas. Mais mentres a cifra de expedientes continúa medrando, especialmente desde a entrada en Real Decreto 889/2022, o ritmo de resolucións segue a ser insuficiente.

Estamos a falar de profesionais altamente cualificados que se ven atrapados nun limbo administrativo ao chegar ao España, sen poder acreditar a súa formación durante un tempo que descoñecen e, polo tanto, sen poder optar a postos de traballo para os que están formados. Esta demora supón unha perda de talento e de oportunidades, tanto para as persoas afectadas como para o conxunto da sociedade.

O ano pasado, o Grupo Popular presentou unha iniciativa para intentar buscar unha solución que permitise axilizar estes trámites, mais o problema persiste e non parece que se vaia solucionar no curto prazo.

Diante da inacción do Goberno central, a Xunta de Galicia trasladou que se estaba estudando a posibilidade de solicitar a transferencia das competencias nesta materia.



Sen embargo, as recentes sentencias do Tribunal Supremo, que anulan o traspaso de competencias ao País Vasco para homologar títulos estranxeiros, fan inviable continuar esta liña de traballo. Por iso, no actual contexto, é máis necesario que nunca que o Goberno central tome as medidas oportunas e garanta os dereitos de todas as persoas afectadas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España que incremente, con carácter urxente, a dotación de recursos humanos e materiais co obxectivo de dar resposta eficaz á tramitación das solicitudes de homologación, de declaración de equivalencia ou de validación de títulos universitarios estranxeiros que están pendentes de resolución, tendo en conta ademais as recentes sentenzas do Tribunal Supremo”.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/04/2025 13:20:14

Cecilia Vázquez Suárez na data 16/04/2025 13:20:30

Víctor Baladrón Lamas na data 16/04/2025 13:20:39

José Luis Ferro Iglesias na data 16/04/2025 13:20:51

Julio García Comesaña na data 16/04/2025 13:21:06

Patricia García González na data 16/04/2025 13:21:18

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/04/2025 13:21:32

Carmen Pomar Tojo na data 16/04/2025 13:21:46

María Felisa Rodríguez Carrera na data 16/04/2025 13:21:59

Raúl Santamaría González na data 16/04/2025 13:22:10



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Mouzo Mas, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Nos últimos anos, Galicia experimentou un preocupante aumento da actividade do narcotráfico, consolidándose como unha das principais portas de entrada de droga a Europa.

A xeografía da súa costa, coa súa complexa orografía, a profundidade das súas rías, que penetran no territorio a través das desembocaduras fluviais e as múltiples praias de difícil acceso, converteu a nosa comunidade nun enclave estratéxico para os grupos criminais dedicados ao tráfico de estupefacientes.

Esta situación xerou unha crecente preocupación tanto nas Forzas e Corps de Seguridade do Estado como na cidadanía, especialmente en localidades costeiras da costa da Morte, como na ría de Camariñas.

Actualmente, non existe unha soa base marítima do Servizo de Vixilancia Aduaneira nin un só destacamento da Garda Civil en toda a Costa da Morte, o que converte a esta área nun auténtico punto cego na loita contra o narcotráfico.

A falta de patrullaxe permanente na zona facilita que as mafias operen con impunidade, utilizando métodos sofisticados de desembarco nocturno ou en condicións meteorolóxicas adversas, nas que só os mariñeiros locais e os narcotransportistas con experiencia se atreven a mover.

A base marítima do Servizo de Vixilancia Aduaneira máis próxima á Costa da Morte, atópase en Muros, a máis de 30 millas de distancia en barco, o que implica que, ante un aviso de actividade sospeitosa, a chegada de reforzos pode tardar máis dunha hora, dependendo do estado do mar.

O Servizo de Vixilancia Aduaneira non só se enfronta a limitacións espaciais no exercicio das súas funcións, senón tamén significativas deficiencias na súa infraestrutura e equipamento

En agosto de 1991, o Servizo de Vixilancia Aduaneira anunciou que, antes de finalizar ese ano, estableceríase unha base marítima na ría de Camariñas, en Muxía, dotada



cunha lancha de alta velocidade e un equipo de dez funcionarios. Con todo, case 35 anos despois, en febreiro de 2025, a Administración segue sen materializar aquel compromiso

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

- 1º.- Establecer unha base permanente do Servizo de Vixilancia Aduaneira na ría de Camariñas (A Coruña), co fin de reforzar a loita contra o narcotráfico.
- 2º.- Modernizar e reforzar os medios materiais e tecnolóxicos do Servizo de Vixilancia Aduaneira en Galicia, dotándoa de embarcacións máis potentes e manobrables, equipadas coa tecnoloxía necesaria para interceptar narcolanchas e garantir a eficacia das operacións no litoral galego.
- 3º.- Ampliar a dotación de medios persoais e materiais empregados polo goberno na loita contra o narcotráfico no litoral da provincia da Coruña e en toda a costa galega, xa que os actuais están inoperativos ou son absolutamente inadecuados ao reto ao que se enfrontan.
- 4º.- Garantir a plena operatividade horaria do persoal do Servizo de Vixilancia Aduaneira en Galicia de tal xeito que non volva a acontecer que condicionantes económicos ou a negativa a abonar horas extra comprometa a execución de operacións contra o narcotráfico ou outras vinculadas as actividades deste servizo.
- 5º.- Garantir unha distribución equitativa e proporcionada dos medios materiais do Servizo de Vixilancia Aduaneira no conxunto das súas bases e nas distintas comunidades, de tal xeito que non se dea prioridade a determinados territorios por razóns espurias.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/04/2025 13:48:54

Paula Mouzo Mas na data 16/04/2025 13:49:07

Paula Prado del Rio na data 16/04/2025 13:49:21



Julio García Comesaña na data 16/04/2025 13:49:37

Roberto Rodríguez Martínez na data 16/04/2025 13:49:59

Argimiro Marnotes Fernández na data 16/04/2025 13:50:15

Carmen Pomar Tojo na data 16/04/2025 13:50:29

María Felisa Rodríguez Carrera na data 16/04/2025 13:50:43

Katherinie Varela Fernández na data 16/04/2025 13:50:51





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 10:28:17
Nº Rexistro: 24182
Data envío: 15/04/2025 10:28:17.724

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do voceiro solicita a esa Mesa a seguinte corrección de erros nos documentos con número de rexistro **22703** e **22704**, advertido un erro en ditos documentos.

Corrección de erros:

No quinto parágrafo da exposición de motivos, onde di:

“...impulsado por Recursos de Galicia...”; debe dicir:

“...impulsado por Recursos Minerais de Galicia...”.

Santiago de Compostela, a 15 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/04/2025 10:25:15

Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/04/2025 10:25:25

Lara Méndez López na data 15/04/2025 10:25:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/04/2025 10:25:40

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80635

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de incorporar psicólogos/as clínicos/as nos centros de saúde de Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de 16 anos de goberno do PP a situación da atención á saúde mental das galegas e galegos é moito máis que preocupante. Os indicadores evolucionan todos negativamente: incremento na incidencia dos trastornos psíquicos, da taxa de suicidios, aumento do consumo de psicofármacos... E pola contra, os recursos asistenciais específicos baixo mínimos

Houbo que agardar a 2017 para que aprobaran un plan de atención ao suicidio, do que non coñecemos ningunha valoración do nivel de cumprimento do mesmo

Agardar até 2020 para presentar un plan de saúde mental, que tampouco sabemos o nivel de cumprimento. De cumprirse na súa integridade nin estaríamos na media dos profesionais que a Xunta de Fraga consideraba preciso en 1997, hai 27 anos.

A magnitude dos problemas de saúde mental contrasta coas dificultades de acceso aos servizos sanitarios.

Coa Atención Primaria colapsada e os hospitais coas listas de espera desbordadas, o acceso ao circuíto sanitario fíxose aínda máis complicado para os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

trastornos mentais. Os e as doentes chegan tarde e chegan mal. Medran os casos de depresión e ansiedade, descompensase os trastornos graves e aumentan os de conduta alimentaria ou as tentativas de suicidio especialmente preocupante entre os e as máis novos/as.

Un problema leve de saúde mental non atendido ten moitas posibilidades de evolucionar a unha patoloxía grave, como ocorre co resto de enfermidades cando non son tratadas.

Se a accesibilidade non é posíbel córrese o risco de que se cronifiquen os problemas e sexa moito máis difícil atallalos.

Atención Primaria é fundamental para garantir a accesibilidade e unha atención próxima, razón pola cal o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a incluír nos orzamentos da Xunta para o ano 2026 unha partida de cinco millóns de euros para incorporar o vindeiro ano nos Centros de Saúde de Atención Primaria cen de prazas de psicólogos/as clínicos/as, que permita atención directa nos mesmos”.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2025 10:39:41

Iria Carreira Pazos na data 11/04/2025 10:39:58

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2025 10:40:12





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e o seu deputado **Patricia Iglesias Rey** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a seguridade viaria é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

No municipio de Ames, a mellora da seguridade viaria e da accesibilidade a todos os núcleos de poboación é unha necesidade urxente que se leva demandando dende fai moitos anos, debido aos numerosos problemas de seguridade viaria que presentan varias das súas vías.

Na vía AC-453, a estrada que une Roxos con Portomouro presenta unha importante carencia de beirarrúas en boa parte do traxecto o que supón un serio perigo para os peóns que se ven obrigados a circular pola calzada en gran parte da estrada. Ademais, este vial interior ten unha elevada densidade de tráfico, tamén de vehículos de alta tonelaxe, sobre todo tras converterse nun tramo alternativo para comunicar o noroeste e suroeste de Galicia despois da apertura da autovía Santiago-Brión no ano 2008, o que pon aínda máis en risco





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 11:39:34
Nº Rexistro: 23994
Data envío: 11/04/2025 11:39:34.764

a vida dos peóns e evidencia a necesidade urxente de mellorar a seguridade viaria da vía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a acometer de xeito inmediato a reforma da estrada que une Roxos con Portomouro na vía AC-453 para mellorar a seguridade viaria dos peóns e vehículos que diariamente transitan por ela.

Santiago de Compostela, a 11 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/04/2025 11:30:32

Carlos López Font na data 11/04/2025 11:30:41

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/04/2025 11:31:52





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Ernesto Abalde Alonso**, **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

O Consello da Xunta anunciou, tras a súa reunión realizada en Ferrol, un informe sobre as actuacións de obras e equipamentos realizados nos centros dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade na cidade de Ferrol e na súa comarca.

A primeira actuación prevista e a finalización das obras da residencia de maiores pública que impulsa a Fundación Amancio Ortega en Ferrol e que contará con 120 prazas públicas, zonas de atención especializada e servizos de comedor, podoloxía, ximnasio, salas de convivencia ou salón de peiteado, entre outros.

En canto ás residencias de maiores públicas, dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade, a residencia autonómica de Laraxe require dunha





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 12:08:32
Nº Rexistro: 24001
Data envío: 11/04/2025 12:08:32.206

reforma integral para mellorar tanto as instalacións como a calidade do servizo. Pola súa parte, a residencia autonómica de Caranza tamén precisa dunha renovación das infraestruturas en todas as súas plantas, incluíndo a instalación eléctrica, o sistema de contraincendios, así como a envolvente e a cuberta do edificio.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar perante desta Cámara, no prazo dun mes, a realizar un informe que conteña as previsións de posta en marcha da residencia pública de maiores construída pola Fundación Amancio Ortega no Concello de Ferrol, así como o modelo xestión que se utilizará.
2. Presentar perante desta Cámara, no prazo dun mes, un informe que inclúa as obras previstas para a actualización nas infraestruturas e servizos das residencias públicas de Laraxe e Caranza do Concello de Ferrol, indicando proxectos de adecuación, presupostos e prazos.

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 11/04/2025 12:00:32

Silvia Longueira Castro na data 11/04/2025 12:00:43

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80642

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 12:08:32
Nº Rexistro: 24001
Data envío: 11/04/2025 12:08:32.206

Elena Espinosa Mangana na data 11/04/2025 12:00:52

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/04/2025 12:01:00

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80643

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Patricia García González, Paula Mouzo Más, Gonzalo Trenor López, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

A caída do consumo do peixe é un feito incuestionable. Estamos a falar dunha caída do Consumo do 30 % dos produtos do mar, un feito que pon en risco a viabilidade da cadea mar- industria. Estamos a referirnos a industria pesqueira, ao sector da conserva, ao sector dos conxelados e tamén a industria naval da nosa comunidade.

Tan só por aportar un dato, a industria do conxelado facturou no ano 2024 case 4.360 millóns de euros e da emprego a 14.490 persoas.

Por si fora pouco os actuais responsables do Goberno de España e, en particular, o Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 elaborou un decreto que está a limitar o consumo de peixe nos comedores escolares. Sorprendentemente o Ministerio vincula esta pretendida restrición co fomento dunha alimentación saudable o que contradí, sen base científica, as recomendacións da Organización Mundial da Saúde e doutros organismos nacionais e internacionais.

Ademais, Galicia é unha potencia mundial no sector pesqueiro e conserveiro. Lidera na cadea mar-industria chegando a producir o 60 % da conserva en Europa, representada por 147 empresas dos 252 que están integradas na Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixe (Anfaco-Cecopesca) que supón o 88% da facturación e 75% do emprego.

Por estes motivos creemos necesario e urxente traer esta iniciativa para frear ese descenso nos hábitos dos consumidores a hora de elixir o peixe para a súa dieta diaria. Debemos marcalo como reto neste ano 2025 por parte de todas as administracións e recuperar os datos de consumo perdidos. Desde a Asociación Nacional de Fabricantes

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





de Conservas de Peixe e Mariscos manifestaron a súa preocupación neste descenso e sitúan como reto fundamental esta recuperación do consumo.

O descenso do prezo está totalmente relacionada co aumento do consumo, desde o ano 2007 pecharon 6.000 pescaderías por múltiples exixencias por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, facendo caso a exemplos en Noruega onde si baixaron o prezo do peixe nun 20 % e conseguiron subir o Consumo un 33 %. O descenso do prezo está directamente relacionado con aumento do consumo.

Para iso, precisamos tomar urxentemente unha serie de medidas que pasarían pola baixada o IVE dos produtos do mar. Sería unha medida fundamental nun contexto inflacionista para estabilizar o consumo, así como, campañas de fomento do consumo de peixe segundo o recomendado pola OMS, tres inxestas a semana de peixe sería óptimo.

Pola súa banda, a propia Xunta de Galicia, desenvolve diversas iniciativas dirixidas á promoción do consumo de produtos do mar como as campañas Galicia Sabe AMAR ou accións como Vai de Peixe ou Fai clic ao teu bocata está última especificamente dirixida a incentivar o consumo de peixe, ben fresco ou en conservas entres os escolares, así como outorga axudas á cadea mar-industria para que adapte os seus produtos ás demandas dos consumidores. Ou a campaña itinerante por Galicia e fora de Galicia que leva os produtos do mar a todos os recunchos, como son as Foodtrucks de Galicia Sabe AMAR que tratan de fomentar o consumo do peixe promocionando a dieta atlántica.

A desacertada pretensión do Goberno de España coincide tamén nun momento especialmente sensible dada a constante caída da demanda de consumo de produtos do mar que se está a rexistrar no mercado. Cómpre lembrar que peixes e mariscos non son considerados un alimento esencial polo Executivo central e polo tanto están excluídos da rebaixa do IVE que si aprobaron para aceites ou pastas.

Neste sentido tamén se manifesta a Asociación Española de Maioristas, Importadores, exportadores e Transformadores de produtos da Pesca e a Acuicultura (Conxemar) que afirmaba unha vez máis que “O IVE do peixe en España é do 10 % na contra en Europa ou non existe ou é máis baixo” e ao mesmo tempo destacaban a importancia de campañas para fomentar o consumo de peixe.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Alén disto, a industria do naval, a través da Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías asociadas de Galicia (Asime) manifestou a súa preocupación vinculando o consumo de peixe directamente ao encargo de barcos.

Todo isto, sen esquecerse do Consumidor final que é o que se enfronta a prezos sometidos a unha inflación galopante que fai que elixan opcións menos custosas para os seus petos. A relación prezo consumo está perfectamente demostrada.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España as medidas necesarias e efectivas para estabilizar o consumo como poden ser:

1. -A rebaixa do IVE dos produtos do Mar.
2. -A implementación de campañas que incentiven a recuperación de hábitos de consumo de peixe na dieta diaria coas recomendacións que ao respecto fai a OMS.“

Santiago de Compostela, 11 de abril 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/04/2025 12:18:38

Miguel Fidalgo Iglesias na data 11/04/2025 12:18:52

Manuel Santos Costa na data 11/04/2025 12:19:01

Paula Mouzo Mas na data 11/04/2025 12:19:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Jesús María Fernández Rosende na data 11/04/2025 12:19:24

Patricia García González na data 11/04/2025 12:19:59

María Deza Martínez na data 11/04/2025 12:20:12

Raúl Santamaría González na data 11/04/2025 12:20:21

Dolores Hermelo Piñeiro na data 11/04/2025 12:21:58

Gonzalo Trenor López na data 11/04/2025 12:22:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Partido Popular, través do seu portavoz, e a iniciativa dos deputados e deputadas **Víctor Baladrón Lamas, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 2ª; Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación de tren de Portas de Galicia, situada no concello da Gudiña, é un nodo ferroviario estratéxico no sueste de Galicia, con servizo de Alta Velocidade e conexión directa con Madrid e Ourense. Ademais de atender aos veciños da comarca de Monterrei e Valdeorras, é empregada por numerosos viaxeiros procedentes de Portugal, especialmente do norte do país.

Porén, a estación presenta unha importante deficiencia en materia de accesibilidade: o acceso ás plataformas de embarque realízase a través dunha rampa cunha pendente excesiva, que dificulta o paso de persoas con mobilidade reducida, persoas maiores e mesmo viaxeiros con equipaxe.

Esta situación resulta incompatible cos principios básicos de accesibilidade universal e coas esixencias mínimas que debe cumprir unha infraestrutura pública deste nivel. Por este motivo, consideramos urxente que se instale un ascensor que permita o acceso pleno e seguro ás plataformas de embarque para todas as persoas usuarias.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, a través do organismo competente, leve a cabo a instalación dun ascensor que permita o acceso accesible ás plataformas de embarque na estación de tren de Portas de Galicia (A Gudiña)”.





Santiago de Compostela, 11 de abril 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/04/2025 13:27:52

Víctor Baladrón Lamas na data 11/04/2025 13:28:06

Roberto Rodríguez Martínez na data 11/04/2025 13:28:59

Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2025 13:29:09

Gonzalo Trenor López na data 11/04/2025 13:29:19

Carmen Pomar Tojo na data 11/04/2025 13:29:41

José Luis Ferro Iglesias na data 11/04/2025 13:29:53

Cristina Campero Dorado na data 11/04/2025 13:30:08

María Deza Martínez na data 11/04/2025 13:30:33

Dolores Hermelo Piñeiro na data 11/04/2025 13:30:45

Argimiro Marnotes Fernández na data 11/04/2025 13:30:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Accións de Cohesión de Destino Turístico (ACD) son estratexias que teñen por finalidade facer de un destino turístico un lugar atractivo, fortalecer a súa imaxe dende a integración do ecosistema que rodea o entorno do destino, complementado con distintas actividades.

A estratexia busca conectar destinos para promover unhas experiencias turísticas máis atractivas e máis integradoras. Atendendo as demandas do novo perfil do turista.

O turismo é un sector, como temos manifestado en moitas ocasións, moi importante no económico con capacidade de crecemento, no social pola súa transversalidade e tamén o debe de ser no medio ambiental.

A Xunta de Galicia ten publicado distintas convocatorias para a concesión de axudas a proxectos turísticos para o seu fomento. Dende a mellora do litoral en distintas vertentes dende que van na procura da mellora dos recursos ata infraestruturas. Así como no eido gastronómico tamén con varias liñas de actuacións. E as destinadas ao termalismo.

As axudas están enmarcadas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. As accións de





cohesión en Destino son xestionadas polas comunidades autónomas e a Secretaría de Estado de Turismo, en colaboración coas entidades locais e a FEMP. Como se indica no apartado 8.1.2 da estratexia, as Actuacións de Cohesión entre Destinos (ACD) serán liderados polas comunidades autónomas. Na súa execución poderán participar baixo a coordinación e as fórmulas que estableza cada comunidade autónoma, calquera das entidades locais anteriormente mencionadas.

Para o desenvolvemento das ACD a Xunta de Galicia saca estas liñas de axudas, pero tamén o fai con investimento directo da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dar conta de:

1. O grado de execución por anualidades das distintas convocatorias postas en marcha pola Xunta de Galicia das Accións de Cohesión de Destino Turístico, así como dos convenios con este mesmo fin.
2. O reparto de fondos territorializados.

Santiago de Compostela, a 11 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/04/2025 13:15:50

Patricia Iglesias Rey na data 11/04/2025 13:16:00





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 13:54:31
Nº Rexistro: 24027
Data envío: 11/04/2025 13:54:31.071

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/04/2025 13:16:08

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80652

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Óscar Insua Lema** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o último Informe do Consello de Contas da Conta Xeral das Entidades Locais, exercicio 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Contas de Galiza acaba de facer público estes días o Informe da Conta Xeral das Entidades Locais, exercicio 2023. Actuación [1702024-01]. Os obxectivos xerais para esta fiscalización eran os seguintes:

- 1) Analizar o censo do sector público local de Galicia, para dar información das entidades locais e entes dependentes que o forman.
- 2) Analizar o grao de cumprimento da obriga que teñen as entidades locais de Galicia de render as súas contas ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro de 2024.
- 3) Avaliar a integridade e coherencia da información contida nas contas anuais relativas ao exercicio 2023, de xeito que reflectan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do orzamento e dos resultados da entidade.
- 4) Examinar a situación económico financeira do sector público local de Galicia, así como da súa evolución temporal, mediante a análise da liquidación do orzamento de gastos e ingresos, do resultado orzamentario, do remanente de tesourería, dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indicadores e das principais magnitudes orzamentarias, económicas e financeiras, tanto de xeito individual como agregado tomando como criterio de integración os ámbitos institucional e poboacional.

5) Realizar unha análise particular das magnitudes do endebedamento que se colixan das contas anuais.

6) Ofrecer unha visión global sobre a situación económica do sector público local, incluíndo a capacidade ou necesidade de financiamento do sector durante o exercicio, aforro bruto e neto xerado

Feito a análise pola entidade fiscalizadora, esta emitiu unha serie de conclusión e recomendacións, dirixidas tanto ás entidades locais como as Deputacións e Xunta de Galiza. Mais dos datos que aporta o informe, pódense extraer informacións relevantes que afecta directamente ao financiamento dos concellos e doutras entidades locais, así como á situación económica e financeira na que se atopan.

Sobre a situación financeira dos concellos, cabe salientar unha vez máis, que “O conxunto do sector local presenta cifras positivas de xeito agregado, se ben 155 entidades locais presentan saldo, por operacións non financeiras, negativo. Esta circunstancia pon de manifesto a incapacidade dos dereitos recoñecidos no exercicio para atender as obrigas xeradas no mesmo, sendo, polo tanto, unha execución contraria ao principio de estabilidade orzamentaria, sen prexuízo dos axustes que proceda practicar neste resultado derivados do Sistema Europeo de Contas. Tralos devanditos axustes o número de entidades que incumpren a estabilidade orzamentaria descende a 147 entidades.”

Son vinte tres concellos (A Cañiza, A Gudiña, Arbo, Baralla, Calvos de Randín, Cambados, Carballo, Catoira, Cospeito, Crecente, Fene, Larouco, Lugo, Maceda,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Meis, Melón, Mondariz, Pol, Ponte Caldelas, Porqueira, Riós, Salceda de Caselas, Taboada), e dúas entidades locais menores (Queimadelos e Vilasobroso) as que se atopan nunha situación financeira comprometida ao presentar cifras negativas tanto do remanente de tesourería como do aforro neto do exercicio, o que pode afectar á sustentabilidade dos seus gastos correntes.

E neste sentido, o Consello de Contas, recoméndalle á Xunta de Galicia, que “ademais das funcións encomendadas á Consellería de Facenda e Administración Pública como órgano de tutela financeira das entidades locais polo artigo 49.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, asuma un papel proactivo e de impulso —sen prexuízo da garantía do principio de autonomía local— no que atinxe por exemplo, ao seguimento da situación na que se atopan as mancomunidades con dificultades para o desenvolvemento das súas finalidades estatutarias”

Se nos adentramos na análise do financiamento local a través dos orzamentos da Comunidade Autónoma no exercicio 2023, comprobamos que “o crédito orzamentario inicial destinado a pagar as entregas a conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma ascendeu a 151.316,56 miles de euros (dos cales 112.972,80 miles de euros corresponden ao fondo base e 38.343,76 miles de euros ao fondo adicional, liquidacións de exercicios anteriores e transferencias a Santiago de Compostela pola capitalidade) e os restantes 415.450,96 miles de euros corresponderon ás transferencias ás entidades locais de Galicia derivadas da subscrición de convenios ou da concesión de subvencións.”

Mais se atendemos ás cifras dos créditos definitivos, así como as porcentaxes de execución dos diferentes programas de gastos que recollen este financiamento, podemos comprobar que das transferencias vinculadas a convenios e subvencións no exercicio 2023, e que se corresponden coas partidas que a Xunta presuntamente destina aos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concellos de forma condicionada (374.182.656,66 €), tan só se executaron 282.822.961,47, polo que a Xunta de Galiza aforrou 91.359.695,19 €, que de ningunha forma se incorporaron nas contas dos concellos nese ano, nin nos seguintes.

A diferenza do que ocorre coas partidas sobrantes do Fondo de Cooperación Local, que si se incorporan no exercicio posterior no mesmo fondo, as partidas de cartos que inicialmente se programan para destinar aos concellos a través de ordes de axudas e convenios, e que non se chegan a executar, quedaron no peto da Xunta, despois de escoitar dúcias de anuncios e de propaganda da Dirección Xeral da Administración Local sobre o aumento ano tras ano do financiamento ás entidades locais.

Esta información non é nova, pois o propio Consello de Contas, en decembro de 2024 xa anunciaba no informe sobre as medidas adoptadas para abordar o reto demográfico nos concellos de menor poboación, que “ Unha parte moi relevante do financiamento dos Concellos ven da participación en convocatorias de axudas ou sinatura de convenios de colaboración, o cal demora a concreción e realidade dos seus ingresos anuais e plurianuais ata finais do segundo semestre de cada ano, facéndose efectivo o cobro aínda meses despois. A porcentaxe de execución das transferencias a entidades locais, excluído o FCL, chega só ao 70% do total, tal e como se recolle no informe da Conta Xeral da CAG para o ano 2022 emitido recentemente polo Consello de Contas de Galicia.” E afirmando que “debemos concluír que este indicador sería de risco moi elevado en todos os concellos porque unha grande parte do seu financiamento non fixo (FCL e participación directa nos ingresos do Estado) depende da «vontade» de convocar subvencións ou de concedelas directamente pola CAG.” E nese sentido, indicaba o Consello de Contas que “Debe modificarse o réxime de convocatoria e transferencia de fondos aos concellos para axilizar a entrada de financiamento anual, en particular en financiamento que na actualidade se está a conceder por concorrência non competitiva ou concesión directa, integrando os ditos importes nos libramentos que con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cargo a FCL ou de xeito autónomo se poidan realizar nos propios OXCAG. O financiamento estrutural ou «non condicionado» dos pequenos concellos debería contemplar sistemas que non esixa a participación previa en convocatorias de axudas ou subvencións que limitan a concorrência en función dos recursos persoais e materiais”.

Á vista de que a Xunta de Galiza, non modificou a tónica dominante nesta particular partitura da financiación local, e que lle serve para que o 75% dos fondos que presuntamente destina aos concellos non sexan incondicionados, e por ende, seguir aforrando cartos a costa de non executalos e entregarllos aos concellos, como no exercicio 2023, onde superaron os 90 Millóns de euros, e tendo en consideración a situación financeira reflectida neste último informe pola que están a pasar moitos concellos de Galiza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1- Incorporar no Fondo Base de Cooperación Local dos orzamentos de 2025, os 91.359.695,19 € con destino aos concellos no exercicio 2023 que non foron executados.

2- Modificar os réximes de convocatoria e transferencia de fondos aos concellos para axilizar a entrada de financiamento anual, en particular o financiamento que na actualidade se está a conceder a través de axudas e convenios, integrando ditos importes nos libramentos a cargo a Fondo Base de Cooperación Local.

3- Asumir un papel proactivo e de impulso —sen prexuízo da garantía do principio de autonomía local— no seguimento da situación na que se atopan as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mancomunidades con dificultades para o desenvolvemento das súas finalidades estatutarias, mediante o reforzamento das funcións de colaboración e asistencia técnica e xurídica a través da Consellería competente en materia de réxime local, previstas no artigo 136.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que expresamente contempla a obriga de prestar a dita asistencia para a constitución e funcionamento das mancomunidades, así como a consignación nos orzamentos dunha partida destinada ao fomento e axuda das mancomunidades municipais estimulando o réxime asociativo.”

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025

Asdo.: **Óscar Insua Lema**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2025 16:51:13

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/04/2025 16:51:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 11/04/2025 16:51:31





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6ª; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de Motivos

O comercio de Galicia é unha das nosas maiores fontes de riqueza e cohesión social. A súa importancia está fóra de toda dúbida, situándose Galicia na quinta posición de España entre as comunidades autónomas cun maior número de empresas de comercio retalista, cun total de máis de 32.000 establecementos comerciais, dando emprego a 106.960 persoas.

A Xunta de Galicia é consciente da importancia do comercio na economía e no emprego de Galicia, e segue apostando por consolidar un sector competitivo, forte, moderno, atractivo e de calidade nun contexto marcado pola situación inflacionista que está a influír, dun xeito indubidable, na actividade económica e no comportamento dos/as consumidores/as, afectando de forma moi significativa á actividade comercial e, en xeral, á economía das persoas consumidoras.

Neste marco de referencia, o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030 constitúe a folla de ruta estratéxica da política comercial que desenvolverá o Goberno galego nos próximos anos, resultado da colaboración activa cos principais axentes do sector, a través dun proceso participativo previo con 300 representantes de federacións e asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos, prazas de abastos, venda ambulante, grandes superficies, artesás, autónomos, cámaras de comercio, persoas consumidoras e administración local, cos que se debateu e identificaron os principais retos aos que se enfronta o sector, co fin de adecuar, de forma coordinada e transparente, a acción pública de tódalas administracións ás necesidades actuais e futuras do comercio de Galicia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha, o antes posible, o Plan Estratéxico do Comercio 2025-203 co fin de abordar os principais desafíos aos que se enfronta o sector, en coordinación coas administracións e da man do sector”.

Santiago de Compostela, 11 de abril 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/04/2025 17:08:16

María Felisa Rodríguez Carrera na data 11/04/2025 17:08:36

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/04/2025 17:08:43

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 11/04/2025 17:08:52

Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2025 17:09:00

María Deza Martínez na data 11/04/2025 17:09:09

Ángel Rodríguez Conde na data 11/04/2025 17:09:20

Cristina Sanz Arias na data 11/04/2025 17:10:09

Borja Vereza Fraiz na data 11/04/2025 17:10:18

Miguel Fidalgo Iglesias na data 11/04/2025 17:11:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández González** e **Cristina Fernández Davila** e deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ArteLixo é unha iniciativa veciñal de Redondela que procura a reflexión sobre o medio ambiente a través da intervención artística. A súa organización conta cunha dilatada traxectoria que se remonta 30 anos atrás, cando por vez primeira os veciños e veciñas se xuntaron para protestar contra o vertedoiro situado na marisma.

Hoxe, o ArteLixo xa é un festival consolidado que cada ano enche as rúas de Redondela de obras de arte e que conta cun forte vínculo e participación veciñal. É por iso que cada ano os centros educativos, ao igual que outras entidades sociais, participan activamente do festival, a través de intervencións artísticas que son tamén expostas nas rúas da localidade.

En cada edición o festival aborda algún tema ambiental, así por exemplo na anterior de 2024 o título do festival foi “A todo trapo!” e convidaba a reflexionar sobre o impacto da industria téxtil, a segunda máis contaminante. Na edición de 2025, inaugurada o pasado 4 de abril, o festival mudou o seu nome por “AltriLixo” para reflexionar sobre os graves impactos que traería a implantación desta macrocelulosa en Galiza.

Como soe ser habitual houbo unha implicación activa dos centros educativos que elaboraron distintas pezas que foron expostas. Mais desta volta recibiron unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunicación especial dende a Dirección Territorial provincial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional cuestionando a participación dos centros educativos neste festival, precisamente polo tema abordado.

A mensaxe que se traslada ás direccións dos centros educativos é ambigua e ten tintes de ameaza velada, xa que non se explicita unha consigna clara sobre a participación no festival pero se esixe que se dean explicacións en caso de ter participado no ArteLixo.

Os motivos que esgrime para exercer este veto e control segundo a Dirección Territorial é o nome que o festival adoptou este ano. A alusión a Altri e o convite á reflexión social sobre os efectos no medio ambiente, son motivo de veto para a Consellería.

Dende o BNG esiximos unha rectificación por parte da Xunta de Galiza por ameazar a liberdade pedagóxica, a liberdade de expresión e a creación de conciencia crítica ao alumnado, co único obxectivo de continuar amordazando e silenciando o rexeitamento social que provoca este proxecto que a Xunta promove.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a enviar unha rectificación a todos os centros polo correo enviado, e a garantir a liberdade pedagóxica dos docentes para fomentar a conciencia crítica e os valores vinculados coa preservación do medio e a participación social, así como a garantir a liberdade de expresión do alumnado.”

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Alexandra Fernández González

Cristina Fernández Davila

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 14/04/2025 09:49:18

Cristina Fernández Davila na data 14/04/2025 09:56:02

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/04/2025 09:56:50

Ana Pontón Mondelo na data 14/04/2025 09:56:51



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereas Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Europa ten determinados uns obxectivos climáticos e dixitais nos que as materias primas fundamentais e estratéxicas xogan, inexorablemente, un papel determinante.

Polo tanto, recoñecendo como Unión que estas supoñen unha oportunidade, tamén é certo que son moitos os retos futuros aos que nos enfrontamos: o abastecemento, a transformación ou salvagarda das cadeas de subministración, entre outros.

En consecuencia, á fin de blindar unha subministración segura e sostible de materias primas fundamentais para a industria europea e reducir a dependencia da UE con respecto ás importacións subministradas por un só país, en abril de 2024, naceu a coñecida como Lei Europea de Materias Primas (Regulamento 2024/1252, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece un marco para garantir unha subministración segura e sostible de materias primas fundamentais e polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 168/2013, (UE) 2018/858, (UE) 2018/1724 e (UE) 2019/1020).

Unha norma que, a grandes trazos, pivota sobre cinco eixes: a necesidade de establecer prioridades de actuación claras, como por exemplo, que de aquí a 2030, non se dependa dun só terceiro país para máis do 65% da subministración; desenvolver as capacidades europeas, é dicir, a UE debe reforzar a súa cadea de valor das materias primas, desde a minería ata o refinado, pasando pola transformación e o reciclado; mellorar a resiliencia; investir en investigación, innovación e capacidades e, por último, promover unha economía circular das materias primas fundamentais máis sostible e circular.

Polo tanto, a norma europea obríganos, como Estado membro, a seguir os preceptos recollidos nela e, así, tratar de asegurar unha subministración segura e sostible de materias primas estratéxicas e fundamentais.

Aquí, en Galicia, previamente á lexislación europea, contamos entre outros instrumentos, coa Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030, unha folla



de ruta que se centra neste sector sabendo do seu papel como proveedor de minerais estratéxicos, ao tempo que afonda na innovación tecnolóxica e o talento, e pretende fomentar a integración ambiental da minería, a economía circular e a posta en valor do patrimonio mineiro.

Sen embargo, debido á magnitude da minería na nosa Comunidade e, tamén, á situación xeopolítica actual é preciso seguir implementando medidas que aseguren e potencien este sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer a importancia das materias primas fundamentais e das materias primas estratéxicas para reforzar a autonomía estratéxica e reducir a dependencia do exterior.
2. Continuar coa axenda iniciada este 2025 e convocar novos concursos de dereitos mineiros caducados có obxectivo de impulsar a investigación de materiais minerais fundamentais para sectores estratéxicos da economía de cara ao seu futuro aproveitamento.
3. Dirixirse ao Goberno de España para que promova as iniciativas lexislativas necesarias para o establecer o recoñecemento explícito das materias primas minerais como recursos de primeira necesidade e carácter estratéxico dentro da Reserva Estratéxica baseada nas Capacidades Nacionais de Producción Industrial (RECAPI)”.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/04/2025 09:56:12

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/04/2025 09:56:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/04/2025 09:56:52

María Deza Martínez na data 14/04/2025 09:57:01

Miguel Fidalgo Iglesias na data 14/04/2025 09:57:15



María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/04/2025 09:57:26

Ángel Rodríguez Conde na data 14/04/2025 09:57:36

Cristina Sanz Arias na data 14/04/2025 09:57:47

Borja Vereza Fraiz na data 14/04/2025 09:58:03

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/04/2025 09:58:20





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Ernesto Abalde Alonso, María Elena Espinosa Mangana, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

O Consello da Xunta de Galicia anunciou, na súa reunión celebrada en Ferrol, que proximamente licitará o contrato de servizo para a redacción do proxecto e a dirección de obra da fase final do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF).

Esta última fase anúnciase cun prazo de execución prevista de 52 meses para esta fase final do Plan director do CHUF. Nesta fase final do Plan director do Hospital Naval, e do Arquitecto Marcide afrontaranse, indican, as actuacións máis importantes das fases 2 e 3 do Plan director do complexo hospitalario.

O plan director de reforma do CHUF foi presentado polo presidente Feijoo no ano 2017, cun período previsto de execución de cinco anos, para as 4 fases previstas, tendo en conta os problemas que conlevaba realizar obras co





hospital funcionando, a inversión inicial prevista era de 80 millóns de euros é as estimacións de inicio das obras era o segundo semestre do 2018. Esta nova acción anunciada pola Xunta de Galicia demostra o importante retraso que se está a producir na execución do Plan director de reforma do CHUF, os hospitais Naval e Arquitecto Marcide.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar perante desta Cámara, no prazo dun mes, un informe que inclúa o proxecto, cláusulas, prazos e orzamentos da licitación para a redacción do proxecto e a dirección de obra da fase final do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.
2. Presentar perante desta Cámara, no prazo dun mes, un informe que detalle os prazos previstos de construción e finalización das obras do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, tanto no Hospital Naval como no Arquitecto Marcide.
3. Presentar perante desta Cámara, no prazo dun mes, un informe que detalle os orzamentos executados nas distintas fases e obras xa executadas e das previstas por realizar no Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, así como os prazos cribles de finalización de todas as fases do plan director.

Santiago de Compostela, 14 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 14/04/2025 10:50:05





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2025 10:52:17
Nº Rexistro: 24109
Data envío: 14/04/2025 10:52:17.034

Elena Espinosa Mangana na data 14/04/2025 10:50:15

Patricia Iglesias Rey na data 14/04/2025 10:50:24

Silvia Longueira Castro na data 14/04/2025 10:50:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/04/2025 10:50:41

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80670

@PSdeG



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Víctor Baladrón Lamas, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 en concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Galicia rubricou un documento pioneiro con catro países hispanoamericanos para favorecer a atracción de traballadores e traballadoras, dunha maneira ordenada e atendendo ás necesidades das empresas.

O manifesto plasma a súa vontade de traballar con países hispanoamericanos en facilitar pontes de oportunidades para o talento e axudar a dar resposta a retos como a falta de man de obra en sectores estratéxicos, ao tempo que se crean valiosas sinerxías entre territorios.

O seu obxectivo consiste en dar o primeiro paso nunha folla de ruta que arrincará este mesmo ano e estará dirixida a favorecer, de forma ordenada, a incorporación de traballadores e traballadoras de terceiros países ao mercado laboral galego. Búscase pechar un procedemento tutelado desde o inicio, onde participen as administracións de orixe e destino do traballador e traballadoras, así como as empresas galegas con necesidade de incorporar talento e que poderán realizar ofertas de contratación nos países de orixe dos traballadores e traballadoras migrantes.

Con isto, o Goberno galego busca activar entre cada administración asinante e Galicia, mecanismos que faciliten a migración laboral dos seus traballadores e traballadoras nacionais no marco das políticas activas de emprego, que é unha competencia exclusiva das comunidades autónomas. Tamén abrir vías de acceso ás oportunidades de emprego en Galicia para cidadáns dos Estados que firmaron o documento, ademais de reforzar a colaboración entre administracións para mellorar a formación, a capacitación, a cualificación e a empregabilidade, das persoas traballadoras migrantes.

Ademais, tamén busca desenvolver mecanismos que faciliten a homologación de títulos académicos e certificacións dos profesionais destes países que decidan traballar na comunidade.

Do mesmo modo, o Executivo autonómico seguirá traballando para axilizar os permisos de residencia e de traballo dos nacionais de terceiros países e poder habilitar un proceso que reduza os prazos para obter esta documentación.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar os trámites para reclamar a transferencia das competencias en materia de permisos de residencia e de traballo das persoas migrantes para poder habilitar un proceso que reduza os prazos para obter esta documentación”.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/04/2025 13:34:48

Noelia Pérez López na data 14/04/2025 13:35:19

Víctor Baladrón Lamas na data 14/04/2025 13:35:30

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/04/2025 13:35:41

Raquel Arias Rodríguez na data 14/04/2025 13:35:48

Nicole Grueira Fernández na data 14/04/2025 13:36:02

Dolores Hermelo Piñeiro na data 14/04/2025 13:36:12

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/04/2025 13:36:24

Ethel Vázquez Mourelle na data 14/04/2025 13:36:37

Maria Magdalena Perez Millares na data 14/04/2025 13:36:55



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Mouzo Mas, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de motivos

Nos últimos anos, Galicia experimentou un preocupante aumento da actividade do narcotráfico, consolidándose como unha das principais portas de entrada de droga a Europa.

A xeografía da súa costa, coa súa complexa orografía, a profundidade das súas rías, que penetran no territorio a través das desembocaduras fluviais e as múltiples praias de difícil acceso, converteu a nosa comunidade nun enclave estratéxico para os grupos criminais dedicados ao tráfico de estupefacientes.

As organizacións de narcotráfico perfeccionaron os seus métodos, recorrendo a lanchas ultrarrápidas, narcosubmarinos e ao uso de embarcacións pesqueiras como tapadeira para o desembarco de droga.

Esta situación xerou unha crecente preocupación tanto nas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado como na cidadanía, especialmente en localidades costeiras da costa da Morte, como na ría de Camariñas.

Actualmente, a Garda Civil non conta cos efectivos nin os medios materiais suficientes para poder enfrontarse a esta ameaza crecente. Esta falta de infraestrutura contra o narcotráfico converte á comarca nun auténtico punto cego na loita contra o mesmo. A falta de patrullaxe permanente na zona facilita que as mafias operen con impunidad, utilizando métodos sofisticados de desembarco nocturno ou en condicións meteorolóxicas adversas, nas que só persoas moi avezadas e os narcotransportistas con experiencia se atreven a mover.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:



- 1.- Establecer os postos de Vimianzo e Corcubión como postos principais da Garda Civil na provincia da Coruña, có fin de que se poidan dotar dun maior número de efectivos e se poida mellorar a seguridade costeira, reforzar a loita contra o narcotráfico e garantir o cumprimento das competencias que a Garda Civil ten en zonas rurais e costeiras.
- 2.- Modernizar e reforzar os medios materiais e tecnolóxicos da Garda Civil na provincia da Coruña, e moi especialmente na comarca da Costa da Morte, dotando aos postos da Garda Civil de embarcacións máis potentes e manobrables, equipadas coa tecnoloxía necesaria para interceptar narcolanchas e garantir a eficacia das operacións no litoral galego.
- 3.- Revisar de maneira integral a dotación de medios persoais e materiais empregados polo goberno na loita contra o narcotráfico no litoral da provincia da Coruña e en toda a costa galega, absolutamente inadecuados ao reto ao que se enfrontan”.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/04/2025 13:46:44

Paula Mouzo Mas na data 14/04/2025 13:47:00

Paula Prado del Rio na data 14/04/2025 13:47:17

Julio García Comesaña na data 14/04/2025 13:47:32

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/04/2025 13:47:44

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/04/2025 13:47:55

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/04/2025 13:48:04

Katherinie Varela Fernández na data 14/04/2025 13:48:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a mazá da Estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector primario galego sofre un grave declive en todos os seus eidos produtivos. O que en Galiza foi un pilar chave da nosa economía na historia recente converteuse, nos derradeiros anos, nunha actividade complementaria a outras para aqueles que a levan a cabo, ou nunha actividade que de ser a única que ten unha rendibilidade cada vez menor. Esta mingua ven derivada do noso déficit de industrialización, das escasas aplicacións de melloras en canto a tecnoloxía e do desleixo a carón dos estudos realizados sobre os distintos sectores, cunha falla evidente de investimento e continuidade nestes, sen esquecer a escaseza de relevo xeracional e man de obra, que nos acaecen con especial gravidade e son o resultado de políticas de mantemento básico da Consellería de Medio Rural, sen obxectivo claro de mellora en ningún dos ámbitos que a ocupa.

O primeiro factor de difícil explicación no caso das producións galegas é diferenza entre a calidade do produto ofrecido e os prezos que se reciben por este en orixe, de xeito que unha materia prima de calidade óptima non deixa absolutamente ningún valor engadido nas áreas produtivas, marchando fóra do noso territorio para deixar beneficio no seu procesamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto ocorre no caso da produción de mazá na zona da Estrada, aínda que non é a única do país na produción desta froita, onde tamén son importantes zonas de Cedeira, Ortigueira, San Sadurniño, Chantada, etc. No caso da comarca do Deza, Tabeirós e Terra de Montes, a existencia desta produción e presenza de pomares débese a un grande número de produtores de pequeno e mediano tamaño que xeraron arredor do concello da Estrada unha dinámica de produción e comercialización desta froita, coa aparición de actores que fomentaron o aumento de produción por necesidades de mercado.

Esta demanda do mercado, por importante que semelle, non mellora os prezos que perciben os propietarios/as dos pomares, sexa cal sexa a cantidade de mazá recollida. A venda galega a 33 céntimos o kg contrasta ao comparala cos 44 céntimos que perciben en Asturias (CCAA que merca o noso produto para o uso na elaboración de sidra) ou os 55 céntimos cos que se xoga no País Vasco. En Galiza temos a produción de mazá para sidra máis grande do estado español ao sumar todas as zonas adicadas a este cultivo do país, amosándose claramente nos datos da campaña de 23/24, onde en toneladas temos 61.112, máis do dobre que no caso de Asturias e case 6 veces máis que en Euskadi. Aumentamos un 8,4% a produción con respecto á anualidade previa, importando na totalidade do estado menos mazá que na tempada anterior, sumando a de mesa e a destinada á produción de sidra.

No caso da Estrada hai un detalle engadido de elevada importancia e é o carácter ecolóxico desta produción froiteira, sendo a de maior relevancia no conxunto da UE, cunha cantidade de 1,5 millóns de kg de mazás anuais, cantidade que se atopa en perigo e con dificultade de ser conservada xa que o 40% das árbores están a chegar ao seu límite produtivo pola idade, cunha caída no rendemento alta e que urxe de proxectos de rexeneración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade a estimación de custos de produción sobre a que se toman referencias trátase dun estudo de 2019, momento dende o cal os sectores produtivos sufriron fondas transformacións derivadas de factores estruturais e sociais que requiren dunha actualización urxente dos datos. Malia iso, nese documento indícase que para producir un quilo de mazás destinadas a elaboración de sidra se invisten 41 céntimos, que choca cos prezos recibidos por os agricultores, que precisan alomenos 15 hectáreas para que unha rendibilidade aceptable, superficie plantada da que carecen a grande maioría deles. Deste xeito queda claro que na actualidade este tipo de plantacións para esa fin teñen un escaso retorno económico, o que ocasiona graves problemas nos produtores e unha situación de incerteza constante no que se refire á viabilidade das plantacións, que non só teñen a importancia da produción e xeración de riqueza económica, se non que a maiores gardan en si mesmas unha riqueza paisaxística propia destas zonas do territorio e unha conservación e protección deste pola que debemos pular.

Precísase dunha análise ampla do sector, onde se poñan enriba da mesa as principais eivas do mesmo, coas debilidades tanto estruturais coma sociais e económicas deste, para así poder valorar posibles solucións sobre o terreo e que a produción de mazá non se perda no país e por ende, na Estrada, onde ten grande protagonismo na actualidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a

1. Elaborar un estudo actualizado sobre os custos de produción da mazá e as posibles vías de diversificación deste produto en orixe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Elaborar un plan de acción de axuda ao sector onde as liñas principais se centren na rexeneración das árbores que están no límite da produción e a posta en funcionamento dun centro de almacenaxe, triaxe e lavado que estea en funcionamento en 2026.

3. Organizar unha xuntanza de traballo entre produtores, comerciantes e industria para chegar a acordos sobre o prezo do produto en orixe, de xeito que na próxima campaña os agricultores vendan a mazá a prezos que permitan as explotacións cubrir custos e ser economicamente rendibles.

4. Organizar unha reunión onde o sector e a Consellería de Medio Rural aborden as problemáticas principais e poidan sacarse en claro as liñas de acción a seguir nas próximas campañas para a revalorización e mantemento das explotacións agrícolas dedicadas á produción de mazá presentes na Estrada.

5. Elaborar o proxecto dun centro de transformación comunitario que permita que todas as produtoras/es poidan usar unhas instalacións e maquinaria conxunta, cuxo financiamento se obteña a través da Xunta de Galiza e permita a transformación de produto na zona de orixe, coa clara intención de ser autosuficientes e ganar en valor engadido na comarca”.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Montserrat Valcárcel Armesto

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 15/04/2025 10:53:35

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/04/2025 10:53:46

Secundino Fernández Fernández na data 15/04/2025 10:54:08

Luis Bará Torres na data 15/04/2025 10:54:25





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:08:33
Nº Rexistro: 24216
Data envío: 16/04/2025 11:08:33.076

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 322A. Fomento da empregabilidade ten unha execución do 46,6 % no ano 2024.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Executar a totalidade dos fondos orzados e dispoñibles en materia de fomento da empregabilidade correspondente ao programa 322A.
2. Elaborar un informe que estableza as causas da baixa execución no programa 322A de fomento da empregabilidade nos últimos anos.

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 10:45:19

Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2025 10:45:31

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2025 10:45:42

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80680

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:08:33
Nº Rexistro: 24216
Data envío: 16/04/2025 11:08:33.076

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2025 10:45:56

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80681

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:09:47
Nº Rexistro: 24221
Data envío: 16/04/2025 11:09:47,966

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 323A. Formación profesional para desempregados ten unha execución do 47,9 % no ano 2024.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Executar a totalidade dos fondos orzados e dispoñibles en materia de formación profesional para desempregados correspondente ao programa 323A.
2. Elaborar un informe que estableza as causas da baixa execución no programa 323A de formación profesional para desempregados nos últimos anos.

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 10:54:14

Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2025 10:54:26

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80682

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:09:47
Nº Rexistro: 24221
Data envío: 16/04/2025 11:09:47,966

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2025 10:54:39

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80683

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:11:17
Nº Rexistro: 24226
Data envío: 16/04/2025 11:11:17.091

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 323B. Formación profesional para ocupados ten unha execución do 41,5 % no ano 2024.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Executar a totalidade dos fondos orzados e dispoñibles en materia de formación profesional para ocupados correspondente ao programa 323B.
2. Elaborar un informe que estableza as causas da baixa execución no programa 323B de formación profesional para ocupados nos últimos anos.

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 11:01:39

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80684

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:11:17
Nº Rexistro: 24226
Data envío: 16/04/2025 11:11:17.091

Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2025 11:01:52

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2025 11:02:03

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80685

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

Cada vez que se produce unha vaga de incendios o Partido Popular e o Goberno galego volven a incidir no de sempre en criminalizar á cidadanía falando dos moitos pirómanos e incendiarios que ao seu entender proliferan libremente polos montes de Galicia.

A propia conselleira do Medio Rural afirmaba ante os primeiros lumes da tempada 2024 de forma literal “son probablemente intencionados e van no ADN de Galicia”, igual que fixeron tantas veces cando as cousas se volvían en contra apelando a un suposto terrorismo incendiario, argumento que foi desmontado dun xeito contundente e repetidas veces pola fiscalía de Galicia.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema de orde pública, aínda que ben sabemos que é preciso manter os esforzos neste eido e na persecución do delito. O problema dos incendios en Galicia é o abandono absoluto no que está o territorio, deste mundo rural desmantelado que o Partido Popular e o Goberno galego decidiron esquecer e seguen a facelo logo de gobernar a Xunta de Galicia durante a maior parte da súa existencia.

Considera este grupo parlamentario que é necesario consolidar e mellorar a eficacia do dispositivo contra incendios forestais. Temos que darlle apoio material, pero en tal caso debería atender o Goberno galego as achegas que se fixeron no ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise





das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, a resultas da vaga de lumes que se sufriu en Galicia en outubro do 2017.

E por esa mesma razón a Xunta de Galicia debería atender as conclusións e recomendacións que con motivo do anterior ditame fixo o grupo de expertos en incendios forestais, e que recolleron nun documento que foi entregado no Parlamento no verán de 2019.

É obvio que moitas das melloras que propoñían aínda non foron implementadas nin asumidas polo Goberno galego, creouse unha dirección xeral pero no que non se tratou dun reparto axeitado dos medios de loita existentes na comunidade autónoma conforme á situación actual.

No documento xeral elaborado polo grupo de traballo presentáronse varias táboas sobre a distribución ideal das brigadas, tanto en canto ao seu número como ao seu despregue territorial e temporal. Nas táboas presentadas evidénciase claramente unha forte distorsión ou descompensación no reparto actual das brigadas respecto do modelo proposto, uns desaxustes que debería ter en conta a Consellería do Medio Rural á hora de definir e distribuír o operativo.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que presente no Parlamento de Galicia, no prazo de tres meses, un proxecto de reparto dos medios de loita existentes na comunidade autónoma, os reforzos que sexan necesarios e a súa distribución territorial, axustándose verdadeiramente á incidencia dos lumes as comarcas e distritos, e aos pouco alentadores escenarios que nos augura o cambio climático, tal como recomendou o grupo de expertos e como consta no ditame aprobado no Parlamento de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 12:16:21
Nº Rexistro: 24235
Data envío: 16/04/2025 12:16:21.863

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 12:14:30

Lara Méndez López na data 16/04/2025 12:14:45

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2025 12:14:56

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80688

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

A Consellería do Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para desenvolvemento de labores preventivos, de vixilancia e defensa contra incendios forestais. Os labores preventivos son financiados por fondos europeos mentres os labores de vixilancia e defensa contra incendios son financiados pola Xunta de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou de forma reiterada que non comparte este modelo de defensa contra o lume, un modelo que non se axusta á realidade existente no territorio galego, nin á virulencia dos incendios actuais. Galicia necesita dun modelo axustado á realidade, dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da consellaría con competencias na materia e orzamento para iso.

Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, engadindo dificultades á xa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos e agora agravadas, cunha carga financeira cada vez maior.

Estes convenios adoecen de deficiencias e ano tras ano son menos os concellos que as constitúen pola dificultade de atopar persoal para formalas e polas características do propio convenio ofertado polo Goberno galego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 12:57:19
Nº Rexistro: 24248
Data envío: 16/04/2025 12:57:19.860

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a mudar o modelo de ofertar convenios aos concellos de brigadas de incendios cara a un servizo único, estable e profesional dependente do Goberno galego e mentres isto non se leve a cabo, oferte, en todo caso, o convenio ás entidades locais só para labores preventivos, cunha duración mínima de 6 meses e cunha data de inicio que permita telos labores preventivos realizados con anterioridade a época de alto risco de incendios.

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 12:54:49

Lara Méndez López na data 16/04/2025 12:55:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2025 12:55:12

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80690

@PSdeG



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A homologación e validación de títulos universitarios estranxeiros supón un auténtico obstáculo para milleiros de persoas en España. Na actualidade, o tempo medio de espera para completar estes trámites –que dependen do Ministerio de Universidades— supera os dous anos e pode acadar os seis nalgúns casos, o que dificulta enormemente a integración laboral dos profesionais afectados.

O Goberno de España non pode ocultar que existe unha inxente cantidade de solicitudes de homologación, de declaración de equivalencia ou de validación de títulos estranxeiros que están pendentes de resolución. Desde 2024, o Ministerio de Universidades acumulou entón a 100.000 solicitudes que agardan ser tramitadas. Mais mentres a cifra de expedientes continúa medrando, especialmente desde a entrada en Real Decreto 889/2022, o ritmo de resolucións segue a ser insuficiente.

Estamos a falar de profesionais altamente cualificados que se ven atrapados nun limbo administrativo ao chegar ao España, sen poder acreditar a súa formación durante un tempo que descoñecen e, polo tanto, sen poder optar a postos de traballo para os que están formados. Esta demora supón unha perda de talento e de oportunidades, tanto para as persoas afectadas como para o conxunto da sociedade.

O ano pasado, o Grupo Popular presentou unha iniciativa para intentar buscar unha solución que permitise axilizar estes trámites, mais o problema persiste e non parece que se vaia solucionar no curto prazo.

Diante da inacción do Goberno central, a Xunta de Galicia trasladou que se estaba estudando a posibilidade de solicitar a transferencia das competencias nesta materia.



Sen embargo, as recentes sentencias do Tribunal Supremo, que anulan o traspaso de competencias ao País Vasco para homologar títulos estranxeiros, fan inviable continuar esta liña de traballo. Por iso, no actual contexto, é máis necesario que nunca que o Goberno central tome as medidas oportunas e garanta os dereitos de todas as persoas afectadas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España que incremente, con carácter urxente, a dotación de recursos humanos e materiais co obxectivo de dar resposta eficaz á tramitación das solicitudes de homologación, de declaración de equivalencia ou de validación de títulos universitarios estranxeiros que están pendentes de resolución, tendo en conta ademais as recentes sentenzas do Tribunal Supremo”.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/04/2025 13:17:42

Cecilia Vázquez Suárez na data 16/04/2025 13:17:59

Víctor Baladrón Lamas na data 16/04/2025 13:18:08

José Luis Ferro Iglesias na data 16/04/2025 13:18:19

Julio García Comesaña na data 16/04/2025 13:18:33

Patricia García González na data 16/04/2025 13:18:50

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/04/2025 13:19:04

Carmen Pomar Tojo na data 16/04/2025 13:19:19

María Felisa Rodríguez Carrera na data 16/04/2025 13:19:33

Raúl Santamaría González na data 16/04/2025 13:19:41



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Mouzo Mas, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Nos últimos anos, Galicia experimentou un preocupante aumento da actividade do narcotráfico, consolidándose como unha das principais portas de entrada de droga a Europa.

A xeografía da súa costa, coa súa complexa orografía, a profundidade das súas rías, que penetran no territorio a través das desembocaduras fluviais e as múltiples praias de difícil acceso, converteu a nosa comunidade nun enclave estratéxico para os grupos criminais dedicados ao tráfico de estupefacientes.

Esta situación xerou unha crecente preocupación tanto nas Forzas e Corps de Seguridade do Estado como na cidadanía, especialmente en localidades costeiras da costa da Morte, como na ría de Camariñas.

Actualmente, non existe unha soa base marítima do Servizo de Vixilancia Aduaneira nin un só destacamento da Garda Civil en toda a Costa da Morte, o que converte a esta área nun auténtico punto cego na loita contra o narcotráfico.

A falta de patrullaxe permanente na zona facilita que as mafias operen con impunidade, utilizando métodos sofisticados de desembarco nocturno ou en condicións meteorolóxicas adversas, nas que só os mariñeiros locais e os narcotransportistas con experiencia se atreven a mover.

A base marítima do Servizo de Vixilancia Aduaneira máis próxima á Costa da Morte, atópase en Muros, a máis de 30 millas de distancia en barco, o que implica que, ante un aviso de actividade sospeitosa, a chegada de reforzos pode tardar máis dunha hora, dependendo do estado do mar.

O Servizo de Vixilancia Aduaneira non só se enfronta a limitacións espaciais no exercicio das súas funcións, senón tamén significativas deficiencias na súa infraestrutura e equipamento



En agosto de 1991, o Servizo de Vixilancia Aduaneira anunciou que, antes de finalizar ese ano, estableceríase unha base marítima na ría de Camariñas, en Muxía, dotada cunha lancha de alta velocidade e un equipo de dez funcionarios. Con todo, case 35 anos despois, en febreiro de 2025, a Administración segue sen materializar aquel compromiso

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

- 1º.- Establecer unha base permanente do Servizo de Vixilancia Aduaneira na ría de Camariñas (A Coruña), co fin de reforzar a loita contra o narcotráfico.
- 2º.- Modernizar e reforzar os medios materiais e tecnolóxicos do Servizo de Vixilancia Aduaneira en Galicia, dotándoa de embarcacións máis potentes e manobrables, equipadas coa tecnoloxía necesaria para interceptar narcolanchas e garantir a eficacia das operacións no litoral galego.
- 3º.- Ampliar a dotación de medios persoais e materiais empregados polo goberno na loita contra o narcotráfico no litoral da provincia da Coruña e en toda a costa galega, xa que os actuais están inoperativos ou son absolutamente inadecuados ao reto ao que se enfrontan.
- 4º.- Garantir a plena operatividade horaria do persoal do Servizo de Vixilancia Aduaneira en Galicia de tal xeito que non volva a acontecer que condicionantes económicos ou a negativa a abonar horas extra comprometa a execución de operacións contra o narcotráfico ou outras vinculadas as actividades deste servizo.
- 5º.- Garantir unha distribución equitativa e proporcionada dos medios materiais do Servizo de Vixilancia Aduaneira no conxunto das súas bases e nas distintas comunidades, de tal xeito que non se dea prioridade a determinados territorios por razóns espurias.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/04/2025 13:46:37

Paula Mouzo Mas na data 16/04/2025 13:46:54



Paula Prado del Rio na data 16/04/2025 13:47:11

Julio García Comesaña na data 16/04/2025 13:47:22

Roberto Rodríguez Martínez na data 16/04/2025 13:47:35

Argimiro Marnotes Fernández na data 16/04/2025 13:47:50

Carmen Pomar Tojo na data 16/04/2025 13:48:03

María Felisa Rodríguez Carrera na data 16/04/2025 13:48:15

Katherinie Varela Fernández na data 16/04/2025 13:48:25





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 10:28:17
Nº Rexistro: 24182
Data envío: 15/04/2025 10:28:17.724

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do voceiro solicita a esa Mesa a seguinte corrección de erros nos documentos con número de rexistro **22703** e **22704**, advertido un erro en ditos documentos.

Corrección de erros:

No quinto parágrafo da exposición de motivos, onde di:

“...impulsado por Recursos de Galicia...”; debe dicir:

“...impulsado por Recursos Minerais de Galicia...”.

Santiago de Compostela, a 15 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/04/2025 10:25:15

Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/04/2025 10:25:25

Lara Méndez López na data 15/04/2025 10:25:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/04/2025 10:25:40

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80696

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación** sobre a necesidade de incorporar psicólogos/as clínicos/as nos centros de saúde de Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de 16 anos de goberno do PP a situación da atención á saúde mental das galegas e galegos é moito máis que preocupante. Os indicadores evolucionan todos negativamente: incremento na incidencia dos trastornos psíquicos, da taxa de suicidios, aumento do consumo de psicofármacos... E pola contra, os recursos asistenciais específicos baixo mínimos

Houbo que agardar a 2017 para que aprobaran un plan de atención ao suicidio, do que non coñecemos ningunha valoración do nivel de cumprimento do mesmo

Agardar até 2020 para presentar un plan de saúde mental, que tampouco sabemos o nivel de cumprimento. De cumprirse na súa integridade nin estaríamos na media dos profesionais que a Xunta de Fraga consideraba preciso en 1997, hai 27 anos.

A magnitude dos problemas de saúde mental contrasta coas dificultades de acceso aos servizos sanitarios.

Coa Atención Primaria colapsada e os hospitais coas listas de espera desbordadas, o acceso ao circuíto sanitario fíxose aínda máis complicado para os trastornos mentais. Os e as doentes chegan tarde e chegan mal. Medran os casos de depresión e ansiedade, descompensase os trastornos graves e aumentan os de conduta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alimentaria ou as tentativas de suicidio especialmente preocupante entre os e as máis novos/as.

Un problema leve de saúde mental non atendido ten moitas posibilidades de evolucionar a unha patoloxía grave, como ocorre co resto de enfermidades cando non son tratadas.

Se a accesibilidade non é posíbel córrese o risco de que se cronifiquen os problemas e sexa moito máis difícil atallalos.

Atención Primaria é fundamental para garantir a accesibilidade e unha atención próxima, razón pola cal se formulan a seguinte interpelación:

Vai incluír nos orzamentos da Xunta para o ano 2026 unha partida de cinco millóns de euros para incorporar o vindeiro ano nos Centros de Saúde de Atención Primaria cen de prazas de psicólogos/as clínicos/as, que permita atención directa nos mesmos?

Van aumentar os recursos, dispositivos e persoal para poder prestar a atención precisa na atención á saúde mental?

Cal é a avaliación da aplicación do Plan de Saúde Mental 2020-2024?

Cal é a avaliación da aplicación do Plan de Prevención do Suicidio aprobado en 2017?

Coida o Goberno galego que coas contías contempladas nos orzamentos da Xunta para a saúde mental se vai reverter a situación de déficit endémico?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións está realizando a Xunta diante da altísima prevalencia do suicidio en Galiza?

Teñen algún estudo sobre as características das persoas suicidas en Galiza?, si é así cal é o resultado do mesmo?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2025 10:58:10

Iria Carreira Pazos na data 11/04/2025 10:58:16





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

As Accións de Cohesión de Destino Turístico (ACD) son estratexias que teñen por finalidade facer de un destino turístico un lugar atractivo, fortalecer a súa imaxe dende a integración do ecosistema que rodea o entorno do destino, complementado con distintas actividades.

A estratexia busca conectar destinos para promover unhas experiencias turísticas máis atractivas e máis integradoras. Atendendo as demandas do novo perfil do turista.

O turismo é un sector, como temos manifestado en moitas ocasións, moi importante no económico con capacidade de crecemento, no social pola súa transversalidade e tamén o debe de ser no medio ambiental.

A Xunta de Galicia ten publicado distintas convocatorias para a concesión de axudas a proxectos turísticos para o seu fomento. Dende a mellora do litoral en distintas vertentes dende que van na procura da mellora dos recursos ata infraestruturas. Así como no eido gastronómico tamén con varias liñas de actuacións. E as destinadas ao termalismo.

As axudas están enmarcadas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. As accións de cohesión en Destino son xestionadas polas comunidades autónomas e a Secretaría de Estado de Turismo, en colaboración coas entidades locais e a FEMP. Como se indica no apartado 8.1.2 da estratexia, as Actuacións de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 13:54:41
Nº Rexistro: 24028
Data envío: 11/04/2025 13:54:41.774

Cohesión entre Destinos (ACD) serán liderados polas comunidades autónomas. Na súa execución poderán participar baixo a coordinación e as fórmulas que estableza cada comunidade autónoma, calquera das entidades locais anteriormente mencionadas.

Para o desenvolvemento das ACD a Xunta de Galicia saca estas liñas de axudas, pero tamén o fai con investimento directo da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal é o grado de execución por anualidades das distintas convocatorias postas en marcha pola Xunta de Galicia das Accións de Cohesión de Destino Turístico, así como dos convenios con este mesmo fin?
2. Cal e o reparto territorial dos fondos?

Santiago de Compostela, a 11 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/04/2025 13:15:21

Patricia Iglesias Rey na data 11/04/2025 13:15:31

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80701

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Óscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o último Informe do Consello de Contas da Conta Xeral das Entidades Locais, exercicio 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Contas de Galiza acaba de facer público estes días o Informe da Conta Xeral das Entidades Locais, exercicio 2023. Actuación [1702024-01]. Os obxectivos xerais para esta fiscalización eran os seguintes:

- 1) Analizar o censo do sector público local de Galiza, para dar información das entidades locais e entes dependentes que o forman.
- 2) Analizar o grao de cumprimento da obriga que teñen as entidades locais de Galiza de render as súas contas ao Consello de Contas de Galiza antes do 15 de outubro de 2024.
- 3) Avaliar a integridade e coherencia da información contida nas contas anuais relativas ao exercicio 2023, de xeito que reflectan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do orzamento e dos resultados da entidade.
- 4) Examinar a situación económico financeira do sector público local de Galiza, así como da súa evolución temporal, mediante a análise da liquidación do orzamento de gastos e ingresos, do resultado orzamentario, do remanente de tesourería, dos indicadores e das principais magnitudes orzamentarias, económicas e financeiras, tanto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de xeito individual como agregado tomando como criterio de integración os ámbitos institucional e poboacional.

5) Realizar unha análise particular das magnitudes do endebedamento que se colixan das contas anuais.

6) Ofrecer unha visión global sobre a situación económica do sector público local, incluíndo a capacidade ou necesidade de financiamento do sector durante o exercicio, aforro bruto e neto xerado

Feito a análise pola entidade fiscalizadora, esta emitiu unha serie de conclusión e recomendacións, dirixidas tanto ás entidades locais como as Deputacións e Xunta de Galiza. Mais dos datos que aporta o informe, pódense extraer informacións relevantes que afecta directamente ao financiamento dos concellos e doutras entidades locais, así como á situación económica e financeira na que se atopan.

Sobre a situación financeira dos concellos, cabe salientar unha vez máis, que “O conxunto do sector local presenta cifras positivas de xeito agregado, se ben 155 entidades locais presentan saldo, por operacións non financeiras, negativo. Esta circunstancia pon de manifesto a incapacidade dos dereitos recoñecidos no exercicio para atender as obrigas xeradas no mesmo, sendo, polo tanto, unha execución contraria ao principio de estabilidade orzamentaria, sen prexuízo dos axustes que proceda practicar neste resultado derivados do Sistema Europeo de Contas. Tralos devanditos axustes o número de entidades que incumpren a estabilidade orzamentaria descende a 147 entidades.”

Son vinte tres concellos (A Cañiza, A Gudiña, Arbo, Baralla, Calvos de Randín, Cambados, Carballedo, Catoira, Cospeito, Crecente, Fene, Larouco, Lugo, Maceda, Meis, Melón, Mondariz, Pol, Ponte Caldelas, Porqueira, Riós, Salceda de Caselas,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Taboada), e dúas entidades locais menores (Queimadelos e Vilasobroso) as que se atopan nunha situación financeira comprometida ao presentar cifras negativas tanto do remanente de tesourería como do aforro neto do exercicio, o que pode afectar á sustentabilidade dos seus gastos correntes.

E neste sentido, o Consello de Contas, recoméndalle á Xunta de Galiza, que “ademais das funcións encomendadas á Consellería de Facenda e Administración Pública como órgano de tutela financeira das entidades locais polo artigo 49.1 do Estatuto de Autonomía de Galiza, asuma un papel proactivo e de impulso —sen prexuízo da garantía do principio de autonomía local— no que atinxe por exemplo, ao seguimento da situación na que se atopan as mancomunidades con dificultades para o desenvolvemento das súas finalidades estatutarias”.

Se nos adentramos na análise do financiamento local a través dos orzamentos da Comunidade Autónoma no exercicio 2023, comprobamos que “o crédito orzamentario inicial destinado a pagar as entregas a conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma ascendeu a 151.316,56 miles de euros (dos cales 112.972,80 miles de euros corresponden ao fondo base e 38.343,76 miles de euros ao fondo adicional, liquidacións de exercicios anteriores e transferencias a Santiago de Compostela pola capitalidade) e os restantes 415.450,96 miles de euros corresponderon ás transferencias ás entidades locais de Galiza derivadas da subscrición de convenios ou da concesión de subvencións.”

Mais se atendemos ás cifras dos créditos definitivos, así como as porcentaxes de execución dos diferentes programas de gastos que recollen este financiamento, podemos comprobar que das transferencias vinculadas a convenios e subvencións no exercicio 2023, e que se corresponden coas partidas que a Xunta presuntamente destina aos concellos de forma condicionada (374.182.656,66 €), tan só se executaron





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

282.822.961,47, polo que a Xunta de Galiza aforrou 91.359.695,19 €, que de ningunha forma se incorporaron nas contas dos concellos nese ano, nin nos seguintes.

A diferenza do que ocorre coas partidas sobrantas do Fondo de Cooperación Local, que si se incorporan no exercicio posterior no mesmo fondo, as partidas de cartos que inicialmente se programan para destinar aos concellos a través de ordes de axudas e convenios, e que non se chegan a executar, quedaron no peto da Xunta, despois de escoitar dúcias de anuncios e de propaganda da Dirección Xeral da Administración Local sobre o aumento ano tras ano do financiamento ás entidades locais.

Esta información non é nova, pois o propio Consello de Contas, en decembro de 2024 xa anunciaba no informe sobre as medidas adoptadas para abordar o reto demográfico nos concellos de menor poboación, que “ Unha parte moi relevante do financiamento dos Concellos ven da participación en convocatorias de axudas ou sinatura de convenios de colaboración, o cal demora a concreción e realidade dos seus ingresos anuais e plurianuais ata finais do segundo semestre de cada ano, facéndose efectivo o cobro aínda meses despois. A porcentaxe de execución das transferencias a entidades locais, excluído o FCL, chega só ao 70% do total, tal e como se recolle no informe da Conta Xeral da CAG para o ano 2022 emitido recentemente polo Consello de Contas de Galiza.” E afirmando que “debemos concluír que este indicador sería de risco moi elevado en todos os concellos porque unha grande parte do seu financiamento non fixo (FCL e participación directa nos ingresos do Estado) depende da «vontade» de convocar subvencións ou de concedelas directamente pola CAG.” E nese sentido, indicaba o Consello de Contas que “Debe modificarse o réxime de convocatoria e transferencia de fondos aos concellos para axilizar a entrada de financiamento anual, en particular en financiamento que na actualidade se está a conceder por concorrência non competitiva ou concesión directa, integrando os ditos importes nos libramentos que con cargo a FCL ou de xeito autónomo se poidan realizar nos propios OXCAG. O





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

financiamento estrutural ou «non condicionado» dos pequenos concellos debería contemplar sistemas que non esixa a participación previa en convocatorias de axudas ou subvencións que limitan a concorrência en función dos recursos persoais e materiais”.

Á vista de que a Xunta de Galiza, non modificou a tónica dominante nesta particular partitura da financiación local, e que lle serve para que o 75% dos fondos que presuntamente destina aos concellos non sexan incondicionados, e por ende, seguir aforrando cartos a costa de non executalos e entregarllos aos concellos, como no exercicio 2023, onde superaron os 90 Millóns de euros, e tendo en consideración a situación financeira reflectida neste último informe pola que están a pasar moitos concellos de Galiza.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Vai o goberno da Xunta de Galiza a devolverlle aos concellos galegos os 91.359.695,19 € que aforrou a conta deles no exercicio 2023?

- É coñecedora a consellería competente da situación financeira comprometida na que se atopan as entidades locais que presentan cifras negativas tanto do remanente de tesourería como do aforro neto do exercicio, o que pode afectar á sustentabilidade dos seus gastos correntes?

- Que medidas vai a tomar o goberno galego de forma inmediata para paliar o actual afofo económico producido polo insuficiente financiamento dos concellos galegos, sobre todo pola prestación de servizos de competencia autonómica?

-Visto o informe do Consello de Contas sobre as contas xerais dos concellos no 2023, está convencida a Xunta de Galiza de que é necesario incrementar o Fondo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cooperación Local con cargo a partidas orzamentarias de axudas destinadas a concellos con convocatorias en réxime de concorrència competitiva ou concesión directa a través de convenios?

- Vai modificar a Xunta de Galiza o seu orzamento neste ano para reconducir a situación económica e financeira dos concellos, conforme as recomendacións do Consello de contas, ou vai esperar a que as entidades locais máis damnificadas entren en quebra técnica?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025

Asdo.: **Óscar Insua Lema**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 11/04/2025 16:55:39

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/04/2025 16:55:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández González, Cristina Fernández Davila e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ArteLixo é unha iniciativa veciñal de Redondela que procura a reflexión sobre o medio ambiente a través da intervención artística. A súa organización conta cunha dilatada traxectoria que se remonta 30 anos atrás, cando por vez primeira os veciños e veciñas se xuntaron para protestar contra o vertedoiro situado na marisma.

Hoxe, o ArteLixo xa é un festival consolidado que cada ano enche as rúas de Redondela de obras de arte e que conta cun forte vínculo e participación veciñal. É por iso que cada ano os centros educativos, ao igual que outras entidades sociais, participan activamente do festival, a través de intervencións artísticas que son tamén expostas nas rúas da localidade.

En cada edición o festival aborda algún tema ambiental, así por exemplo na anterior de 2024 o título do festival foi “A todo trapo!” e convidaba a reflexionar sobre o impacto da industria téxtil, a segunda máis contaminante. Na edición de 2025, inaugurada o pasado 4 de abril, o festival mudou o seu nome por “AltriLixo” para reflexionar sobre os graves impactos que traería a implantación desta macrocelulosa en Galiza.

Como soe ser habitual houbo unha implicación activa dos centros educativos que elaboraron distintas pezas que foron expostas. Mais desta volta recibiron unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunicación especial dende a Dirección Territorial provincial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional cuestionando a participación dos centros educativos neste festival, precisamente polo tema abordado.

A mensaxe que se traslada ás direccións dos centros educativos é ambigua e ten tintes de ameaza velada, xa que non se explicita unha consigna clara sobre a participación no festival pero se esixe que se dean explicacións en caso de ter participado no ArteLixo.

Os motivos que esgrime para exercer este veto e control segundo a Dirección Territorial é o nome que o festival adoptou este ano. A alusión a Altri e o convite á reflexión social sobre os efectos no medio ambiente, son motivo de veto para a Consellería.

Dende o BNG esiximos unha rectificación por parte da Xunta de Galiza por ameazar a liberdade pedagóxica, a liberdade de expresión e a creación de conciencia crítica ao alumnado, co único obxectivo de continuar amordazando e silenciando o rexeitamento social que provoca este proxecto que a Xunta promove.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Ten algunha obxección á Xunta de Galiza á que participen os centros educativos en actividades como por exemplo a edición de 2025 do ArteLixo?
- Con que obxectivos enviou unha comunicación a todos os centros?
- Con que obxectivos se lle require información pola participación no ArteLixo?
- Vai censurar obras?
- Vai censurar a intervención artística do alumnado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai censurar temas de debate?
- Considera a Xunta de Galiza que se respecta a liberdade pedagóxica interferindo, controlando e coaccionando ás dirección dos centros?
- Considera a Xunta de Galiza que se respecta a liberdade de opinión interferindo, controlando e coaccionando ás dirección dos centros?
- Considera negativo que o alumnado teña conciencia crítica sobre un tema como o de Altri?
- Vai a Xunta de Galiza a enviar unha rectificación aos centros polo correo enviado?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández González**

Cristina Fernández Davila

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 14/04/2025 09:54:44

Cristina Fernández Davila na data 14/04/2025 09:56:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/04/2025 09:56:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, sobre a mazá da Estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector primario galego sofre un grave declive en todos os seus eidos produtivos. O que en Galiza foi un pilar chave da nosa economía na historia recente converteuse, nos derradeiros anos, nunha actividade complementaria a outras para aqueles que a levan a cabo, ou nunha actividade que de ser a única que ten unha rendibilidade cada vez menor. Esta mingua ven derivada do noso déficit de industrialización, das escasas aplicacións de melloras en canto a tecnoloxía e do desleixo a carón dos estudos realizados sobre os distintos sectores, cunha falla evidente de investimento e continuidade nestes, sen esquecer a escaseza de relevo xeracional e man de obra, que nos acaecen con especial gravidade e son o resultado de políticas de mantemento básico da Consellería de Medio Rural, sen obxectivo claro de mellora en ningún dos ámbitos que a ocupa.

O primeiro factor de difícil explicación no caso das producións galegas é diferenza entre a calidade do produto ofrecido e os prezos que se reciben por este en orixe, de xeito que unha materia prima de calidade óptima non deixa absolutamente ningún valor engadido nas áreas produtivas, marchando fóra do noso territorio para deixar beneficio no seu procesamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto ocorre no caso da produción de mazá na zona da Estrada, aínda que non é a única do país na produción desta froita, onde tamén son importantes zonas de Cedeira, Ortigueira, San Sadurniño, Chantada, etc. No caso da comarca do Deza, Tabeirós e Terra de Montes, a existencia desta produción e presenza de pomares débese a un grande número de produtores de pequeno e mediano tamaño que xeraron arredor do concello da Estrada unha dinámica de produción e comercialización desta froita, coa aparición de actores que fomentaron o aumento de produción por necesidades de mercado.

Esta demanda do mercado, por importante que semelle, non mellora os prezos que perciben os propietarios/as dos pomares, sexa cal sexa a cantidade de mazá recollida. A venda galega a 33 céntimos o kg contrasta ao comparala cos 44 céntimos que perciben en Asturias (CCAA que merca o noso produto para o uso na elaboración de sidra) ou os 55 céntimos cos que se xoga no País Vasco. En Galiza temos a produción de mazá para sidra máis grande do estado español ao sumar todas as zonas dedicadas a este cultivo do país, amosándose claramente nos datos da campaña de 23/24, onde en toneladas temos 61.112, máis do dobre que no caso de Asturias e case 6 veces máis que en Euskadi. Aumentamos un 8,4% a produción con respecto á anualidade previa, importando na totalidade do estado menos mazá que na tempada anterior, sumando a de mesa e a destinada á produción de sidra.

No caso da Estrada hai un detalle engadido de elevada importancia e é o carácter ecolóxico desta produción froiteira, sendo a de maior relevancia no conxunto da UE, cunha cantidade de 1,5 millóns de kg de mazás anuais, cantidade que se atopa en perigo e con dificultade de ser conservada xa que o 40% das árbores están a chegar ao seu límite produtivo pola idade, cunha caída no rendemento alta e que urxe de proxectos de rexeneración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade a estimación de custos de produción sobre a que se toman referencias trátase dun estudo de 2019, momento dende o cal os sectores produtivos sufriron fondas transformacións derivadas de factores estruturais e sociais que requiren dunha actualización urxente dos datos. Malia iso, nese documento indícase que para producir un quilo de mazás destinadas a elaboración de sidra se invisten 41 céntimos, que choca cos prezos recibidos por os agricultores, que precisan alomenos 15 hectáreas para que unha rendibilidade aceptable, superficie plantada da que carecen a grande maioría deles. Deste xeito queda claro que na actualidade este tipo de plantacións para esa fin teñen un escaso retorno económico, o que ocasiona graves problemas nos produtores e unha situación de incerteza constante no que se refire á viabilidade das plantacións, que non só teñen a importancia da produción e xeración de riqueza económica, se non que a maiores gardan en si mesmas unha riqueza paisaxística propia destas zonas do territorio e unha conservación e protección deste pola que debemos pular.

Precísase dunha análise ampla do sector, onde se poñan enriba da mesa as principais eivas do mesmo, coas debilidades tanto estruturais coma sociais e económicas deste, para así poder valorar posibles solucións sobre o terreo e que a produción de mazá non se perda no país e por ende, na Estrada, onde ten grande protagonismo na actualidade.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

1. Mantivo reunións a Consellería de Medio Rural entre produtores, comerciantes e industria actuando como mediadora para chegar a acordos para que o prezo da mazá en orixe confira ao sector a rendibilidade necesaria para que continúe a ser punteiro en Europa e non desapareza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Se foi así, que resultados se acadaron deses encontros?
3. Prevé a Xunta de Galiza levar a cabo un plan de acción con medidas concretas e dotado do financiamento necesario para facer fronte á caída de produción das árbores que están chegando ao seu límite produtivo e a rexeneración destas?
4. Levouse a cabo a cesión dos terreos por parte do Concello da Estrada para albergar no polígono de Toedo o centro de almacenamento e lavado de mazá que os produtores reclamaron e que a propia Consellería se comprometeu a construír?
5. Cando comezarán as obras para a construción do centro de almacenaxe, lavado e triaxe da mazá da Estrada e en que período se prevé que poida comezar a ser usado polos produtores/as?
6. Que liñas de acción e medidas de apoio prevé aplicar a Consellería de Medio Rural no caso da produción de mazá na Estrada para que o sector poida diversificarse e non dependa totalmente de industria externa que procese o seu produto?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Montserrat Valcárcel Armesto

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 15/04/2025 11:15:22

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/04/2025 11:15:28

Secundino Fernández Fernández na data 15/04/2025 11:15:43





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

A Consellería do Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para desenvolvemento de labores preventivos, de vixilancia e defensa contra incendios forestais. Os labores preventivos son financiados por fondos europeos mentres os labores de vixilancia e defensa contra incendios son financiados pola Xunta de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou de forma reiterada que non comparte este modelo de defensa contra o lume, un modelo que non se axusta á realidade existente no territorio galego, nin á virulencia dos incendios actuais. Galicia necesita dun modelo axustado á realidade, dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da consellaría con competencias na materia e orzamento para iso.

Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, engadindo dificultades á xa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos e agora agravadas, cunha carga financeira cada vez maior.

Estes convenios adoecen de deficiencias e ano tras ano son menos os concellos que as constitúen pola dificultade de atopar persoal para formalas e polas características do propio convenio ofertado polo Goberno galego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 12:57:03
Nº Rexistro: 24247
Data envío: 16/04/2025 12:57:03,659

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego da diminución que se está a producir na contratación de brigadas de incendios por parte dos concellos?
2. Segundo o Goberno galego, cantas brigadas municipais de prevención e loita contra incendios se constituíron no ano 2024 e se prevén constituír no 2025?
3. Sendo coñecedor o Goberno galego da falla de profesionais para formalas que medidas adoptou para arranxar esta situación
4. Que concellos galegos non constituíron as brigadas de incendios conveniadas coa Xunta de Galicia no 2024 e na actualidade?
5. Pensa o Goberno galego adoptar algunha medida o respecto ou seguir no inmovilismo actual?

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 12:52:47

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80718

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 12:57:03
Nº Rexistro: 24247
Data envío: 16/04/2025 12:57:03,659

Lara Méndez López na data 16/04/2025 12:52:58

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80719

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de incorporar psicólogos/as clínicos/as nos centros de saúde de Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de 16 anos de goberno do PP a situación da atención á saúde mental das galegas e galegos é moito máis que preocupante. Os indicadores evolucionan todos negativamente: incremento na incidencia dos trastornos psíquicos, da taxa de suicidios, aumento do consumo de psicofármacos... E pola contra, os recursos asistenciais específicos baixo mínimos

Houbo que agardar a 2017 para que aprobaran un plan de atención ao suicidio, do que non coñecemos ningunha valoración do nivel de cumprimento do mesmo

Agardar até 2020 para presentar un plan de saúde mental, que tampouco sabemos o nivel de cumprimento. De cumprirse na súa integridade nin estaríamos na media dos profesionais que a Xunta de Fraga consideraba preciso en 1997, hai 27 anos.

A magnitude dos problemas de saúde mental contrasta coas dificultades de acceso aos servizos sanitarios.

Coa Atención Primaria colapsada e os hospitais coas listas de espera desbordadas, o acceso ao circuíto sanitario fíxose aínda máis complicado para os trastornos mentais. Os e as doentes chegan tarde e chegan mal. Medran os casos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

depresión e ansiedade, descompensase os trastornos graves e aumentan os de conduta alimentaria ou as tentativas de suicidio especialmente preocupante entre os e as máis novos/as.

Un problema leve de saúde mental non atendido ten moitas posibilidades de evolucionar a unha patoloxía grave, como ocorre co resto de enfermidades cando non son tratadas.

Se a accesibilidade non é posíbel córrese o risco de que se cronifiquen os problemas e sexa moito máis difícil atallalos.

Atención Primaria é fundamental para garantir a accesibilidade e unha atención próxima, razón pola cal se formula a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai incluír nos orzamentos da Xunta para o ano 2026 unha partida de cinco millóns de euros para incorporar o vindeiro ano nos Centros de Saúde de Atención Primaria cen de prazas de psicólogos/as clínicos/as, que permita atención directa nos mesmos?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2025 10:55:01

Iria Carreira Pazos na data 11/04/2025 10:55:23





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a seguridade viaria é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

No municipio de Ames, a mellora da seguridade viaria e da accesibilidade a todos os núcleos de poboación é unha necesidade urxente que se leva demandando dende fai moitos anos, debido aos numerosos problemas de seguridade viaria que presentan varias das súas vías.

Na vía AC-453, a estrada que une Roxos con Portomouro presenta unha importante carencia de beirarrúas en boa parte do traxecto o que supón un serio perigo para os peóns que se ven obrigados a circular pola calzada en gran parte da estrada. Ademais, este vial interior ten unha elevada densidade de tráfico, tamén de vehículos de alta tonelaxe, sobre todo tras converterse nun tramo alternativo para comunicar o noroeste e suroeste de Galicia despois da apertura da autovía Santiago-Brión no ano 2008, o que pon aínda máis en risco a vida dos peóns e evidencia a necesidade urxente de mellorar a seguridade viaria da vía.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 11:40:02
Nº Rexistro: 23997
Data envío: 11/04/2025 11:40:02.826

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a mellorar a seguridade viaria da estrada Roxos-Portomouro na vía AC-453?

Santiago de Compostela, a 11 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/04/2025 11:36:29

Carlos López Font na data 11/04/2025 11:36:42

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80724

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Plan de Prevención de Incendios da Xunta de Galicia leva anos sendo elaborado sen consenso, segundo denuncian reiteradamente diversas organizacións sociais no Consello Forestal. Estas entidades alertan de múltiples fallos no deseño e aplicación do Pladiga, que afectan negativamente ao patrimonio natural, á economía e ao benestar social de Galicia. Critican a falta de alternativas reais por parte da Xunta, a cal segue cun modelo que non se adapta á crecente gravidade dos incendios, agravada pola crise climática global. Por iso, reclaman un servizo profesional, único e estable, que conte con medios materiais, técnicos e humanos suficientes, capaces de adaptarse ás necesidades cambiantes da emerxencia.

Un dos principais problemas sinalados é a falla de vixilancia continua durante os días de alto risco, con moitas zonas desatendidas e afastadas de núcleos poboacionais. Isto provoca que os incendios se detecten xa avanzados, aumentando o perigo e os custos.

Por todo isto, faise urxente que o Pladiga sexa elaborado de forma participada, co Consello Forestal, para garantir un plan eficaz, realista e consensuado que protexa os montes e as persoas de Galicia.

Este grupo parlamentario incide na necesidade de presentar o Pladiga con anterioridade do ano en curso, os incendios forestais na actualidade non entenden de estación, ten pouca lóxica que se presente o plan todos os anos





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 11:41:15
Nº Rexistro: 23999
Data envío: 11/04/2025 11:41:15.997

xa con case medio ano de sucesos e de prevención que xa debería estar realizada.

Por todo iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración realiza o Goberno galego do atraso inxustificado na publicación do Pladiga

Parlamento de Galicia, 11 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/04/2025 11:40:07

Lara Méndez López na data 11/04/2025 11:40:20

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80726

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

O Consello da Xunta anunciou, tras a súa reunión realizada en Ferrol, un informe sobre as actuacións de obras e equipamentos realizados nos centros dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade na cidade de Ferrol e na súa comarca.

A primeira actuación prevista e a finalización das obras da residencia de maiores pública que impulsa a Fundación Amancio Ortega en Ferrol e que contará con 120 prazas públicas, zonas de atención especializada e servizos de comedor, podoloxía, ximnasio, salas de convivencia ou salón de peiteado, entre outros.

En canto ás residencias de maiores públicas, dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade, a residencia autonómica de Laraxe require dunha reforma integral para mellorar tanto as instalacións como a calidade do servizo. Pola súa parte, a residencia autonómica de Caranza tamén precisa dunha renovación das infraestruturas en todas as súas plantas, incluíndo a instalación





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 12:08:44
Nº Rexistro: 24002
Data envío: 11/04/2025 12:08:44.940

eléctrica, o sistema de contraincendios, así como a envolvente e a cuberta do edificio.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son as previsións de posta en marcha da residencia pública de maiores construída pola Fundación Amancio Ortega no Concello de Ferrol?

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 11/04/2025 12:04:56

Silvia Longueira Castro na data 11/04/2025 12:05:05

Elena Espinosa Mangana na data 11/04/2025 12:05:14

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80728

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

O Consello da Xunta anunciou, tras a súa reunión realizada en Ferrol, un informe sobre as actuacións de obras e equipamentos realizados nos centros dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade na cidade de Ferrol e na súa comarca.

A primeira actuación prevista e a finalización das obras da residencia de maiores pública que impulsa a Fundación Amancio Ortega en Ferrol e que contará con 120 prazas públicas, zonas de atención especializada e servizos de comedor, podoloxía, ximnasio, salas de convivencia ou salón de peiteado, entre outros.

En canto ás residencias de maiores públicas, dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade, a residencia autonómica de Laraxe require dunha reforma integral para mellorar tanto as instalacións como a calidade do servizo. Pola súa parte, a residencia autonómica de Caranza tamén precisa dunha renovación das infraestruturas en todas as súas plantas, incluíndo a instalación





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 12:08:56
Nº Rexistro: 24003
Data envío: 11/04/2025 12:08:56.456

eléctrica, o sistema de contraincendios, así como a envolvente e a cuberta do edificio.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son as obras previstas para a actualización nas infraestruturas e servizos da residencia pública de Laraxe?

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 11/04/2025 12:05:35

Silvia Longueira Castro na data 11/04/2025 12:05:44

Elena Espinosa Mangana na data 11/04/2025 12:05:54

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80730

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

O Consello da Xunta anunciou, tras a súa reunión realizada en Ferrol, un informe sobre as actuacións de obras e equipamentos realizados nos centros dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade na cidade de Ferrol e na súa comarca.

A primeira actuación prevista e a finalización das obras da residencia de maiores pública que impulsa a Fundación Amancio Ortega en Ferrol e que contará con 120 prazas públicas, zonas de atención especializada e servizos de comedor, podoloxía, ximnasio, salas de convivencia ou salón de peiteado, entre outros.

En canto ás residencias de maiores públicas, dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade, a residencia autonómica de Laraxe require dunha reforma integral para mellorar tanto as instalacións como a calidade do servizo. Pola súa parte, a residencia autonómica de Caranza tamén precisa dunha renovación das infraestruturas en todas as súas plantas, incluíndo a instalación





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 12:09:09
Nº Rexistro: 24004
Data envío: 11/04/2025 12:09:09.862

eléctrica, o sistema de contraincendios, así como a envolvente e a cuberta do edificio.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son as obras previstas para a actualización nas infraestruturas e servizos da residencia pública de Caranza?

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 11/04/2025 12:06:15

Silvia Longueira Castro na data 11/04/2025 12:06:25

Elena Espinosa Mangana na data 11/04/2025 12:06:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Castro García, Luis Bará Torres e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza na VAC costa norte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de Vía de alta capacidade que debía unir Ferrol con San Cibrao pasando por Ortigueira (VAC Costa norte) foi anunciado no ano 2001 polo Sr. Cuíña, na altura conselleiro de Obras públicas do goberno de Fraga, e debía estar rematado no ano 2007.

As obras comezaron no ano 2009 e a día de hoxe tan só están executadas as variantes de Ortigueira e Xove, unha porcentaxe ridícula do total do proxecto.

Nos orzamentos para o ano 2023 da Axencia de infraestruturas aparecían dous proxectos relacionados con esta obra na partida 600.1 do programa 512B, un deles especificamente para o tramo AG64-Sanguíñeira, no Concello de San Sadurniño, que a todas luces quedaron sen executar, xa que no lugar indicado aínda non se realizaron ningún tipo de traballos.

O proxecto da VAC, alén de comunicar as comarcas de Ferrol e A Mariña, era fundamental para conectar a comarca do Ortegal, unha das máis deprimidas económica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e demograficamente, e o seu atraso é sinalado unanimemente como unha das causas fundamentais da persistencia do declive deste territorio.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando prevé a Xunta de Galiza que será realidade a conexión Ferrol-Ortigueira a través da VAC Costa norte?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Daniel Castro García

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 11/04/2025 12:58:11

José Manuel Golpe Acuña na data 11/04/2025 12:58:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 11/04/2025 12:58:26

Luis Bará Torres na data 11/04/2025 12:59:40





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As Accións de Cohesión de Destino Turístico (ACD) son estratexias que teñen por finalidade facer de un destino turístico un lugar atractivo, fortalecer a súa imaxe dende a integración do ecosistema que rodea o entorno do destino, complementado con distintas actividades.

A estratexia busca conectar destinos para promover unhas experiencias turísticas máis atractivas e máis integradoras. Atendendo as demandas do novo perfil do turista.

O turismo é un sector, como temos manifestado en moitas ocasións, moi importante no económico con capacidade de crecemento, no social pola súa transversalidade e tamén o debe de ser no medio ambiental.

A Xunta de Galicia ten publicado distintas convocatorias para a concesión de axudas a proxectos turísticos para o seu fomento. Dende a mellora do litoral en distintas vertentes dende que van na procura da mellora dos recursos ata infraestruturas. Así como no eido gastronómico tamén con varias liñas de actuacións. E as destinadas ao termalismo.

As axudas están enmarcadas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. As accións de cohesión en Destino son xestionadas polas comunidades autónomas e a Secretaría de Estado de Turismo, en colaboración coas entidades locais e a FEMP. Como se indica no apartado 8.1.2 da estratexia, as Actuacións de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 13:54:53
Nº Rexistro: 24029
Data envío: 11/04/2025 13:54:53,680

Cohesión entre Destinos (ACD) serán liderados polas comunidades autónomas. Na súa execución poderán participar baixo a coordinación e as fórmulas que estableza cada comunidade autónoma, calquera das entidades locais anteriormente mencionadas.

Para o desenvolvemento das ACD a Xunta de Galicia saca estas liñas de axudas, pero tamén o fai con investimento directo da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o grado de execución por anualidades das distintas convocatorias postas en marcha pola Xunta de Galicia das Accións de Cohesión de Destino Turístico?

Santiago de Compostela, a 11 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/04/2025 13:17:33

Patricia Iglesias Rey na data 11/04/2025 13:17:41

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80737

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Óscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o último Informe do Consello de Contas da Conta Xeral das Entidades Locais, exercicio 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Contas de Galiza acaba de facer público estes días o Informe da Conta Xeral das Entidades Locais, exercicio 2023. Actuación [1702024-01]. Os obxectivos xerais para esta fiscalización eran os seguintes:

- 1) Analizar o censo do sector público local de Galiza, para dar información das entidades locais e entes dependentes que o forman.
- 2) Analizar o grao de cumprimento da obriga que teñen as entidades locais de Galiza de render as súas contas ao Consello de Contas de Galiza antes do 15 de outubro de 2024.
- 3) Avaliar a integridade e coherencia da información contida nas contas anuais relativas ao exercicio 2023, de xeito que reflictan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do orzamento e dos resultados da entidade.
- 4) Examinar a situación económico financeira do sector público local de Galiza, así como da súa evolución temporal, mediante a análise da liquidación do orzamento de gastos e ingresos, do resultado orzamentario, do remanente de tesourería, dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indicadores e das principais magnitudes orzamentarias, económicas e financeiras, tanto de xeito individual como agregado tomando como criterio de integración os ámbitos institucional e poboacional.

5) Realizar unha análise particular das magnitudes do endebedamento que se colixan das contas anuais.

6) Ofrecer unha visión global sobre a situación económica do sector público local, incluíndo a capacidade ou necesidade de financiamento do sector durante o exercicio, aforro bruto e neto xerado

Feito a análise pola entidade fiscalizadora, esta emitiu unha serie de conclusión e recomendacións, dirixidas tanto ás entidades locais como as Deputacións e Xunta de Galiza. Mais dos datos que aporta o informe, pódense extraer informacións relevantes que afecta directamente ao financiamento dos concellos e doutras entidades locais, así como á situación económica e financeira na que se atopan.

Sobre a situación financeira dos concellos, cabe salientar unha vez máis, que “O conxunto do sector local presenta cifras positivas de xeito agregado, se ben 155 entidades locais presentan saldo, por operacións non financeiras, negativo. Esta circunstancia pon de manifesto a incapacidade dos dereitos recoñecidos no exercicio para atender as obrigas xeradas no mesmo, sendo, polo tanto, unha execución contraria ao principio de estabilidade orzamentaria, sen prexuízo dos axustes que proceda practicar neste resultado derivados do Sistema Europeo de Contas. Tralos devanditos axustes o número de entidades que incumpren a estabilidade orzamentaria descende a 147 entidades.”

Son vinte tres concellos (A Cañiza, A Gudiña, Arbo, Baralla, Calvos de Randín, Cambados, Carballo, Catoira, Cospeito, Crecente, Fene, Larouco, Lugo, Maceda,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Meis, Melón, Mondariz, Pol, Ponte Caldelas, Porqueira, Riós, Salceda de Caselas, Taboada), e dúas entidades locais menores (Queimadelos e Vilasobroso) as que se atopan nunha situación financeira comprometida ao presentar cifras negativas tanto do remanente de tesourería como do aforro neto do exercicio, o que pode afectar á sustentabilidade dos seus gastos correntes.

E neste sentido, o Consello de Contas, recoméndalle á Xunta de Galiza, que “ademais das funcións encomendadas á Consellería de Facenda e Administración Pública como órgano de tutela financeira das entidades locais polo artigo 49.1 do Estatuto de Autonomía de Galiza, asuma un papel proactivo e de impulso —sen prexuízo da garantía do principio de autonomía local— no que atinxe por exemplo, ao seguimento da situación na que se atopan as mancomunidades con dificultades para o desenvolvemento das súas finalidades estatutarias”.

Se nos adentramos na análise do financiamento local a través dos orzamentos da Comunidade Autónoma no exercicio 2023, comprobamos que “o crédito orzamentario inicial destinado a pagar as entregas a conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma ascendeu a 151.316,56 miles de euros (dos cales 112.972,80 miles de euros corresponden ao fondo base e 38.343,76 miles de euros ao fondo adicional, liquidacións de exercicios anteriores e transferencias a Santiago de Compostela pola capitalidade) e os restantes 415.450,96 miles de euros corresponderon ás transferencias ás entidades locais de Galiza derivadas da subscrición de convenios ou da concesión de subvencións.”

Mais se atendemos ás cifras dos créditos definitivos, así como as porcentaxes de execución dos diferentes programas de gastos que recollen este financiamento, podemos comprobar que das transferencias vinculadas a convenios e subvencións no exercicio 2023, e que se corresponden coas partidas que a Xunta presuntamente destina aos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concellos de forma condicionada (374.182.656,66 €), tan só se executaron 282.822.961,47, polo que a Xunta de Galiza aforrou 91.359.695,19 €, que de ningunha forma se incorporaron nas contas dos concellos nese ano, nin nos seguintes.

A diferenza do que ocorre coas partidas sobrantes do Fondo de Cooperación Local, que si se incorporan no exercicio posterior no mesmo fondo, as partidas de cartos que inicialmente se programan para destinar aos concellos a través de ordes de axudas e convenios, e que non se chegan a executar, quedaron no peto da Xunta, despois de escoitar dúcias de anuncios e de propaganda da Dirección Xeral da Administración Local sobre o aumento ano tras ano do financiamento ás entidades locais.

Esta información non é nova, pois o propio Consello de Contas, en decembro de 2024 xa anunciaba no informe sobre as medidas adoptadas para abordar o reto demográfico nos concellos de menor poboación, que “ Unha parte moi relevante do financiamento dos Concellos ven da participación en convocatorias de axudas ou sinatura de convenios de colaboración, o cal demora a concreción e realidade dos seus ingresos anuais e plurianuais ata finais do segundo semestre de cada ano, facéndose efectivo o cobro aínda meses despois. A porcentaxe de execución das transferencias a entidades locais, excluído o FCL, chega só ao 70% do total, tal e como se recolle no informe da Conta Xeral da CAG para o ano 2022 emitido recentemente polo Consello de Contas de Galiza.” E afirmando que “debemos concluír que este indicador sería de risco moi elevado en todos os concellos porque unha grande parte do seu financiamento non fixo (FCL e participación directa nos ingresos do Estado) depende da «vontade» de convocar subvencións ou de concedelas directamente pola CAG.” E nese sentido, indicaba o Consello de Contas que “Debe modificarse o réxime de convocatoria e transferencia de fondos aos concellos para axilizar a entrada de financiamento anual, en particular en financiamento que na actualidade se está a conceder por concorrência non competitiva ou concesión directa, integrando os ditos importes nos libramentos que con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cargo a FCL ou de xeito autónomo se poidan realizar nos propios OXCAG. O financiamento estrutural ou «non condicionado» dos pequenos concellos debería contemplar sistemas que non esixa a participación previa en convocatorias de axudas ou subvencións que limitan a concorrência en función dos recursos persoais e materiais”.

Á vista de que a Xunta de Galiza, non modificou a tónica dominante nesta particular partitura da financiación local, e que lle serve para que o 75% dos fondos que presuntamente destina aos concellos non sexan incondicionados, e por ende, seguir aforrando cartos a costa de non executalos e entregarllos aos concellos, como no exercicio 2023, onde superaron os 90 Millóns de euros, e tendo en consideración a situación financeira reflectida neste último informe pola que están a pasar moitos concellos de Galiza.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno da Xunta de Galiza a devolverlle aos concellos galegos os 91.359.695,19 € que aforrou a conta deles no exercicio 2023?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025

Asdo.: **Óscar Insua Lema**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/04/2025 16:54:40

Óscar Insua Lema na data 11/04/2025 16:54:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández González, Cristina Fernández Davila e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ArteLixo é unha iniciativa veciñal de Redondela que procura a reflexión sobre o medio ambiente a través da intervención artística. A súa organización conta cunha dilatada traxectoria que se remonta 30 anos atrás, cando por vez primeira os veciños e veciñas se xuntaron para protestar contra o vertedoiro situado na marisma.

Hoxe, o ArteLixo xa é un festival consolidado que cada ano enche as rúas de Redondela de obras de arte e que conta cun forte vínculo e participación veciñal. É por iso que cada ano os centros educativos, ao igual que outras entidades sociais, participan activamente do festival, a través de intervencións artísticas que son tamén expostas nas rúas da localidade.

En cada edición o festival aborda algún tema ambiental, así por exemplo na anterior de 2024 o título do festival foi “A todo trapo!” e convidaba a reflexionar sobre o impacto da industria téxtil, a segunda máis contaminante. Na edición de 2025, inaugurada o pasado 4 de abril, o festival mudou o seu nome por “AltriLixo” para reflexionar sobre os graves impactos que traería a implantación desta macrocelulosa en Galiza.

Como soe ser habitual houbo unha implicación activa dos centros educativos que elaboraron distintas pezas que foron expostas. Mais desta volta recibiron unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunicación especial dende a Dirección Territorial provincial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional cuestionando a participación dos centros educativos neste festival, precisamente polo tema abordado.

A mensaxe que se traslada ás direccións dos centros educativos é ambigua e ten tintes de ameaza velada, xa que non se explicita unha consigna clara sobre a participación no festival pero se esixe que se dean explicacións en caso de ter participado no ArteLixo.

Os motivos que esgrime para exercer este veto e control segundo a Dirección Territorial é o nome que o festival adoptou este ano. A alusión a Altri e o convite á reflexión social sobre os efectos no medio ambiente, son motivo de veto para a Consellería.

Dende o BNG esiximos unha rectificación por parte da Xunta de Galiza por ameazar a liberdade pedagóxica, a liberdade de expresión e a creación de conciencia crítica ao alumnado, co único obxectivo de continuar amordazando e silenciando o rexeitamento social que provoca este proxecto que a Xunta promove.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza a rectificar pola seu control e coacción aos centros educativos de Redondela pola súa participación nesta edición do ArteLixo?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández González**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila
Brais Ruanova Vilas-Boas
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 14/04/2025 09:55:53

Cristina Fernández Davila na data 14/04/2025 09:56:25

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/04/2025 09:56:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o remate de xeito inmediato e a redacción do proxecto, trazado e construción e impacto ambiental da variante de Carballo, fase I.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Polígono de Bértoa, no Concello de Carballo, é unha das zonas de implantación empresarial con maior proxección do país, experimentando nos últimos anos un crecemento exponencial até o punto de esgotar a súa oferta de solo industrial.

Situado no concello cabeceira da comarca de Bergantiños, a cabalo da área metropolitana de A Coruña e da comarca de Soneira, Xallas e Fisterra, precisamente pola súa situación, é un enclave apetecible para a implantación de empresas de todo tipo, constituíndose coma un polo de xeración de emprego para Bergantiños e a Costa da Morte.

A intensidade do crecemento e da capacidade motriz do parque de Bértoa de crear emprego e riqueza nas dúas comarcas, está lastrada pola imposibilidade de ofrecer o solo industrial que posibilite a implantación de proxectos empresariais altamente interesantes para a zona. Mais tamén por unha eiva evidente (cada vez máis) na conectividade: a ausencia da circunvalación de Carballo.

A Circunvalación de Carballo, que na súa primeira fase conectaría o polígono de Bértoa coa zona sur da vila, facilitando a saída cara Santiago e Ordes, é unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

infraestrutura prioritaria para a comunidade de propietarios do polígono, para o concello e mesmo para a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).

Infraestrutura básica e urxente para eliminar o tráfico pesado que entra e sae do parque empresarial e atravesa diariamente o barrio do Chorís, no que se concentra a zona escolar e deportiva da vila, así como un parque infantil.

Estamos a falar, pois, dunha obra imprescindible para mellorar a competitividade económica e empresarial do tecido empresarial carballés, nomeadamente, o asentado no parque industrial de Bértoa. Mais tamén dunha obra urxente para a garantir seguridade peonil nunha zona da vila extremadamente sensible.

A ampliación do polígono e a circunvalación son actuacións que dependen exclusivamente da Xunta de Galiza, que ano tras ano as inclúe nos orzamentos autonómicos para despois non executalas.

No caso da circunvalación, se nos orzamentos da Xunta de Galiza do 2023 figuraba unha previsión de 4 millóns para o 2024, nos do 2024 establécese unha partida de unicamente 500.000 euros.

Se os trámites para a ampliar o polígono marchan con extrema lentitude (co agravante do retraso acumulado de anos), o procedemento administrativo para que a variante de Carballo, atópase en punto morto.

En decembro de 2020 resolveuse a adxudicación do contrato para a redacción do proxecto, trazado e construción e impacto ambiental da variante de Carballo, fase I, establecéndose un prazo de execución de 20 meses. Case 2 anos despois do cumprimento do prazo, ningún avance houbo no expediente, agás un engadido de arquivos asociado á execución do contrato, en decembro de 2022.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É incomprensible que unha infraestrutura vital para vertebrar o territorio, para a competitividade empresarial e xeración de emprego a nivel comarcal, así como imprescindible para garantir a seguridade peonil nun barrio especialmente sensible como o do Chorís non teña carácter prioritario para a Xunta de Galiza. Máxime, atendendo á maior presión circulatoria que vai sufrir a zona provocados polos cortes simultáneos nas pontes da Milagrosa e da Rúa Fomento polas obras que acomete Augas de Galiza.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como xustifica o goberno galego que a redacción do proxecto dunha obra prioritaria como é a variante Carballo, acumule máis de 2 anos de retraso sobre o prazo de execución previsto nos pregos?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 14/04/2025 10:58:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 14/04/2025 10:58:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a creación dunha senda peonil na estrada PO 352 entre Camposancos e A Guarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO-352 de titularidade da Xunta de Galiza entres os seus puntos quilométricos PQ1+680 e PQ6+030, esta estrada que circunvala o monte Santa Tegra, discorre por un itinerario de alto valor paisaxístico e cultural e soporta un tráfico moi intenso especialmente na época estival por ser ruta de acceso a importantes praias da localidade.

Dita estrada carece de zonas para o tránsito peonil, de beiravías e soporta unha carga elevada de tráfico rodado, nomeadamente nos meses de verán, e, en varios treitos, o seu largo apenas ten 5 metros, o que dificulta a convivencia de vehículos, peóns e ciclistas.

A construción dunha senda peonil que una a Entidade Local Menor (ELM) de Camposancos co núcleo da Guarda é unha demanda histórica da ELM a cal, o pasado ano 2020, mobilizou a preto dun millar de persoas instando á Xunta a tomar acción e poñer en marcha o proxecto que desenvolva unha senda peonil nesta estrada.

Nesta liña o goberno galego anunciou o pasado ano 2023 un acordo entre Xunta e o Concello da Guarda para levar adiante melloras nesta senda mais non se ten noticia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de avance nese sentido, nin, até o de agora, a senda da Guarda aparece reflectida no Plan de Sendas para Galiza.

Para a veciñanza de Camposancos e, por extensión, para a cidadanía da Guarda é vital que se corrixa esta demanda histórica e que o goberno galego actúe como tal e asuma as súas responsabilidades en materia de infraestruturas e de mobilidade e faga realidade esta demanda da veciñanza en diálogo cos diferentes axentes sociais (veciñanza, comunidades de montes, asociacións culturais e deportivas,...) e a ELM de Camposancos que a demandan, así como co Concello .

Porque alén de ser unha necesidade que vai na liña dunha aposta pola mobilidade e tamén, e sobre todo, unha aposta por garantir a seguridade viaria desta vía para peóns e ciclistas nomeadamente.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como e cando ten pensado o Goberno galego desenvolver a construción da senda peonil na PO352 que une Camposancos e A Guarda anunciada no ano 2023?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/04/2025 11:03:26

Paulo Ríos Santomé na data 14/04/2025 11:03:37

Luis Bará Torres na data 14/04/2025 11:03:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta da Galiza para poder executar a restauración da casa natal do profesor Ricardo Carvalho Calero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Ferrol, no barrio de Ferrol Vello, atopase a casa natal do ilustre profesor D. Ricardo Carvalho Calero, recoñecido co Día das Letras Galegas do ano 2020 e un referente da historia, da literatura e da lingua galegas.

A Xunta de Galiza mediante o Decreto 33/2011, do 10 de febreiro, ten declarado ben de interese cultural, coa categoría de conxunto histórico, o barrio de Ferrol Vello, en Ferrol, onde se sitúa o inmovible que foi a casa natal de Carvalho Calero. Así mesmo mediante a resolución do 2 de febreiro de 2022 faise público o Acordo do Consello da Xunta de Galiza do 27 de xaneiro de 2022 polo que se declara como área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) o barrio de Ferrol Vello.

A Sección Quinta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo declarou, mediante sentenza STS 763/2022 de 2 de febreiro de 2022 a nulidade do acordo do Pleno Municipal do concello de Ferrol, de data 16 de decembro de 2015, polo que se aprobou definitivamente o Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Barrio de Ferrol Vello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A raíz desta sentenza o proxecto de rehabilitación da casa natal do profesor Ricardo Carvalho Calero, que xa leva acumulado moitos anos de atraso, a pesar de concitar a unanimidade do conxunto da sociedade local e dos poderes públicos, fica, novamente, no ar ao retrotraer os usos desa parcela ao planeamento urbanístico anterior perdendo os seus usos dotacionais.

Son múltiples ás entidades que levan anos traballando por manter viva a figura e o legado de Carvalho Calero e demandando a necesidade de recuperar a súa casa natal que é desde o ano 2010 propiedade municipal, igual que as parcelas limítrofes.

Así, por exemplo, entidades como a Asociación Cultural Ferrolterra Antiga, a Sociedade Cultural Medulio, o Ateneo Ferrolán, a Asociación Veciñal de Ferrol Vello, a Fundación Artábria e o BNG presentaban publicamente, hai un ano, un manifesto no que solicitaban ao goberno municipal que contara co tecido asociativo da cidade á hora de definir os usos da casa natal de Carvalho Calero sen perder a perspectiva de que este proxecto de rehabilitación ten que ter como elemento vertebrador para o mesmo o usos de tipo culturais.

Temos que lembrar que en declaracións do Presidente da Xunta de Galiza tras o Consello de Goberno celebrado en Ferrol o 27 de xaneiro de 2022 e no que se aprobou a declaración do barrio de Ferrol Vello como Área Rexurbe, citábase entre os compromisos concretos desta declaración “a reurbanización de varias rúas para actualizar as infraestruturas; mellorar esteticamente a contorna, e a posta en valor da casa de Carvalho Calero para un novo equipamento sociocultural. “

E debemos engadir que tamén o propio pleno do Parlamento Galego na sesión celebrada o día 25 de abril do 2023 adoptou por unanimidade, e a proposta do BNG, o acordo de “Declarar Zona de Especial Necesidade de Rehabilitación a casa natal de Carvalho Calero e as parcelas necesarias para desenvolver o proxecto de recuperación co fin de destinala para os usos dotacionais que o barrio necesita.” No mesmo sentido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ven manifestándose o Concello de Ferrol, tanto no ano 2022, sendo alcalde D. Angel Mato, como en novembro do ano 2023 sendo alcalde D. José Manuel Rey Varela.

Cómpre pois desenvolver as medidas necesarias que permitan acometer este proxecto sen ter que agardar pola redacción dun novo Plan Especial para o barrio o que alongaría os prazos para o seu desenvolvemento. A comezar polo cambio de usos destas parcelas para que poidan acoller infraestruturas dotacionais tan necesarias para o barrio.

E para estes efectos, a Lei 1/2019 do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galiza, establece os supostos nos que a Xunta, a través do IGVS poderá declarar, de oficio ou por solicitude do concello, zona de especial necesidade de rehabilitación (ZER) a edificios específicos ou conxuntos deles, sendo evidente que a parcela que acolle a casa natal de Carvalho Calero e as adxacentes cumpren todos os requisitos para esta declaración.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta da Galiza non ten atendido até o de agora as resolucións adoptadas tanto polo Concello de Ferrol como polo Parlamento Galego para declarar Zona de especial necesidade de rehabilitación a casa natal do profesor Ricardo Carvalho Calero?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/04/2025 13:20:33

José Manuel Golpe Acuña na data 14/04/2025 13:20:44

Alexandra Fernández Gómez na data 14/04/2025 13:20:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a Variante de Alba no concello de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A chamada “Variante de Alba” é un vial novo previsto en diferentes planificacións das infraestruturas da área de Pontevedra que leva 20 anos pendente. Trátase dunha vía estratéxica para as comunicacións da zona norte do concello de Pontevedra, xa que comunicaría a estrada de Vilagarcía coa estrada de Santiago, e polo tanto permitiría desviar da zona urbana o tráfico pesado e de paso.

No ano 2010 esta infraestrutura duns 800 metros de lonxitude foi incluída no Plan Move, aínda que nunca chegou a executarse. Aínda que o concello fixo diferentes propostas en canto á tipoloxía do vial e o trazado, a Xunta sempre puxo excusas para asumir a súa construción e financiamento. No ano 2021 os técnicos municipais formularon unha proposta de vial e de trazado que foi rexeitada pola Xunta, s

O pasado ano o presidente da Xunta comprometeuse co Alcalde de Pontevedra a estudar o proxecto e incluílo nun plan máis amplo en relación coas infraestruturas viarias de titularidade autonómica. O alcalde de Pontevedra solicitoulle unha entrevista á nova conselleira de Infraestruturas para impulsar esta e outras actuacións do seu departamento que están pendentes.

Recentemente, oito asociacións da zona norte do concello de Pontevedra dirixíronse ao alcalde de Pontevedra para demandarlle a construción desta infraestrutura





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que consideran vital polos seus efectos positivos na mobilidade e conectividade motorizada das parroquias do rural pontevedrés, a conexión entre a zona costeira e a do interior, coa autoestrada AP 9 e con importantes equipamentos como os centros educativos de Campañó e Lérez, o centro de saúde de Lérez, o hospital de Montecelo, o campus Universitario-zona escolar e deportiva da Xunqueira, a UNED ou o parque empresarial do Campiño. Ademais, por tratarse dunha infraestrutura de mobilidade peonil, facilitaría moito as comunicacións a pé entre as parroquias de Campañó e Lérez.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Ten previsto o goberno galego impulsar a construción da Variante de Alba no concello de Pontevedra, en colaboración co concello e tomando como base o proxecto elaborado polos técnicos municipais no ano 2021?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 14/04/2025 13:39:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 14/04/2025 13:39:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao incumprimento das actuacións incluídas no Plan Move.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno da Xunta aprobou no ano 2010 o coñecido como Plan Move (Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015), no que se previa unha programación estratéxica de investimentos e actuación na rede viaria.

Este plan previa diferentes tipos de actuación: en vías de alta capacidade, en vías estruturantes, en vías complementarias, en ámbito urbano, de seguridade viaria... Tamén incluía previsión de investimentos de cada unha das actuacións así como o calendario de execución das mesmas.

Transcorridos 14 anos desde a aprobación do Plan, unha boa parte das actuación previstas non están executadas e outras están en fase de proxecto ou en execución. Cómpre ter en conta que a maior parte das actuacións deberían estar rematadas no ano 2015.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o incumprimento das previsións do Plan Move?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 14/04/2025 13:48:01

Paulo Ríos Santomé na data 14/04/2025 13:48:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o polígono agroforestal de San Miguel de Valga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nunha estratexia claramente propagandística e distorsionada, o goberno da Xunta do PP lanzou a proposta dos polígonos agroforestais e aldeasa modelo como unha suposta solución para a recuperación e mobilización da terra agraria. Facíao mentres como consecuencia das políticas desenvolvidas polo propio goberno da Xunta se incrementaba o abandono e a redución da superficie agraria útil. O mesmo PP que demonizou o Banco de Terras pretende facerse pasar polo que vai combater a despoboación e o abandono que sofren importantes zonas do rural e do interior do país.

Estas medidas parciais e de autobombo anunciábanse mentres se paralizaban e se adiaban instrumentos estruturais previstos na lei do solo e nas directrices de ordenación do territorio como o mapa e o catálogo de solos.

Segundo a normativa que os regula, “Os polígonos agroforestais poden ser de iniciativa pública ou de iniciativa privada e en ámbolos dous casos deberá contarse co acordo dos propietarios de máis do 70% da superficie do polígono. Deberá existir un estado de abandono ou infrautilización nun mínimo do 50 % da superficie do polígono, agás que os propietarios de máis do 70% da superficie se comprometan desde o inicio a manter ou pór en produción as terras”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a información disponible na web de AGADER, hai actualmente 34 polígonos agroforestais en tramitación, todos de iniciativa pública, que afectan a 9.532 hectáreas. Os máis avanzados son os de Cualedro e Oímbra, con 64 e 21,76 hectáreas, iniciados en novembro do ano 2021 e que están na fase de “procedemento de concorrencia”.

A maior parte dos polígonos están en fases iniciais, en “acordo de inicio” ou en “actuacións previas”. Un dos que está na fase de “acordo de inicio” é o Polígono Agroforestal de San Miguel de Valga con data de acordo de inicio do 20.7.2023 (DOG do 10 de agosto de 2023) que ten unha superficie de 29,57 ha divididas en 377 parcelas. No mes de outubro de 2023 publicouse a declaración de utilidade pública e interese social, por medio do Decreto 132/2023 do 14 de setembro (DOG do 3 de outubro de 2023).

A tramitación deste proxecto fíxose con total ocultación e falta de transparencia, xa que a primeira noticia que tivo a veciñanza foi nun acto informativo que tivo lugar o 10 de novembro de 2023, meses despois de publicarse o acordo de inicio.

Na veciñanza da zona existe unha grande inquedanza con respecto a esta proposta como se puxo de manifesto no grande número de escritos presentados no rexistro da Xunta nos que advirten das consecuencias negativas que pode ter para a saúde e o medio ambiente a transformación do uso dos terreos obxecto do pretendido polígono. Neses escritos tamén manifestan o seu rexeitamento do proxecto e a intención de non unirse de xeito voluntario.

Transcorridos case dous anos do acordo de inicio e sen que se coñeza máis información ao respecto, o grupo parlamentario do BNG presenta as seguintes preguntas

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta proseguir coa tramitación do polígono agroforestal de San Miguel (Valga) logo de que unha boa parte da veciñanza da zona e titulares dos terreos afectados manifestase a súa oposición ao proxecto?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 14/04/2025 16:53:07

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/04/2025 16:53:15

Luis Bará Torres na data 14/04/2025 16:55:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a mazá da Estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector primario galego sofre un grave declive en todos os seus eidos produtivos. O que en Galiza foi un pilar chave da nosa economía na historia recente converteuse, nos derradeiros anos, nunha actividade complementaria a outras para aqueles que a levan a cabo, ou nunha actividade que de ser a única que ten unha rendibilidade cada vez menor. Esta mingua ven derivada do noso déficit de industrialización, das escasas aplicacións de melloras en canto a tecnoloxía e do desleixo a carón dos estudos realizados sobre os distintos sectores, cunha falla evidente de investimento e continuidade nestes, sen esquecer a escaseza de relevo xeracional e man de obra, que nos acaecen con especial gravidade e son o resultado de políticas de mantemento básico da Consellería de Medio Rural, sen obxectivo claro de mellora en ningún dos ámbitos que a ocupa.

O primeiro factor de difícil explicación no caso das producións galegas é diferenza entre a calidade do produto ofrecido e os prezos que se reciben por este en orixe, de xeito que unha materia prima de calidade óptima non deixa absolutamente ningún valor engadido nas áreas produtivas, marchando fóra do noso territorio para deixar beneficio no seu procesamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto ocorre no caso da produción de mazá na zona da Estrada, aínda que non é a única do país na produción desta froita, onde tamén son importantes zonas de Cedeira, Ortigueira, San Sadurniño, Chantada, etc. No caso da comarca do Deza, Tabeirós e Terra de Montes, a existencia desta produción e presenza de pomares débese a un grande número de produtores de pequeno e mediano tamaño que xeraron arredor do concello da Estrada unha dinámica de produción e comercialización desta froita, coa aparición de actores que fomentaron o aumento de produción por necesidades de mercado.

Esta demanda do mercado, por importante que semelle, non mellora os prezos que perciben os propietarios/as dos pomares, sexa cal sexa a cantidade de mazá recollida. A venda galega a 33 céntimos o kg contrasta ao comparala cos 44 céntimos que perciben en Asturias (CCAA que merca o noso produto para o uso na elaboración de sidra) ou os 55 céntimos cos que se xoga no País Vasco. En Galiza temos a produción de mazá para sidra máis grande do estado español ao sumar todas as zonas dedicadas a este cultivo do país, amosándose claramente nos datos da campaña de 23/24, onde en toneladas temos 61.112, máis do dobre que no caso de Asturias e case 6 veces máis que en Euskadi. Aumentamos un 8,4% a produción con respecto á anualidade previa, importando na totalidade do estado menos mazá que na tempada anterior, sumando a de mesa e a destinada á produción de sidra.

No caso da Estrada hai un detalle engadido de elevada importancia e é o carácter ecolóxico desta produción froiteira, sendo a de maior relevancia no conxunto da UE, cunha cantidade de 1,5 millóns de kg de mazás anuais, cantidade que se atopa en perigo e con dificultade de ser conservada xa que o 40% das árbores están a chegar ao seu límite produtivo pola idade, cunha caída no rendemento alta e que urxe de proxectos de rexeneración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade a estimación de custos de produción sobre a que se toman referencias trátase dun estudo de 2019, momento dende o cal os sectores produtivos sufriron fondas transformacións derivadas de factores estruturais e sociais que requiren dunha actualización urxente dos datos. Malia iso, nese documento indícase que para producir un quilo de mazás destinadas a elaboración de sidra se invisten 41 céntimos, que choca cos prezos recibidos por os agricultores, que precisan alomenos 15 hectáreas para que unha rendibilidade aceptable, superficie plantada da que carecen a grande maioría deles. Deste xeito queda claro que na actualidade este tipo de plantacións para esa fin teñen un escaso retorno económico, o que ocasiona graves problemas nos produtores e unha situación de incerteza constante no que se refire á viabilidade das plantacións, que non só teñen a importancia da produción e xeración de riqueza económica, se non que a maiores gardan en si mesmas unha riqueza paisaxística propia destas zonas do territorio e unha conservación e protección deste pola que debemos pular.

Precísase dunha análise ampla do sector, onde se poñan enriba da mesa as principais eivas do mesmo, coas debilidades tanto estruturais coma sociais e económicas deste, para así poder valorar posibles solucións sobre o terreo e que a produción de mazá non se perda no país e por ende, na Estrada, onde ten grande protagonismo na actualidade.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Prevé a Consellería de Medio Rural levar a cabo as medidas necesarias para que a produción de mazás da Estrada sexan rendibles e as plantacións se conserven con apoio en canto a financiamento e actuando como mediadores entre produción e industria para pactar prezos xustos en orixe?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Montserrat Valcárcel Armesto

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 15/04/2025 11:11:10

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/04/2025 11:11:19

Secundino Fernández Fernández na data 15/04/2025 11:11:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre **SENTURY TIRE SPAIN S.L.U.** nas Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo estudo sobre do “Impacto Socioecómico nas Pontes da Descarbonización Enerxética”, elaborado para o Concello das Pontes por un equipo de investigación da Universidade da Coruña en marzo de 2021, “en ausencia de políticas de compensación e/ou recuperación”, o impacto do peche da central Térmica “en termos de emprego, significa a perda de 1.178 postos de traballo no concello ocupados por residentes”, cifra que elevaba aos 1.477 de contemplar o resto de concellos da zona de influencia. Sinalaba tamén que, baixo as mesmas circunstancias, “un 32,65% da poboación activa residente conservaría o seu emprego na localidade, un 34,06% pasaría a atoparse sen emprego, e o restante 33,29% de activos residentes estaría traballando fóra da localidade”, cun desemprego rexistrado local que “aumentaría nun 284,54%.”

Dende o comezo da chamada transición xusta, As Pontes presenta unha perda de afiliación á Seguridade Social dun 14%, con só un 3% de persoas de menos de 25 anos que cotizan, cunha baixada do 33% nas sociedades anónimas empresariais, namentres que a diminución no padrón de habitantes é dun 3,5%, baixando dos 10.000, cunha porcentaxe de persoas con 65 anos ou máis do 28%, moi superior ao valor estatal, e tamén ao de Galiza e da provincia da Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O 6 de outubro de 2022, o Consello da Xunta adoptou o acordo de declaración do proxecto da fábrica de pneumáticos Sentury no concello das Pontes como Proxecto Industrial Estratéxico, PIE, o primeiro en ser declarado tal, cun investimento superior aos 0,5 millóns de euros e cunha xeración de 750 empregos directos, nunha primeira fase, para producir e exportar aos USA.

Xa en setembro de 2021, nunha reunión da promotora co Concello e axentes sociais, situaba no inicio do 2022 o comezo das obras de preparación do terreo e a mediados do mesmo ano as obras da fábrica, co mes de xuño para formar persoal, primeiro na fábrica de Tailandia e despois nas Pontes, co 2024 para estar a pleno funcionamento. Na mesma xuntanza, a representante da empresa afirmou non precisar axudas públicas, sen renunciar a elas, non preocuparlle a subministración eléctrica, e fixou nos tempos o elemento chave máis importante, por razón de posíbeis competencias na área xeográfica.

No 2023, con prazos xa incumpridos, a Xunta e o Concello das Pontes anunciaban o inicio das obras da fábrica para despois do verán (e das eleccións municipais), o Alcalde afirmaba que o proxecto faría das Pontes un “motor industrial e un enclave industrial estratéxico para Galiza”, e asinaba un acordo co presidente do grupo empresarial promotor para dar preferencia na formación e na contratación ao persoal das Auxiliares e dos transportistas do carbón; mentres, o día anterior, nunha reunión co mesmo cargo para “avalíar o avance na tramitación da iniciativa”, o Presidente da Xunta, que coordina os PIEs, poñía en valor “o compromiso con Galiza demostrado por Sentury”.

Xa en maio de 2024, ano no que debería entrar en funcionamento a fábrica, segundo a promotora e as administracións públicas, e sen ter iniciado as obras, o BNG demandaba no Parlamento explicacións á Conselleira de Economía e Industria, que afirmaba non ter “noticia oficial” do desestímulo do proxecto e rexeitando a fuga de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sentury, ademais de cualificar o traballo da Xunta como “de libro”, nomeadamente pola resolución favorábel da DIA “en cinco meses”.

Hoxe, xa no 2025, a incerteza semella transformarse en ausencia de credibilidade, acrecentada polos silencios da Xunta e do Concello, as mesmas administracións que tiveron presa por apuntarse o proxecto e vendelo. O certo é que a fábrica está en marcha, producindo dende setembro de 2024, e agardando por unha ampliación, pero non nas Pontes, en Marrocos, onde segundo a Conselleira teñen unhas “garantías inferiores” para a aprobación dos proxectos ás que rexen en Europa.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o estado de tramitación, os próximos trámites, os aspectos críticos actuais, e o seu cronograma previsto do proxecto da fábrica de pneumáticos radiais de alto rendemento de SENTURY TIRE SPAIN S.L.U.?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Ramón Fernández Alfonso

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 15/04/2025 12:44:35

Ramón Fernández Alfonso na data 15/04/2025 12:44:45

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/04/2025 12:44:54





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:09:15
Nº Rexistro: 24219
Data envío: 16/04/2025 11:09:15.295

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 322A. Fomento da empregabilidade ten unha execución do 46,6 % no ano 2024.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración realiza o Goberno galego da baixa execución en materia de políticas activas de emprego, en concreto no fomento da empregabilidade durante os últimos 10 anos?

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 10:49:10

Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2025 10:49:22

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2025 10:49:33

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80774

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:10:33
Nº Rexistro: 24224
Data envío: 16/04/2025 11:10:33.122

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 323A. Formación profesional para desempregados ten unha execución do 47,9 % no ano 2024.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración realiza o Goberno galego da baixa execución en materia de políticas activas de emprego, en concreto do programa 323A de formación profesional para desempregados durante os últimos 10 anos?

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 10:59:07

Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2025 10:59:18

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2025 10:59:29

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80775

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:11:57
Nº Rexistro: 24229
Data envío: 16/04/2025 11:11:57,528

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 323B. Formación profesional para ocupados ten unha execución do 41,5 % no ano 2024.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración realiza o Goberno galego da baixa execución en materia de políticas activas de emprego, en concreto do programa 323B de formación profesional para ocupados durante os últimos 10 anos?

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 11:06:06

Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2025 11:06:17

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2025 11:06:28

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80776

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Cada vez que se produce unha vaga de incendios o Partido Popular e o Goberno galego volven a incidir no de sempre en criminalizar á cidadanía falando dos moitos pirómanos e incendiarios que ao seu entender proliferan libremente polos montes de Galicia.

A propia conselleira do Medio Rural afirmaba ante os primeiros lumes da tempada 2024 de forma literal “son probablemente intencionados e van no ADN de Galicia”, igual que fixeron tantas veces cando as cousas se volvían en contra apelando a un suposto terrorismo incendiario, argumento que foi desmontado dun xeito contundente e repetidas veces pola fiscalía de Galicia.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema de orde pública, aínda que ben sabemos que é preciso manter os esforzos neste eido e na persecución do delito. O problema dos incendios en Galicia é o abandono absoluto no que está o territorio, deste mundo rural desmantelado que o Partido Popular e o Goberno galego decidiron esquecer e seguen a facelo logo de gobernar a Xunta de Galicia durante a maior parte da súa existencia.

Considera este grupo parlamentario que é necesario consolidar e mellorar a eficacia do dispositivo contra incendios forestais. Temos que darlle apoio material, pero en tal caso debería atender o Goberno galego as achegas que se fixeron no ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios





forestais e do Plan forestal de Galicia, a resultas da vaga de lumes que se sufriu en Galicia en outubro do 2017.

E por esa mesma razón a Xunta de Galicia debería atender as conclusións e recomendacións que con motivo do anterior ditame fixo o grupo de expertos en incendios forestais, e que recolleron nun documento que foi entregado no Parlamento no verán de 2019.

É obvio que moitas das melloras que propoñían aínda non foron implementadas nin asumidas polo Goberno galego, creouse unha dirección xeral pero no que non se tratou dun reparto axeitado dos medios de loita existentes na comunidade autónoma conforme á situación actual.

No documento xeral elaborado polo grupo de traballo presentáronse varias táboas sobre a distribución ideal das brigadas, tanto en canto ao seu número como ao seu despregue territorial e temporal. Nas táboas presentadas evidénciase claramente unha forte distorsión ou descompensación no reparto actual das brigadas respecto do modelo proposto, uns desaxustes que debería ter en conta a Consellería do Medio Rural á hora de definir e distribuír o operativo.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Por que a Consellería do Medio Rural non procedeu ao reparto de medios de loita existentes na comunidade autónoma, os reforzos necesarios e a súa distribución territorial, axustándose verdadeiramente á incidencia dos lumes por comarcas e distritos, tal como indicaba o comité de expertos?

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 12:17:12
Nº Rexistro: 24238
Data envío: 16/04/2025 12:17:12.315

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 12:13:51

Lara Méndez López na data 16/04/2025 12:14:03

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80779

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Óscar Insua Lema e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a adoptar pola Xunta de Galiza na estrada AC-440, na entrada de Muxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende sempre, e non hai máis que ver as ortofotos da metade do século pasado, na entrada do concello de Muxía, onde se sitúa a praia da Cruz, o vento do nordés despraza as dunas da mesma e deposita a area na estrada AC-440, dificultando a circulación do tráfico na vía de acceso principal no pobo de Muxía, xa que a duna na estrada chega a acadar o metro de altura nalgún tramo, como está ocorrendo estes días.

Esta circunstancia non é temporal, pois o vento nesta zona, sopra durante todo o ano, e o problema persiste, sen que a día de hoxe a Xunta de Galiza, titular da estrada e con competencias en ordenación e xestión integrada do litoral de Galiza, adopte unha solución para resolver esta situación, sen esperar a ter que volver á sinalización con conos de forma puntual, e canalizando o tráfico de vehículos por un só carril, na principal vía de acceso á vila de Muxía.

Esta situación, que se repite nalgún outro lugar na Costa da Morte, debe ser resolto con algunha medida, que implique ou ben modificar o trazado da estrada, ou ben impedir con algunha acción sobre o terreo que a area se deposite na estrada. Onte a area foi retirada para permitir a circulación normal do tráfico, pero o vento segue soplando e o problema, lonxe de solucionarse, aparecerá de novo, polo que deben comezar a estudar por parte da Xunta de Galiza, de forma urxente, actuacións para dar unha solución definitiva a esta problemática.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten a Xunta de Galiza previsto realizar algunha actuación, neste ano 2024, para dar solución ao problema da ocupación da estrada AC-440 pola duna da praia da Cruz en Muxía?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

Asdo.: **Óscar Insua Lema**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 16/04/2025 12:15:38

Luis Bará Torres na data 16/04/2025 12:16:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Sonia Vidal Lamas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a continuación da autoestrada AG-31 ate a fronteira portuguesa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hai uns meses a Comunidade Intermunicipal do Alto Miño, que abrangue a dez cámaras portuguesas, Arcos de Valdevez, Melgaço e Ponte de Barca inclusive, acordou a contratación da redacción dun proxecto para a mellora da estrada IC-28 ate a fronteira con Galiza e que supón a constatación do compromiso do goberno de Portugal na mellora da conectividade coa Galiza interior. Conectividade esencial, non só para a vertebración do suroeste da provincia de Ourense, senón para o desenvolvemento económico e social de todo interior de Galiza.

A mellora da conexión viaria existente consta como prioritaria no Plan de Investimentos Conxunto da Eurorrexión Norte de Portugal -Galiza (2021-2027), tendo recoñecido o carácter estratéxico e estruturante representantes sociais, económicos e institucionais de ambas nacións, malia o que non consta que a Xunta de Galiza impulsase actuación algunha para avanzar na conclusión do proxecto de unión entre a autovía A-52 coa fronteira portuguesa, esencial para a vertebración da Galiza interior e para o desenvolvemento económico e social da eurorrexión.

A Memoria de Tráfico da Rede Autonómica de Estradas de Galiza relativa ao ano 2023 acredita non só a recuperación do tránsito de vehículos anterior á pandemia,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

senón un notable incremento dos mesmos, nomeadamente no treito entre Rante e A Mezquita. O tránsito de vehículos é notablemente superior nos días laborábeis o que permite deducir destes datos unha eventual relación entre os tránsitos e a actividade comercial e/ou económica. Valoración que se corresponde coa reclamación, practicamente unánime, de todos os colectivos e asociacións de empresarios e comerciantes de Ourense e da súa zona de influencia.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza a recuperación do proxecto de continuación da AG-31 ate a fronteira portuguesa?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Sonia Vidal Lamas

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/04/2025 12:29:49

Sonia Vidal Lamas na data 16/04/2025 12:30:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 16/04/2025 12:30:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar para mellorar o servizo de transporte público por estrada a demanda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galega e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

Alén desta cuestión, o transporte público e unha mobilidade moderna, áxil e útil para o pobo galego debe ser vista coma un dereito e como un elemento vertebrador e democratizador da nosa sociedade.

É por iso que debemos afrontar o grande reto de situar a Galiza no Século XXI en materia de mobilidade, coa intermodalidade e a mobilidade alternativa como bandeira. Sobre a cuestión da intermodalidade é preciso pasar dunha intermodalidade física a unha real e actuante, sendo quen de conectar os nosos núcleos de poboación máis pequenos coas vilas medias de referencia e coas cidades.

Combinar as diferentes modalidades de transporte e poñer en marcha servizos complementarios de mobilidade é central na procura dun novo modelo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

intermodalidade en Galiza, atendendo a criterios de carácter social e de servizo público por enriba dos criterios economicistas.

Aquí xoga, ou debera xogar, un papel moi importante a transporte baixo demanda, que é o servizo que posibilita a conexión dos pequenos núcleos de poboación, especialmente no rural, con outros núcleos de poboación referenciais e coas cidades, establecendo diferentes polos de mobilidade que permitan a conexión e interconexión das diferentes modalidades de transporte.

Hoxe, o deseño, a ordenación e o uso deste servizo non cumpre cos obxectivos e finalidades antes expostas, tal e como constata o aspecto cuantitativo que as diferentes memorias e documentos mostran.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para mellorar servizo de transporte por estrada baixo demanda para dar resposta ás necesidades de mobilidade no territorio nacional galego?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 16/04/2025 12:39:32

Luis Bará Torres na data 16/04/2025 12:39:43





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Consellería do Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para desenvolvemento de labores preventivos, de vixilancia e defensa contra incendios forestais. Os labores preventivos son financiados por fondos europeos mentres os labores de vixilancia e defensa contra incendios son financiados pola Xunta de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou de forma reiterada que non comparte este modelo de defensa contra o lume, un modelo que non se axusta á realidade existente no territorio galego, nin á virulencia dos incendios actuais. Galicia necesita dun modelo axustado á realidade, dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da consellaría con competencias na materia e orzamento para iso.

Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, engadindo dificultades á xa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos e agora agravadas, cunha carga financeira cada vez maior.

Estes convenios adoecen de deficiencias e ano tras ano son menos os concellos que as constitúen pola dificultade de atopar persoal para formalas e polas características do propio convenio ofertado polo Goberno galego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 12:58:04
Nº Rexistro: 24251
Data envío: 16/04/2025 12:58:04.400

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego da diminución que se está a producir na contratación de brigadas de incendios por parte dos concellos?

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 12:54:13

Lara Méndez López na data 16/04/2025 12:54:26

CSV: BOPGDSPG-577q94t2Z-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80789

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Valcárcel Armesto, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a mellora dos servizos de ferrocarril entre as cidades de Lugo e Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Estas son algunhas das potencialidades dun bo servizo público de transporte, mais para que estas potencialidades poidan ser explotadas, é fundamental que as políticas públicas de mobilidade se deseñen en consonancia a estas potencialidades.

Atender a cuestións tan importantes como a intermodalidade, é central para conseguir facer que o uso deste servizo sexa útil e atractivo para a poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E é que o reto da intermodalidade é a chave para a mobilidade do futuro, onde as distintas modalidades de transporte deben ser complementarias e estar conectadas e interconectadas.

O ferrocarril xoga un papel central nesta cuestión, polo que un bo funcionamento desta modalidade de transporte é central para unha mobilidade de calidade.

Na última década observamos unha clara intencionalidade dos diferentes gobernos do estado en deixar baixo mínimos os servizos de transporte por ferrocarril en Galiza, coa eliminación de horarios e itinerarios, a desaparición do tren en moitas comarcas do país ao que se ven a sumar o déficit histórico en materia de financiamento en infraestruturas e servizos ferroviarios.

Os principais indicadores avalan o uso do ferrocarril en Galiza, sendo o eixo atlántico unha das rutas de media distancia con máis viaxeiros no estado español.

Coa chegada da COVID e das súas consecuencias, implementáronse diferentes bonificacións que fixeron máis accesible a mobilidade en ferrocarril mais é incomprensible como Galiza sigue e padecer a non restitución de horarios e itinerarios e mesmo a ampliación dos servizos para superar os que xa foron eliminados.

Hoxe, aínda que con melloras mornas, o servizo de ferrocarril entre as cidades de Lugo e Ourense é precaria, con tempos de traxecto e frecuencias que fai que viaxar entre estas dúas cidades sexa unha auténtica odisea. Se engadimos a isto o funcionamento precario do servizo de transporte por estrada entre estas dúas cidades, e que son as provincias de Lugo e Ourense os territorios onde máis preciso e acometer melloras nos diferentes servizos de transporte público, debemos tratar esta cuestión como prioritaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para demandar a mellora dos servizos ferroviarios entre as cidades de Lugo e Ourense?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Montserrat Valcárcel Armesto
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 16/04/2025 13:34:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/04/2025 13:35:52

Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/04/2025 13:36:25

Noa Presas Bergantiños na data 16/04/2025 13:36:43

Olalla Rodil Fernández na data 16/04/2025 13:36:58





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 10:28:27
Nº Rexistro: 24183
Data envío: 15/04/2025 10:28:27.349

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, solicita a esa Mesa a seguinte corrección de erros nos documentos con número de rexistro **22705, 22706, 22707 e 22708**, advertido un erro en ditos documentos.

Corrección de erros:

No quinto parágrafo da exposición de motivos, onde di:

“...impulsado por Recursos de Galicia...”; debe dicir:

“...impulsado por Recursos Minerais de Galicia...”.

Santiago de Compostela, a 15 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/04/2025 10:27:33

Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/04/2025 10:27:41

Lara Méndez López na data 15/04/2025 10:27:50





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 10:28:27
Nº Rexistro: 24183
Data envío: 15/04/2025 10:28:27.349

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, solicita a esa Mesa a seguinte corrección de erros nos documentos con número de rexistro **22705, 22706, 22707 e 22708**, advertido un erro en ditos documentos.

Corrección de erros:

No quinto parágrafo da exposición de motivos, onde di:

“...impulsado por Recursos de Galicia...”; debe dicir:

“...impulsado por Recursos Minerais de Galicia...”.

Santiago de Compostela, a 15 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/04/2025 10:27:33

Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/04/2025 10:27:41

Lara Méndez López na data 15/04/2025 10:27:50



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

